XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

PTU-AC-PO-08/042
SILLEDA (PONTEVEDRA)
PXOM
Notif. IPAI
Páx. 1 de 1

RENSE, PO MERCAL DE XUNTA DE GALICIA - SIG
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS, ORDENACIÓN
PÚBLICAS E VIVENDA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
30 XULL. 2012
NÚMERO
23322 SAÍDA

Sra. Alcaldesa do Concello de Silleda
(Pontevedra)

Achégolle informe previo á aprobación inicial –artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia-, relativo ao **Plan Xeral de Ordenación Municipal**, emitido o 30 de xullo de 2012, pola secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Orde do 9 de xullo de 2009 (DOG 16/07/2009), modificada polo Orde do 15 de marzo de 2012 (DOG nº 58, do 23 de marzo de 2012).

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2012

A secretaria xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Mª Encarnación Rivas Díaz

Firmado digitalmente por: GARCIA SUAREZ DEBORAH - 44827894C
Motivo: Documento dilixenciado segundo Orde de 23/12/2022 para Aprobación Definitiva
PXOM Silleda
Fecha y hora: 28.03.2023 12:42:54

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

PTU-PO-08/042
SILLEDA-PONTEVEDRA
2º IPAI PXOM
- 1 -

INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DO SILLEDA, (PONTEVEDRA).

O Concello de Silleda remite o Plan xeral de ordenación municipal solicitando novo informe previo á aprobación inicial, conforme ao disposto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. ANTECEDENTES.

O Concello de Silleda dispón dun Plan Xeral de ordenación Urbana aprobado definitivamente o 04/06/81. En data 24 de xuño de 2009, esta Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu un primeiro informe previo. Ao non obter a aprobación inicial municipal, a entrada en vigor da Lei 2/2010, esixe da adaptación do PXOM á mesma.

Con data 21/01/11, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emite o Documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica, que substitúe ao emitido o 13/07/09.

Consta a afección dos seguintes proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal:

- Parque eólico Masgalán – Campo do Coco (AD 22/11/01).
- Parque eólico Couto de San Sebastián (AD 11/10/07).
- Aproveitamento hidroeléctrico do río Deza (AD 28/07/05).

II. INFORME.

Logo de analizar a documentación que integra o PXOM do Concello de Silleda, redactado pola consultora "EPTISA, S.A.", con data Febreiro de 2012, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

1. MODELO TERRITORIAL E A ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA.

En relación ao cumprimento dos artigos 4.e) e 52 da LOUG e da determinación 3.1 das Directrices de ordenación do territorio, e segundo o INE, o Concello de Silleda, contaba con 9.175 habitantes no ano 2001 e 9.199 no 2011, cunha clara dinámica de concentración da poboación nos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira e un progresivo despoboamento dos asentamentos rurais.

Ás 6.035 vivendas existentes, engádense 5.728 propostas para o horizonte temporal do ano 2026. A proxección de poboación cifra en 10.018 os habitantes nesa data, resultando un ratio de 1.17 vivendas/habitante que supera a estimación que se pode considerar razoable, non xustificándose a cantidade de reserva de solo urbanizable delimitado de tódolos sectores.

Tal como establece a determinación 3.1.4 das DOT, no parque actual de vivendas deberase analizar estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso, e valorar as medidas que haxa que adoptar de substitución, melloro e rehabilitación das edificacións existentes.

Segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o PXOM recollerá os proxectos sectoriais aprobados, incluíndo no seu caso, a clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas e cualificación como sistema xeral de infraestruturas dos terreos sinalados nos mesmos así como as determinacións correspondentes na normativa urbanística.

Deberá achegarse xustificación, sobre a suficiencia das infraestruturas de abastecemento, saneamento, e xestión da auga para os novos desenvolvementos urbanísticos de consonte aos criterios recollidos na determinación 4.8 das DOT e nas consultas do Documento de Referencia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

PTU-PO-08/042
SILLEDA-PONTEVEDRA
2ª IPAI PXOM

Ao abeiro do art. 12 e o anexo I, do Decreto 402/1996, do 31 de decembro, polo que se regula o aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, debe examinarse a posible afección do perímetro de protección do Balneario de Baños de Brea no concello de Vila de Cruces e incluír a súa delimitación, establecendo as determinacións que correspondan na normativa urbanística.

Non se xustifica o cumprimento do previsto no art. 27 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia.

A elección dos emprazamentos para reservas de novas zonas verdes no núcleo urbano debe axustarse aos criterios de localización establecidos no art. 47.3 da LOUG, de xeito que non se localicen en zonas residuais ou marxinais: o sistema xeral de nova creación 16-SN-P1, está situado nunha zona de forte pendente, o que impide na práctica a súa utilización. (junto cole Bandeira)

O equipamento 30-SN-D2 e o sistema xeral 30-SN-P2 figuran incluídos na área de reparto AR-3 e no SUD-R3, e a expropiar polo concello no cadro da estratexia de actuación o que resulta contraditorio. Na ficha deste este último sector figura como incluído o sistema 30-SN-P4 que está fóra do ámbito, cuestión a corrixir tamén no cadro da estratexia.

Non se localiza no plano o sistema xeral 30-SE-P2.

2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO.

2.1. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO URBANO.

1. Atendendo aos planos de información non se acredita que en Silleda os terreos de ordenanza O-4 ao sur da rúa Alfonso Paz e leste da rúa Entre Mesóns, fóra da delimitación vixente de solo urbano, con servizos incompletos e sen consolidación, reúnan os requisitos para a súa clasificación como solo urbano, de acordo co disposto no art.11 da LOUG.

2. De conformidade cos art. 128.2 da LOUG e art. 12.2.b e 14.2 do RDL 2/2008, da documentación do PXOM non pode deducirse que estea rematada a urbanización do ámbito do plan parcial Parque Empresarial Área 33. De feito, a delimitación proposta exclúe parte de viario e equipamento pendente de executar, na marxe sur, ao tempo que semella estar incompleta a urbanización das zonas verdes, polo que deberá delimitarse este ámbito como solo urbanizable e estarse ao disposto no apartado d) da disposición transitoria primeira da LOUG. Algunhas das reservas dotacionais que figuran no Plan parcial, non se recollen como tal na proposta do PXOM o que deberá aclararse.

3. Segundo os planos de información, existen zonas no solo urbano que non contan con tódolos servizos urbanísticos, sendo necesario completar as actuacións de urbanización, polo que deben preverse as actuacións illadas necesarias para completar os servizos ou de acordo co artigo 12.b) da LOUG, deben ser clasificados como solo urbano non consolidado os terreos:
   - Ao oeste do núcleo de Silleda terreos na beira sur da estrada N-525,de ordenanza O-4 e O-5 vacantes de edificación e fóra da trama. (Foxo)
   - Terreos de ordenanza O-4 ao sur do sector SUD-R3 non lindeiros coa avenida do Parque.
   - No núcleo de Silleda, terreos lindeiros polo sur co SUR-R-1 de ordenanza O-2.
   - En A Bandeira, terreos nas beiras da rúa do Deporte, e ao norte da devandita rúa solos destinados a aparcadoiros.
   - En A Bandeira, terreos con fronte á calexa do Cego.

4. Existen áreas nas que se prevé a apertura de novos viarios ou transformar en rúas os camiños existentes, ou se delimitan terreos que non teñen a condición de soar, nin a poden acadar con obras de escasa entidade realizables simultaneamente coa edificación, polo que de acordo co artigo 12.b) da LOUG, deben ser clasificados como solo urbano non consolidado:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

PTU-PO-08/042
SILLEDA-PONTEVEDRA
2ª IPAI PXOM

   - En Silleda, parcelas lindeiras ao leste co ámbito D1-AR-4 con acceso dende este.
   - Entronque da D1-AR-1 coa rúa Outeiro e a avd Recinto Ferial.
   - En Silleda terreos de ordenanza O-4 e O-3 na beira sur da rúa Estación.
   - Terreos situados nas beiras da calexa Agro do Valo no núcleo de A Bandeira.

5. De conformidade co art. 12.b) da LOUG, deben clasificarse como solo urbano non consolidado as áreas de recente urbanización xurdida ao marxe do planeamento, como os terreos de ordenanzas O-2 e O-4 ao norte da rúa Alfonso Paz, arredor da rúa Entre Mesóns, de nova apertura fóra da delimitación do solo urbano vixente.

6. Existen áreas de solo urbano consolidado nas que se prevé a apertura de novos viarios de acceso a sectores de solos urbanizables, que deberán incluírse na súa delimitación:
   - Viarios e parcelas arredor da prolongación da rúa Pontevedra, que da acceso ao SUR-R-2.
   - Viarios e parcelas no entronque do SUD_R-3 coa rúa María Colmeiro no núcleo de Silleda.

7. No recinto feiral de Silleda, API-1, achegaranse as referencias detalladas do planeamento incorporado.

8. Os terreos de Ordenanza O-3 de edificación residencial en bloque exento de altura máxima B+3, situados na zona sueste de A Bandeira, abranguen parcelas onde a maior parte das edificacións existentes son vivendas unifamiliares, resultando unha ordenación substancialmente diferente da existente en canto a tipoloxía e alturas permitidas, o que deberá xustificarse en relación cos art. 104 e 46.1 da LOUG, ao tempo que estes ámbitos deben clasificarse como solo urbano non consolidado ao abeiro do art.12.b) da LOUG.

9. Debe revisarse o coeficiente de ponderación aplicado a tipoloxía de vivenda unifamiliar no cálculo do aproveitamento tipo da D1-AR-4, erróneo segundo o cadro do apartado 5.6.3 da memoria xustificativa, e incluír esta tipoloxía na ficha da normativa, aclarando a edificabilidade asignada para vivenda libre e no seu caso protexida.

10. Na ordenanza O-1, deben grafarse nos planos de ordenación as alturas máximas tal como establece o art. 282 da normativa; e deberán aclarase as condicións de posición no interior da parcela en cuanto a aliñación interior e recuamentos laterais.

11. Deben reflectirse nos planos de ordenación os diferentes grados da normativa para as parcelas de ordenanza 2, especialmente no contacto desta ordenanza cos ámbitos de xestión, en cumprimento dos art. 46.1 e 104 da LOUG, evitando a aparición de medianeiras, identificando os planos interiores de fachada, e resolvendo as conexións da parcelas lindeiras cos ámbitos de solo urbanizable delimitado.

12. O polígono industrial área 33 se clasifica como solo urbano, mais non se achegan planos de ordenación nin de servizos a escala 1/2.000. A normativa urbanística incorpora unha ordenanza (O-6) que non aparece grafada. Debe identificarse claramente a ordenanza de aplicación a cada unha das parcelas, e establecer a súa regulación na normativa do PXOM, ou ben remitir a ordenación do ámbito á regulación do Plan parcial que o desenvolve.

13. Nos planos de ordenación do solo urbano non figuran debuxadas as liñas de edificación tal como establece o art. 290_3 da normativa urbanística.

14. A ordenanza O-5 de uso terciario establece tres grados con distinta regulación que non veñen grafados nos planos de ordenación.

2.2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO URBANIZABLE.

1. De conformidade coa capacidade residencial e os artigos 14, 15 e 32 da LOUG, non poden ser clasificados como solo urbanizable terreos que deban ser clasificados como solo rústico:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

Parte so sector SUD-R2 e SUD-I1, abranguen terreos ocupados pola zona de policía de augas, polo que de acordo co art. 32.2.d) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección de augas, agás que se xustifique a redución da franxa de policía segundo establece a determinación 4.8.15 das DOT, ou que pola escasa entidade da corrente de auga poidan integrarse no sistema de espazos libres públicos.

2. Para o ámbito SUD-I2, non se acredita o cumprimento dos requisitos do apartado 1º da Disposición transitoria 13ª da LOUG, co fin de regularizar o asentamento industrial preexistente. Debe tamén acreditarse a vinculación directa da actividade coa localización na franxa de solo afectada polo solo rústico de protección de augas, sendo necesario neste caso o informe previo favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

3. Cómpre revisar o cálculo do aproveitamento tipo do SUD-R1, excluíndo da superficie da área de reparto unicamente a superficie destinada a viario que o plan manteña (art. 114 LOUG).

4. O plan debe incluír a totalidade das determinacións establecidas no art. 57.1.c) e d) da LOUG na ficha de cada sector, coas condicións de urbanización dos sistemas xerais.

5. Debe incorporarse nas fichas do sector SUD-R4, as condicións sinaladas no informe do 10/06/09 da Dirección Xeral de Infraestruturas en materia de estradas autonómicas, respecto aos accesos a este sector dende a estrada autonómica PO -210.

6. Cómpre aclarar a actuación do novo viario proposto SN-V4, con cargo ao sector SUD-R5, pero só parcialmente incluído na súa delimitación.

2.3. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL.

1. En aplicación do art. 13.2, son incorrectas as delimitacións da parte común dalgúns núcleos rurais, por canto parte do asentamento semella presentar condicións para ser clasificadas no tipo básico de núcleo rural histórico tradicional: Abades, (Abades); O Castro de Breixiña (Breixa); A Cova (Cervaña); Vilar (Cira); Dornelas (Dornelas); Balántiga (Escuadro); Arcos, Eirexe, (Graba); A Codeseira, Gorís, O Souto, Vilariño (Lamela); Forcas (Laro); Lourás-A Moa, (Manduas); Martixe de Abaixo, Paradela de Abaixo (Martixe); Sachocos (Negreiros); Vilanova (Oleiros); Santifoga-O Campo (Piñeiro); Aldea de Abaixo-Sino (Ponte); A Lama (Rellas).

2. En aplicación do art. 13.3.b da LOUG, a delimitación do núcleos rurais comúns deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para cada ámbito. Na memoria xustificativa exponse o progresivo despoboamento dos asentamentos rurais, non acreditándose a necesidade de áreas vacantes nas periferias dos núcleos de: Rendo, Fucarelos (Cira); O Barral (Cortegada); Sestelo (Escuadro); Arcos (Graba); Quintela (Manduas).

3. Ao abeiro do art.13 da LOUG e da determinación 3.1.10 das DOT, deben evitarse crecementos lineais e unións entre asentamentos polinucleares, debendo excluír no seu caso, as bolsas de terreos e edificacións illadas desligadas dos asentamentos orixinarios: Bazar (Abades); Breixiña (Breixa); Vilar (Cira); Arcos (Graba); Lourás-A Moa (Manduas); Ribeirao (Negreiros); Castro-Castriño, Santifoga-O Campo (Piñeiro); O Foxo, Toxa (Silleda); Carral-Trasdovalo-Taboada Vella (Taboada); O Redondo-Cabodevil (Vilar).

4. Deberá revisarse a delimitación dos núcleos que deixan fóra parte das edificacións que semellan estar ligadas a estrutura do asentamento: O Castro de Breixiña (Breixa); Carboeiro de Francia (Carboeiro); A Cruz-Chapa (Chapa); O Curro, Sobrado,Vilar (Cira); O Portiño (Dornelas); Cascaxide, Escuadro, Senra (Escuadro); Aragonza-Merín-San Antonio, Barcia (Fiestra); Penalta, Vilar, (Graba); O Souto, A Brea (Lamela), A Meda (Moalde); O Couto, Riocalvo, San Martiño (Negreira); Pazos, Vilanova-Oleiros (Oleiros); Souto Nogueira (Paracta); Carderrei, Trasfontao (Ponte); Carral (Taboada).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

5. Deberán verificarse as delimitacións dos núcleos co fin de dar cumprimento á porcentaxe mínima de consolidación establecida no art. 13 da LOUG: Breixiña (Breixa); Os Curras-Rendo, Fucarelos (Cira); Sestelo (Escuadro); Lourás (Manduas); Trasdosisto (Ponte).

6. A delimitación da parte histórico tradicional dos seguintes núcleos, excede da distancia máxima de 50 metros que determina o art. 13.3.a) da LOUG: Bazar (Abades); Breixiña (Breixa); O Curro (Cira); Ffamiñan (Cortegada); O Portiño (Dornelas); Balántiga, Cumbraos, Senra (Escuadro); Barrabaite (Lamela); Cabana (Moalde); Castromonde, Cuiña, O Campo (Piñeiro); Xastres (Refoxos).

7. Á vista das fotografías aéreas, semellan existir edificacións tradicionais non identificadas no análise do modelo de asentamento, existindo contradicións entre a información das fichas e os planos de ordenación: O Outeiro (Breixa); Lázara-O Outeiriño (O Castro); A Revolta (Cortegada); Medelo (Manduas); Gamil (Margaride); Santifoga (Piñeiro); Tixoa (Refoxos); Aldea Grande, A Cañoteria, Caxeba (Saídres); Cóscaros (Siador); Casas de Monte (Silleda).

8. O cumprimento da consolidación mínima establecida no art. 13.2.b) da LOUG, cando o asentamento inclúa mais dun tipo básico deberá verificarse para cada ámbito delimitado. Para xustificar este parámetro, non poden considerarse como consolidadas parcelas nas que só existan alpendres ou construcións adxectivas.

9. De conformidade cos art. 61.3 e 72.4 da LOUG, o PXOM debe incorporar nas fichas do análise do modelo de asentamento poboacional as determinacións que correspondan, respecto aos núcleos rurais situados dentro do contorno dunha zona de concentración parcelaria; e incorporar na normativa os indicadores para a redacción dun plan especial.

10. Algúns asentamentos do listado da memoria xustificativa non se identifican no modelo de asentamento: A Lameira (Cira); A Pena (Cortegada); Serra (Graba); A Gouxa, O Outeiro, O Redondo,(Siador); e Trasdosisto (Ponte).

11. Non se achega cálculo da consolidación do núcleo de Outeiro (Breixa).

12. No análise do modelo de asentamento poboacional, as fichas individualizadas dos núcleos deben abranguer a totalidade do asentamento: Bazar (Abades); Ansemil (Ansemil); Castro de Breixiña (Breixa); Alfonsiños (Cervaña); Chapa (Chapa); Vilar (Cira); Camporrapado (Cortegada); Bascuas, Dornelas (Dornelas); Forcas, Freixeiro-O Pereiro (Laro); Lourás-A Moa-San Tirso (Manduas); San Fiz (Margaride); Ribeirao (Negreiros); O Marco (Siador); O Foxo (Silleda); Taboada Vella (Taboada); O Redondo-Cabodevila (Vilar).

13. Debe recollerse a cartografía actualizada do núcleo de Besteiros (Piñeiro).

2.4. Clasificación e determinacións do solo rústico.

1. De conformidade co art. 32.2.d) da LOUG e coa determinación 4.8.15 das DOT, deben clasificarse como solo rústico de protección de augas, os terreos con risco de inundación e os cursos de auga ata a zona de policía definida pola lexislación de augas, habendo de xustificarse a redución desa franxa por debaixo dos 100 metros, empregando os estudios e análises de asolagamento determinados polo organismo de bacía correspondente.

   De conformidade co art. 32.2.f) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección de espazos naturais a totalidade dos ámbitos correspondentes aos Lugares de interese comunitario LIC Brañas do Xestoso, LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza e LIC Serra do Candán.

2. Ao abeiro do art. 32.2.b) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección forestal a superficie afectada por incendios forestais dende os cinco anos previos á entrada en vigor.

3. De conformidade co informe do 10/06/09 da Dirección Xeral de Infraestruturas, deberá representarse a glorieta executada na intersección da estrada PO-211 coa estrada EP -6507, así como clasificar como solo rústico o ámbito necesario.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

3. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.

1. En aplicación do art. 22.b) da LOUG, excede do deber dos propietarios do solo urbanizable costear a execución dos sistemas xerais adscritos: 30-sn-p3 adscrito ao SUD-I1, e 30-SN-AJ1 adscrito ao SUD-R3, rotonda entre o SE-V11 e SE-V9 incluído no sector SUD-R6 e atribuído o custo de execución ao SUD-R5.
2. Ao abeiro dos art. 20.1 e 22 da LOUG excede dos deberes dos propietarios do solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado asumir unha porcentaxe do custo xenérico das infraestruturas de saneamento e abastecemento previstas polo PXOM. Ao abeiro do artigos 53.1.e) e 60.3 da LOUG, no estudo económico, deberá detallarse cada unha das actuacións previstas, o custo de execución e obtención do solo, así como a iniciativa de financiamento xustificando as previsións cumpra realizar con recursos propios do Concello.
3. A orde de prioridades establecida na estratexia de actuación para as actuacións urbanísticas será coherente coa programación das fichas dos ámbitos de desenvolvemento.
4. O informe ou memoria de sustentabilidade económica debe ter o contido mínimo que establece o art. 3 do Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do solo.

4. NORMATIVA URBANÍSTICA.

1. Deberá revisarse a redacción dos apartados da normativa cuxa transcrición non resulta correcta ou non se axusta á redacción da LOUG logo das modificacións introducidas polas Leis 2/2010 e 15/2010: art. 310_1 (art. 25 LOUG); 365_4 e 369_4 (37.2 LOUG); art.228 (Disposición transitoria décimo segunda da LOUG).
2. De conformidade co art. 25.1 da LOUG, o PXOM definirá os usos e condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como solo de núcleo rural, con supeditación ás determinacións contidas na LOUG, o que deberá concretarse no art. 329 da normativa.
3. A regulación de usos no solo rústico non permite en ningunha das categoría a implantación de equipamentos mediante Plans especiais de dotacións, art. 33.2.g da LOUG, cuestión que debería revisarse.
4. Erros: O art. 62_3 debe referirse ás fichas do solo urbanizable; O art. 100_3 debe referirse a actividades sanitarias; Corrixir as referencias ao art. 121 de reservas de prazas de aparcadoiro para uso residencial nos restantes usos característicos regulados na normativa para os que non é de aplicación; Corrixir errata na ocupación máxima no grado 4.2 do art. 294_7: Corrixir as referencias e redacción do art.172 da LOUG no art. 40.2 e 330_1 da normativa; Nos art. 250_1, e 254_1 falta incluír as estradas estatais; no art. 255_1 incluír lexislación estatal: Corrixir o art. 298_ 3 en correspondencia co art.66 da normativa; Eliminar o apartado 369_2h actividades extractivas en solo rústico, por canto está simultaneamente como uso autorizable e permitido por licenza directa; A redacción do art. 382_2 esta incompleta; Eliminar os interrogantes do capítulo regulador de dotacións de comunicacións ferroviarias.

5. CUESTIÓNS DE ÍNDOLE DOCUMENTAL.

1. O plan debe conter a información necesaria para comprobar o cumprimento do artigo 32 da LOUG respecto ás categorías de solo rústico, planos de zonas incendiadas dende os cinco anos anteriores á entrada en vigor da LOUG e terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da LOUG, ou terreos concentrados con resolución firme producida nos dez anos anteriores a dita data.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

2. O planeamento deberá incluír a delimitación correspondente á zonificación acústica. e servidumes acústicas, se é o caso, de acordo co art. 13 do Real decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.
3. Nos planos de ordenación dos núcleos rurais grafiarase a liña limite entre os diferentes tipos básicos e identificarase na lenda o grafismo das edificacións tradicionais.
4. No análise do modelo de asentamento poboacional, as fichas dos núcleos rurais deben expresar o grado de consolidación dos mesmos, dato obrigado polo art. 61.3 da LOUG.
5. Nas fichas do catálogo, eliminaranse as referencias á área de expansión.

6. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE.

Non consta informe dos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia, de acordo co previsto no art. 14.1 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Deberá adaptarse a documentación do PXOM, á nova Lei 8/2012 do 29 de xuño, nos termos que establecen a súa disposición derradeira segunda e disposición transitoria sexta, para a reserva de solo de vivenda protexida nos PXOM en tramitación, así como incorporar as determinacións que no seu caso correspondan trala nova redacción da LOUG, modificada pola disposición derrogatoria segunda e polas disposicións adicionais novena a décimo sétima da devandita Lei de vivenda.

Este Informe é emitido de conformidade co establecido no artigo 85.1da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2012

O CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS.

Por delegación, Orde de 9 de xullo de 2009 (DOG 16/07/2009)

A SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

Mª Encarnación Rivas Díaz

0-3-2013

adif

adif
Jefatura de Patrimonio y Urbanismo de Galicia
05 MAR 2013
N.º ..... N.º 0529
ENTRADA SALIDA

URB/VAM/0529.13
86.13

Dña. Celina Matías Bértolo, con N.I.F. 10.811.497-W, como Delegada de Patrimonio y Urbanismo Noroeste, de ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF), en nombre y representación de dicha entidad, para lo que se encuentra debidamente autorizada, ante ese Ayuntamiento comparece y dice:

Que examinada la documentación correspondiente a la "Aprobación Inicial del Plan General de Ordenación Municipal" aprobada inicialmente por el Acuerdo del Ayuntamiento Pleno de 18 de diciembre de 2012, ADIF, dentro de sus competencias, como administrador de la infraestructura ferroviaria existente, **manifiesta:**

- Por el municipio de Silleda discurren las líneas férreas de Zamora-A Coruña y la L.A.V. Ourense-Santiago. En dicho trazado ferroviario será de aplicación las limitaciones a la propiedad recogidas más adelante.

- A partir del 1 de Enero de 2005, la legislación aplicable al ferrocarril es fundamentalmente la Ley 39/2003 del Sector Ferroviario y su Reglamento, tal y como se recoge en el Cap III. Dotaciones de Comunicaciones Ferroviarias de las Normas Particulares del PGOM. El tratamiento de la red ferroviaria recogido en este capítulo es el adecuado en líneas generales, a estos efectos, se podría añadir que el Suelo de Núcleo Rural se asimila al Suelo Urbano.
  En la Memoria Justificativa el apartado 5.6.6.5. Ferrocarril hace mención a la LOTT y su Reglamento, así como a la definición de las zonas colindantes, deberá corregirse en el sentido señalado por el Capítulo III de las Normas particulares del PXOM.

- El Plan General prevé una serie de Ámbitos Urbanísticos que son colindantes con el ferrocarril, siendo de aplicación para el desarrollo de todos ellos la normativa sectorial referenciada anteriormente.

CONCELLO DE SILLEDA
08 MAR. 2013
NÚM. 1276
ENTRADA

DIRECCIÓN DE PATRIMONIO Y URBANISMO
Delegación de Patrimonio y Urbanismo Noroeste
Jefatura de Patrimonio y Urbanismo de Galicia

Avda. Joaquín Planells s/n. Estación Ferrocarril
15007 A CORUÑA

Tel. (+34) 981 164290 Fax (+34) 981 164339

adif

- En la Memoria de Información Urbanística, en Infraestructuras de Comunicaciones Red Viaria 2.3.1.1. al identificar la titularidad y características de la red existente en b-3) Estradas Autonómicas, distingue la PO-210 y la PO-211 que comunican los núcleos de A Bandeira y Silleda con sus respectivas estaciones de ferrocarril.
  En el Inventario de Bienes Inmuebles de ADIF están incluidos los terrenos de dichas carreteras, que fueron expropiados, en el año 1945, como caminos de acceso a las estaciones de Silleda y Bandeira por la Cuarta Jefatura de Estudios y Construcción de ferrocarriles del Mº de Obras Públicas.

  Se adjuntan planos de Inventario con el trazado de dichas carreteras.

- El PXOM incluye en su Catálogo de Bienes a Proteger o Recuperar, la Estación de ferrocarril de Silleda 05ACC03, la Estación de ferrocarril de A Ponte Taboada 31ACC05 y el Puente de Ponte Taboada 31ACP06 todos ellos con un nivel de protección Estructural. El nivel de protección tiene que ser compatible con la prestación del servicio público ferroviario.

- Para ejecutar, en las zonas de dominio público y de protección de la infraestructura ferroviaria, cualquier tipo de obras o instalaciones fijas o provisionales, cambiar el destino de las mismas o el tipo de actividad que se puede realizar en ellas y plantar o talar árboles se requerirá la previa autorización del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

- Con objeto de atenuar la incidencia del ruido y las vibraciones, los proyectos constructivos de todas las edificaciones contenidas en la zona de influencia del ferrocarril, incluirán una separata que estudie el impacto por ruido y vibraciones, inducidos por el ferrocarril y las medidas adoptadas en su caso, para que los niveles de ruido y vibraciones estén dentro de los niveles admisibles por la normativa sectorial vigente.

adif

- De acuerdo con el Artº 5 de la Ley del Sector Ferroviario, corresponde al Ministerio de Fomento la planificación de las infraestructuras ferroviarias integrantes de la Red Ferroviaria de Interés General, por lo que es dicho Ministerio el que tiene que emitir el preceptivo informe sobre posibles variaciones de la línea ferroviaria existente.

Por todo lo anteriormente expuesto, **solicita:**

Teniendo por presentado este escrito, se incorpore su contenido en el documento del Plan General de Ordenación Municipal, para su posterior tramitación.

En Oviedo, a 5 de marzo de 2013

Fdo.- Celina Matías Bértolo
Delegada de Patrimonio y Urbanismo Noroeste

ILMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 544 121 / Fax: 981 544 125
secretaria.xeral@conselleriadefacenda.es

galicia

02413 06.03.13 09:34

Patr / BRL
OTI-2013-0003

CONCELLO DE SILLEDA
Rúa do Trasdeza, 55
36540 , SILLEDA

Asunto: ALEGACIÓNS DA CONSELLERÍA DE FACENDA AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA

En relación coa formulación de consulta no procedemento de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do seu concello, de conformidade co disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, así como tamén para dar cumprimento á obriga de notificación, contida no artigo 101 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, informámoslle que logo do estudio da documentación aportada achegámoslles como anexo a este escrito un informe de alegacións.

Por ilo, solicitámoslles que realicen os cambios segundo as alegacións indicadas e que nos remitan o documento revisado (en soporte CD) para a súa consulta despois de facer as modificacións.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2013
A Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio

Mª del Socorro Martín Hierro

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DE FACENDA * SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

CONCELLO DE SILLEDA
06 MAR. 2013
NÚM. 1206
ENTRADA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 544 121 / Fax: 981 544 125
secretaria.xeral@conselleriadefacenda.es

galicia

Patr / BRL
OTI-2013-0003

Asunto: ALEGACIÓNS DA CONSELLERÍA DE FACENDA AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA

ANTECEDENTES

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2012, de conformidade co establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sométese ao trámite de información pública de dous meses e dáse trámite de consulta ás administracións afectadas.

O presente informe ten por finalidade estudar as propiedades da Comunidade Autónoma no concello e facer as alegacións pertinentes.

IDENTIFICACIÓN E LOCALIZACIÓN DOS INMOBLES

Código Inventario	Descripción
P0158	SOLAR
P0196	OFICINA AGRARÍA COMARCAL-Praza Ro Recinto Ferial, s/n
P0458	CASETA DE LEGOEIROS-Estrada PO-211 Silleda-Estación FF.CC , marxe dereita
P0620	INMOBLE DA EXTINTA CÁMARA AGRARIA-Rúa Pontevedra, 6
P0732	I.E.S. PINTOR COLMEIRO-Estrada Pontevedra - As Ferreiras, s/n (Santa Baia)
P0821	MASAS SOBRANTES (C.P. Cira - Dornelas)
P0822	MASAS SOBRANTES (C.P. Taboada - Villar)
P0844	TERREO PARA BASE DE HELICÓPTEROS-Parque Empresarial de Silleda, 2º fase, Área 33

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 544 121 / Fax: 981 544 125
secretaria.xeral@conselleriadefacenda.es

galicia

Conforme á disposición adicional sétima (apartado 1º) da Lei 11/1995 do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se regula o réxime patrimonial dos bens procedentes das cámaras agrarias, *"O patrimonio* das *extintas cámaras agrarias locais intégrase definitivamente no patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e quedará adscrito á Consellería do Medio Rural para a súa aplicación a fins de interese agrario no ámbito territorial de Galicia".*

Así mesmo, o apartado 3º establece que *"O Consello da Xunta, na forma prevista na Lei 3/1985, do 12 de abril, poderá desafectar e cederlle o uso dos bens inmobles das extintas cámaras agrarias locais aos concellos, organizacións profesionais agrarias ou outras entidades públicas ou privadas sen fin de lucro, sempre que quede garantida a conservación e aplicación deles aos fins e servizos de interese xeral agrario. A dita cesión requirirá informe favorable da Consellería do Medio Rural."*

A clasificación do inmoble como sistema xeral non responde a que se trate de recoller un uso preexistente, senón que se trataría como un novo sistema xeral con respecto ao PXOU vixente, aprobado definitivamente o 4/06/1981, que non o incluía como tal e que non responde co uso que determina a lei para o mesmo.



Por ilo, solicitámoslles que mentres o inmoble sexa de titularidade autonómica non sexa clasificado nin como sistema xeral de uso docente nin como de carácter administrativo dado que o inmoble está vinculado a fins agrarios que non requiren a súa clasificación como sistema xeral, tendo en conta a definición que na memoria do plan que se tramita se realiza deles:

> **4.1.2.3 Sistema Xeral de Equipamento Comunitario Público**
> Comprende o conxunto de edificios, instalacións e espazos asociados destinados ao servizo directo da poboación, que pola súa función, o seu eido de servizo se estende a todo o municipio.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2013
A xefa de servizo de Investigación Patrimonial e Obras

Belén da Riva López

CAMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

Calle Juan Flórez 33-35, entlo. izq.
15004 A Coruña
Tlf.: 981 139 663
Fax: 981 139 664
cmg@camaraminera.org
www.camaraminera.org

Mº de Hacienda y Admones. Públicas
Registro General
Delegación del Gobierno en Galicia
ENTRADA
Nº de Registro: 4454 /RG 873724
Fecha: 18/3/2013 14:13:00

CAMARA OFICIAL MINERA DE GALICIA
18 MAR. 2013
Salida nº 2663

Dª. Paula Fernández Pena
Alcaldesa de Silleda
Casa do Concello
Rúa Trasdeza nº 55
36540 Silleda

CONCELLO DE SILLEDA
20 MAR. 2013
NÚM. 1883
ENTRADA

D. Francisco Aréchaga Rodríguez con DNI 11.377.480-R, na condición de Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, CIF Q1570001F, e domicilio social na rúa Juan Flórez 33-35 entreplanta esquerda, 15004 A Coruña,

EXPÓN:

Que se atopa en trámite de información pública o documento de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Silleda (DOG 16/01/2013).

Que a Cámara Oficial Mineira de Galicia, corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, actuando no exercicio das súas funcións como representación formal e portavoz do sector empresarial mineiro galego, e en aplicación do Artigo Segundo do Real Decreto de 23 de Setembro de 1921 polo que se crean as Cámaras Oficiais Mineiras, que establece: "*Estás Cámaras serán Cuerpos consultivos de la Administración pública y serán necesariamente oídas sobre los proyectos, modificaciones arancelarias, en todo aquello que a esta clase de industria afecta, así como a la tributación a que intente sujetarse a la industria que representan y a las variaciones que pueda sufrir su actual legislación*".

Que todos os recursos mineiros son bens de dominio público (art 2 da Ley de Minas) que, na maioría dos casos (concesións mineiras das secciones C) e D) e secciones B) e A) que expresamente o foran), están declarados de utilidade pública, artigo 128.1 da Constitución *"toda la riqueza del país en sus distintas formas y fuese cual fuese su titularidad está subordinada al interés general"*. Nunha das súas aplicacións, este precepto supón que "*no pueden substraerse a la riqueza del país recursos económicos que el Estado considere de interés general, aduciendo otras finalidades, como la protección del medio ambiente. Se trata de nuevo de armonizar la protección del medio ambiente con la explotación de los recursos económicos. Ello supone que si bien como se ha dicho anteriormente la imposición de una carga adicional para la protección del medio ambiente no es en sí contraria a la Constitución ni al Estatuto, sí lo es la prohibición con carácter general de las actividades extractivas de las secciones C y D, que son las de mayor importancia económica, en una amplia serie de espacios*" TC Pleno, S 04-11-1982, núm. 64/1982, Fecha BOE 10-12-1982. Pte: Latorre Segura, Angel.

En relación a isto, o artigo 14.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia establece que "*Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e nesta lei deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico*", e o artigo 122 da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas, dispón: "*Cualquier prohibición contenida en los*

Mº de Hacienda y Admones. Públicas
Registro General
Delegación del Gobierno en Galicia
SALIDA
Nº de Registro: 4147 /RG 860940
Fecha: 18/3/2013 14:16:10

CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

Calle Juan Flórez 33-35, entlo. izq.
15004 A Coruña
Tlf.: 981 139 663
Fax: 981 139 664
cmg@camaraminera.org
www.camaraminera.org

instrumentos de ordenación sobre actividades incluidas en la Ley de Minas deberá ser motivada y no podrá ser de carácter genérico".

Que é a propia administración titular deste ben de dominio público (o demanio mineiro) a que conforme á lexislación vixente, ten a obriga de defendelo, usalo conforme aos criterios de eficacia e rendibilidade na explotación destes ben e dereitos e, dende logo, ás distintas administracións élles esixible que se coordinen e colaboren para optimizar a utilización e o rendemento destes bens de dominio público, evitando que cada unha lexisle e protexa exclusivamente aquilo que considera do seu ámbito competencial.

Que, segundo o Documento de Referencia para a Avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda, foi consultada a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia acerca dos usos e aproveitamentos industriais e mineiros

Que con data 15/03/2013, en base á información contida no Censo Catastral Mineiro de Galicia (http://censomineiro.org), dentro do ámbito territorial do Concello de Silleda, sitúanse os seguintes dereitos mineiros:

Sección	Número	Nome da mina	Título	Estado actualización
A	PO/A/00110	VILAR	Autorización de aproveitamento	Caducado
A	PO/A/00237	JAIME	Autorización de aproveitamento	Solicitado
B	PO/B/00006	BALNEARIO OS BAÑOS DE BREA	Autorización de aproveitamento de augas minerais, industriais e de manancial	Outorgado
C	PO/C/02854.1	ROSENDE	Concesión de explotación directa	Historico
C	PO/C/01861	CUATRO AMIGOS	Concesión de explotación directa	Outorgado
C	PO/C/01861.bis	ISABEL	Concesión de explotación directa	Outorgado
C	PO/C/01861.ter	MARUJA	Concesión de explotación directa	Outorgado
C	PO/C/01963	EL CASTILLO	Concesión de explotación directa	Outorgado
C	PO/C/02360	MONTE FABEIRA	Concesión de explotación directa	Outorgado
C	PO/C/02368	AMPLIACIÓN A MONTE FABEIRA	Concesión de explotación directa	Outorgado
C	PO/C/02606.1	BREIJAS FRAC. 1	Concesión de explotación directa	Solicitado
C	PO/C/02693.1	PATRICIA	Concesión de explotación directa	Solicitado
C	PO/C/00144	SIDÓN PEQUEÑA	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00161	ANGELITA	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00198	AMPLIACIÓN A ANGELITA	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00210	ANGELITA III	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00260	ANGELITA 2ª	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00319	DEMASÍA PRIMERA A SIDÓN PEQUEÑA	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00475	ANGELITA 5ª	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00510	DEMASÍA A ANGELITA	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00598	ANGELITA Nº2	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/00810	BURMA	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/03127	VILAR	Concesión de explotación derivada	Outorgado
C	PO/C/03119	NUEVO SAIDRE	Permiso de exploración	Solicitado
C	PO/C/02801	FREIXEIRO	Permiso de investigación	Caducado
C	PO/C/02695	MÓNICA	Permiso de investigación	Caducado
C	PO/C/02718	SAN MARTÍN	Permiso de investigación	Caducado
C	PO/C/03069	ARPI	Permiso de investigación	Caducado
C	PO/C/02854	ROSENDE	Permiso de investigación	Concurso
C	PO/C/02606	BREIJAS	Permiso de investigación	Outorgado

CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

Calle Juan Flórez 33-35 entlo. izq.
15004 A Coruña
Tlf: 981 139 663
Fax. 981 139 664
cmg@camaraminera.org
www.camaraminera.org

Secc.	Nº Rexistro	Nome dereito	Tipo	Estado tramitación
C	PO/C/02693	PATRICIA	Permiso de investigación	Outorgado
C	PO/C/03009	ORAZO	Permiso de investigación	Solicitado
C	PO/C/03129	VILATUXE	Permiso de investigación	Solicitado

Que a actividade mineira forma parte da base económica actual do Concello de Silleda, e ten potencialidade de futuro, tal e como se desprende da información contida no Censo Catastral Mineiro de Galicia.

E POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO, SOLICITA:

Que o equipo redactor do PXOM de Silleda actualice a información sobre dereitos mineiros presentes no termo municipal e os teña en conta na redacción do PXOM, conforme ao disposto no artigo 14.1 da Lei 3/2008 de 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia.

Que se cumpra o establecido no artigo 14.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia e no artigo 122 da Ley 22/1973, de 21 de julio, de Minas.

Que se analicen e teñan en consideración as potencialidades xeolóxico-mineiras do concello, cara á apertura de novas explotacións que favorezan o desenvolvemento económico e social do Concello de Silleda, así como a futura demanda dos produtos mineiros necesarios para o cumprimento dos obxectivos do Plan Xeral de Ordenación Municipal, optimizando a utilización e o rendemento destes bens de dominio público.

Finalmente solicitamos que tendo por presentadas as alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda sinaladas, sexan admitidas; e que se lle dea cumprida información da súa estimación ou desistencia futura tanto á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, como á Cámara Oficial Mineira de Galicia.

En A Coruña, a 15 de marzo de 2013

Francisco Aréchaga Rodríguez
Presidente

AR/ 21/04/2013

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
http://www.cmati.xunta.es

galicia

Sr. Alcalde do Concello de Silleda
Trasdeza, 55
36540 Silleda (Pontevedra)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 26/03/2013 13:32:53
SAÍDA 3829 / RX 198599

ASUNTO: avaliación ambiental estratéxica. Informe sobre a calidade do ISA

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal
Órgano promotor: Concello de Silleda
Código: 0283/2007

Achégolle o informe sobre a calidade do ISA (informe de sustentabilidade ambiental) relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda (Pontevedra).

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2013

XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Miguel Ángel Veiga Campo
Xefe do servizo de Avaliación Ambiental

CONCELLO DE SILLEDA
02 ABR. 2013
NÚM. 2054
ENTRADA

UR3

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
http://www.cmati.xunta.es

galicia

INFORME SOBRE A CALIDADE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

CÓDIGO: 0283/2007

1. ANTECEDENTES

- Con data do 17.11.2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental como órgano ambiental, emite o Documento de referencia (DR) do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Silleda dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Neste documento establécese a amplitude, o nivel de detalle e o grao de especificación que debe conter o Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) que debe elaborar o órgano promotor do Plan, incluíndo os criterios ambientais estratéxicos, os indicadores dos obxectivos ambientais e os principios de sustentabilidade aplicables. Así mesmo, establece as modalidades de información e consulta e identifica ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado, entre as que se atopa a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en canto á calidade do ISA.
- Aprobado inicialmente o PXOM por acordo do Pleno do Concello de 18.12.2102, o Plan (incluído o ISA) sométese ao proceso de información pública e consultas por un prazo de dous meses tras a publicación do correspondente anuncio no DOG nº 11 de 16.01.2013.
- Con data de 07.02.2013 recíbese na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a documentación do Plan remitida polo Concello de Silleda solicitando a emisión do informe de calidade do ISA.
- Á vista da documentación recibida emítese o presente informe co obxecto de avaliar o grao de adecuación da estrutura e contido do ISA ao establecido no DR.

2. CONSIDERACIÓNS

O ISA constitúe o documento - DOC.X.- do Tomo I do PXOM e inclúe como anexos o Documento de referencia, elaborado por este órgano ambiental, e oito planos –01 Unidades ambientais, 02 Capacidade de acollida, 03 Calidade paisaxística e referencias paisaxísticas, 04 Incidencia visual, 05 Fraxilidade paisaxística, 06 Alternativa 0, 07 Alternativa 1 e 08 Alternativa 2. O ISA deberá vir asinado polos seus autores.

Avaliada a estrutura, contido e nivel de detalle do ISA presentado, de acordo coas determinacións do apartado 6 do DR, fanse as observacións que figuran a continuación respecto da estrutura e do contido.

2.1. Estrutura

En xeral, a estrutura do documento axústase formalmente ao establecido no epígrafe 6 do DR. Conta a maiores co apartado "1 Introdución", no que se expoñen unhas consideracións introdutorias á Avaliación ambiental estratéxica (AAE), á tramitación do PXOM do Concello e ao procedemento da AAE.

2.2. Contido

O ISA debe constituír un documento individualizado do Plan, incluíndo a información necesaria para coñecer a incidencia do planeamento sobre o territorio. Se ben parte da súa información pode atoparse en máis detalle noutros documentos do plan, o ISA deberá conter polo menos unha síntese da mesma, de xeito que a lectura única deste documento ofreza unha idea xeral da proposta e da súa incidencia no medio. Neste caso, en cada un dos puntos do ISA deberá indicarse –segundo corresponda- o documento e o apartado concreto do Plan onde se atopa a información detallada.

O ISA deberá conter a información especificada no anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril, reflectida no DR, así como aquela información complementaria con estudos específicos que permitan coñecer mellor as características ambientais do medio, os posibles efectos do Plan e a eficacia das medidas propostas. Por tanto e segundo o anterior, considérase que o contido do ISA presentado non se axusta ao requirido, sendo a información incompleta, nalgúns casos, e algúns dos datos non están suficientemente actualizados. Ademais, deberase corrixir o cadro nº 28 e os tres primeiros parágrafos do apartado 9 do ISA, cuxos textos veñen sombreados en amarelo, co fin de clarexar a validez destes textos.

En relación á cartografía, o ISA inclúe un anexo cartográfico no que se botan en falta varios planos, que, en parte, se atopan como anexo no Estudo de Medio rural e que deberán formar parte da cartografía do ISA, en coherencia coa análise realizada neste, como por exemplo, un plano sobre os espazos naturais protexidos, os elementos naturais ou xeolóxicos de interese, os hábitats de interese comunitario (distinguindo os prioritarios dos non prioritarios), os refuxios ou enclaves de fauna ameazada a protexer, corredores ecolóxicos propostos e existentes, montes en man común, rede hidrográfica, capacidade agrolóxica, riscos naturais e tecnolóxicos, zonificación acústica e servidumes acústicas, entre outros.

No tocante a normativa, parte dela está actualmente derrogada (Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos; Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a contaminación acústica), mentres que outra non foi considerada (Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental; Real Decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento L-PRTR e das autorizacións ambientais integradas; Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, non referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).

A continuación realízase unha análise mais en detalle do contido do ISA, incluíndo as observacións respecto ao nivel de detalle dalgúns apartados en coherencia coas determinacións sinaladas no DR.

<u>En relación á determinación do ámbito de influencia do planeamento</u>

No epígrafe 2 do ISA -Ámbito de influencia- non se establecen nin xustifican os límites do ámbito analizado, limitándose a realizar un encadre xeográfico do Concello, dando información sobre a súa localización, fisiografía e accesibilidade.

O contido deste apartado deberá restrinxirse a establecer e xustificar a delimitación do ámbito de influencia do Plan, deixando para o apartado correspondente á *análise obxectiva da contorna* as descricións ambientais, económicas e sociais.

Lémbrase que o ámbito de influencia será aquel territorio sobre o cal o Plan poda causar algunha afección, polo que a súa delimitación pode variar en función das variables de sustentabilidade.

<u>En relación á análise obxectiva do ámbito do Plan e da súa contorna</u>

O contido deste epígrafe desenvólvese no apartado 3 do ISA. Nel lévase a cabo unha análise socioeconómica e unha caracterización ambiental do Concello; unha análise da normativa e daqueles plans, programas e estratexias relacionados co Plan e a identificación dos elementos estratéxicos do territorio. Sobre os aspectos abordados neste punto realízanse as consideracións que se expoñen a continuación:

- **Análise obxectiva da situación actual**

Constitúe o apartado 3.1 e contén unha análise ambiental do medio e unha análise socioeconómica municipal.

No tocante aos **espazos naturais presentes**, o ISA identifica axeitadamente aqueles espazos presentes no Concello, entre eles: os incluídos na Rede Natura 2000 (LIC-ZEPVN Sistema Fluvial Ulla-Deza, Brañas de Xestoso e Serra do Candán), os recollidos polas Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Pontevedra e os once espazos identificados polo Inventario de humidais de Galicia. En relación ao LIC Brañas de Xestoso (ES1140008), indicar que a Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia (2011) contempla a súa ampliación, o cal se deberá ter en conta na proposta de ordenación.

No mapa de **hábitats** representado na páxina 29 aprécianse incorreccións en canto aos hábitats que compoñen as teselas delimitadas. Así, nalgunhas delas recóllese a presenza de hábitats que segundo o "Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España" non estarían presentes, mentres que noutras, omítense a presenza doutros que, segundo a antedita fonte, si o estarían. Este sería o caso do hábitat prioritario "Lagoas costeiras" (1150*) que non aparece representado no mapa nin citado no documento. A non inclusión de calquera hábitat terá que ser debidamente xustificada.

No apartado 3.1.10 o ISA define nove **unidades ambientais** (zona urbana, zona rural, zona industrial, rede hídrica, bosque de plantación e masas mixtas, matogueira, vexetación autóctona, Brañas de Xestoso, Serra do Candán), que se corresponden con áreas homoxéneas en canto as súas características bióticas e físicas. As unidades identificadas contan cunha valoración baseada na súa funcionalidade ecolóxica e cultural resultando as unidades "rede hídrica", "vexetación autóctona", "Brañas do Xestoso" como as de maior valor. A representación cartográfica reflíctese no plano 1. Unidades Ambientais.

No tocante á **vexetación**, o apartado 3.1.7 "Unidades vexetais" describe a vexetación potencial e actual do ámbito. Para esta última identifica as especies presentes diferenciando entre arborado, comunidades arbustivas e comunidades de orixe antrópico. Nas especies citadas bótase en falta a indicación do grao de protección coa que contan.

O apartado 3.1.8 identifica cinco enclaves faunísticos que polas súas características ambientais son propicios para albergar unha maior diversidade de especies de **fauna**. Para cada un dos enclaves (Bosque, matogueiras e terras de cultivo, Ríos, Serra do Candán, Brañas do Xestoso, Sistema fluvial Ulla-Deza) presenta un pequeno inventario coas principais especies de invertebrados e vertebrados presentes, sinalando aquelas que gozan dalgún tipo de protección. Indicar que na listaxe detectouse a carencia de varias especies protexidas con presenza no ámbito e recollidas en fontes oficiais (SITEB, Consellería do Medio Rural). Para a elaboración dos catálogos de especies de flora e fauna debería terse en conta o Decreto 167/2011, do 4 de agosto, que modifica e actualiza o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril).

Bótase en falta, como xa indicou anteriormente, unha cartografía que reflicta a distribución dos sete **usos do solo** descritos no apartado 3.1.13. "Ocupación e consumo de solo", así como a localización dos montes veciñais en man común identificados, as concentracións parcelarias existentes no Concello, os solos con capacidade agrolóxica e a potencialidade forestal.

No apartado 3.1.16.7, o documento recolle a superficie total afectada por incendios no Concello entre os anos 2005 e 2010. De acordo ao artigo 32.2.b) da LOUG, esta información deberá ser completada para o período comprendido entre os cinco anos anteriores a aprobación da LOUG e todos os posteriores ata a actualidade; así como aportar ao ISA a correspondente cartografía que a delimite e permita avaliar se foi clasificada como solo rústico de especial protección forestal.

En relación ao estudo **socioeconómico** (apartado 3.1.12) o ISA, en base ao datos de poboación dos anos 2001, 2006 e 2010 prevé un incremento de poboación nos núcleos urbanos de Bandeira e Silleda, e un mantemento ou descenso no rural. Se ben é certo que na primeira década de 2000 se aprecia un incremento da poboación nos dous núcleos urbanos, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, esta tendencia invértese nos anos 2011 e 2012. Deste xeito deberán terse en conta estas apreciacións nas proxeccións estimadas para estes núcleos.

O **estudo da paisaxe** presentado comeza establecendo tres grandes grupos compoñedores da paisaxe: o medio físico (relevo), o medio biótico (vexetación) e as actividades humanas. Nunha segunda fase, analiza a calidade visual duns "referentes paisaxísticos", a incidencia visual e fraxilidade visual. Realízanse as seguintes consideracións:

- A metodoloxía seguida non está clara, xa que aínda que nun principio fala de unidades paisaxísticas, estas non son identificadas nin delimitadas, pasando a analizar a calidade paisaxística dos "referentes paisaxísticos", outorgándolles un valor alto, medio ou baixo. Deberá clarexarse se estes "referentes" identificados serían equivalentes a unidades paisaxísticas. De ser así e entendendo como unidade paisaxística un espazo que se caracteriza por unha fisionomía homoxénea e unha evolución común, sendo dunhas dimensións concretas e cartogafables; algúns deste referentes (Ruta do Deza, Fervenza do Toxa, Camiño de Santiago –Vía da Prata-, Senda da Saleta, Fervenza do Férveda, Fervenzas dos Muiños ou Mosteiro de Carboeiro) non poderían ser considerados como unidades da paisaxe, se non como elementos potenciadores da paisaxe das unidades que os conteñen.
- Non se explica a metodoloxía seguida para realizar valoración da calidade paisaxística nin se valora a calidade de todos os "referentes" identificados. Deberá indicarse a metodoloxía de referencia empregada e realizarse a valoración para todas as unidades que se definan.
- O plano 04. "Incidencia Visual" recolle aquelas zonas con maior incidencia visual do Concello e que, segundo se indica no apartado 3.1.14.2.2, se corresponderían con aquelas zonas visibles dende miradoiros, núcleos urbanos importantes e zonas turísticas. Esta información deberá completarse facendo indicación de cales foron exactamente os puntos de observación considerados, así como analizar individualmente a cunca visual de cada un deles. Prestarase especial atención a visibilidade dos novos desenvolvementos propostos.

En relación aos **riscos naturais e antrópicos**, o ISA analiza a pendente, a orientación, as características xeotécnicas do terreo, a contaminación, o risco sísmico, o risco de asolagamento, o risco de incendios e o risco de erosión. Esta análise deberase contemplar tamén cos riscos de carácter tecnolóxico, incorporando a superficie e poboación afectada por tódolos riscos ambientais identificados. Para completar esta análise recoméndase empregar metodoloxías propias para a valoración de riscos na ordenación do territorio, como pode ser a proposta por Gustavo Aguirre Murúa (2005) no seu artigo *"La valoración de los riesgos en la ordenación del territorio: metodología práctica"*, publicado no boletín da A.G.E., nº 40 (páx. 393-405), ou outras publicacións realizadas polo Instituto Geológico y Minero de España (IGME). Ademais, o ISA carece dunha cartografía que recolla a análise realizada e que permita avaliar como foron considerados todos os riscos identificados, de acordo co artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo.

En cumprimento do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a **zonificación acústica**, obxectivos de calidade e emisións acústicas, o ISA deberá incluír a identificación das principais fontes de ruído, a delimitación da superficie de actuación en áreas acústicas e unha diagnose sobre a situación acústica das áreas urbanizadas existentes incluíndo unha valoración do impacto sonoro dos novos desenvolvementos sobre estas áreas, a fin de garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica. A tal feito deberanse incluír planos da zonificación acústica e, no seu caso, das súas servidumes, así como mapas de ruído das principais fontes sonoras do entorno para os cales empregarase a metodoloxía prevista no anexo II do Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental. A delimitación dunha área acústica estará definida graficamente polos límites xeográficos marcados nun plano da zona a escala mínima 1/5.000. Ademais, deberase identificar e analizar todas as zonas de conflito xeradas entre áreas acústicas colindantes, de uso predominante diferente, e con obxectivos de calidade acústica que difiran en máis de 5 dB(A).

- **Plans e programas con interacción co Plan**

O ISA identifica e analiza a compatibilidade do PXOM cunha serie de plans, programas con afección no ámbito do Concello, co planeamento dos concellos limítrofes así como con diversas estratexias a nivel europeo, nacional e autonómico.

En relación ao planeamento recollido polo documento para varios dos Concellos limítrofes atopáronse erros, este sería o caso de Lalín, Vila de Cruces e Forcarei. Para estes Concellos o documento sinala que só contarían con delimitacións de solo de núcleos rurais, cando realmente contan con Plans xerais de ordenación municipal -Lalín e Forcarei- ou Normas subsidiarias de planeamento municipal -Vila de Cruces-, así como con diverso planeamento de desenvolvemento. Deberá pois completarse a análise de compatibilidade, continuidade e conexión co planeamento destes Concellos.

Entre os instrumentos de planificación territorial en interacción co Plan que foron considerados polo ISA, bótanse en falta o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia e o Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal (ambos en fase de elaboración).

Así, tanto para o planeamento dos Concellos limítrofes non considerado, como para os instrumentos de planificación territorial citados deberá quedar xustificada a súa compatibilidade cos obxectivos, determinacións e criterios derivados destes.

Entre os proxectos con incidencia ambiental que afectan ao Concello destacan os relacionados coas explotacións gandeiras, estes son:

- Granxa porcina con capacidade para 4.000 porcos de cebo en Penadagra – Siador[1].
- Granxa con capacidade para 1.100 porcas nai en Portapiñeiro – Piñeiro[1].
- Granxa con capacidade para 1.200 porcas nai en Meixomence[1].
- Modificacións nas conducións de augas residuais fecais en granxa en Portapiñeiro[1].
- Ampliación dunha explotación avícola para 81.000 polos de engorde en Outeiro.

- **Identificación dos elementos estratéxicos do territorio**

No apartado 3.3 analízanse as características mais destacables do Concello para cada unhas das variables de sustentabilidade recollidas no DR, sinalando os elementos estratéxicos identificados.

<u>En relación á definición de obxectivos</u>

En coherencia co modelo territorial descrito nos apartados precedentes, o ISA define unha serie de obxectivos, criterios e solucións xerais de ordenación. Comeza establecendo uns obxectivos de carácter xeral que perseguen un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio municipal para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoo coa protección do patrimonio natural e cultural existente.

Propón uns obxectivos de tipo ambiental para os que establece os criterios precisos para acadalos, moitos deles en concordancia coas determinacións establecidas polas DOT.

Complétase este apartado cunha serie de actuacións previstas polo Plan en canto a estrutura xeral e orgánica do territorio (sistema viario, sistema de equipamentos, espazos libres e zonas verde públicas) e en canto ao sistema de infraestruturas de servizos (rede de abastecemento e saneamento, enerxía, telecomunicacións e iluminación pública).

Para rematar, presenta unha xustificación das clasificacións de solo propostas (urbano, núcleos rurais, rústico e urbanizable).

<u>En relación á análise das alternativas</u>

O documento analiza (apartado 5) tres alternativas de planeamento: a alternativa "0" ou de non desenvolvemento do Plan xeral, así como as alternativas un e dous.

Segundo o ISA, o mantemento da alternativa "0" xeraría problemas territoriais e sociais por tratarse dun modelo de ordenación obsoleto non adaptado a realidade urbanística e social do municipio.

A alternativa "un" propón seis reservas de solo urbanizable delimitado residencial (contorna dos núcleos urbanos de Silleda e Bandeira e a carón do núcleo rural de Barravaite) e dúas reservas de solo urbanizable delimitado industrial.

---

[1] Conta con Autorización ambiental integrada.

A alternativa "dous" sería mais conservadora, descartando todos os desenvolvementos residenciais propostos na alternativa un, pero mantendo as dúas reservas de solo urbanizable delimitado industrial.

As tres alternativas están acompañadas da súa correspondente cartografía, pero esta carece dunha lenda que permita a súa correcta interpretación.

No apartado 5.4 compáranse e analízanse as alternativas "un" e "dous". A comparación das alternativas realízase nunha matriz na que se valora de 0 a 2 o cumprimento dos criterios de sustentabilidade definidos polo DR para cada unhas das variables, resultando a alternativa "dous" a mellor valorada.

O sistema de valoración non se considera axeitado, xa que por unha banda, e tal como recolle o DR, deberanse comparar todas as alternativas –incluída a "0"-, e por outra deberanse xustificar os valores asignados a cada alternativa. Tamén deberá completarse a valoración de alternativas cunha análise que mida o grao en que as alternativas cumpren os obxectivos do Plan (xerais, urbanísticos e medioambientais). Para elo poderán empregarse diversos métodos de avaliación (lóxicos, matemáticos, físicos, etc.) dependendo do ámbito, da información dispoñible, etc.; pero en todo caso, xustificarase a metodoloxía empregada, así como a valoración asignada a cada alternativa.

En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

O ISA, no seu apartado 6, comeza indicando a metodoloxía seguida para avaliar os efectos ambientais que se derivarán do PXOM de Silleda, identificando as principais accións xeradoras de impactos e xustificando a clasificación de solo proposta.

Aporta unha táboa resume (Cadro nº 25) na que para cada variable caracteriza os efectos que sobre ela poderán producirse, analizando para elo o momento (curto, medio e longo prazo), a acumulación (simple, acumulativo), a sinerxía, a persistencia (temporal, permanente), o signo (positivo e negativo) e o seu carácter secundario.

Non se considera axeitado realizar unha valoración global de todos os efectos que poderá producirse sobre una variable, xa que determinadas actuacións do Plan poderán producir diferentes efectos sobre unha mesma variable.

Por outro lado, O ISA asegura que todos os efectos negativos que se deriven do desenvolvemento do Plan serán compensados pola adopción de medidas preventivas e correctoras, motivo polo cal todos os efectos serán caracterizados como positivos. Non é coherente facer esta afirmación cando nin tan sequera se procedeu á identificación dos efectos nin á definición das medidas necesarias para previlos, corrixilos ou compensalos.

Nos apartados 6.1 a 6.15 o ISA analiza cada unhas das variables de sustentabilidade definidas no DR. Da análise realizada poden extraerse certos efectos -positivos e negativos- que o Plan terá sobre

elas. Os efectos identificados son pouco concretos e carecen da correspondente caracterización e valoración.

Para a identificación dos efectos poden empregarse técnicas como as baseadas para a realización de estudios de impacto ambiental, tales como matrices de impacto, técnicas de superposición ou calquera outra recollida en bibliografía de referencia.

De acordo co recollido no anexo I da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, analizaranse non só os efectos positivos e negativos, se non tamén os secundarios, acumulativos, sinérxicos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais.

Para a súa valoración poderán empregarse técnicas propias da avaliación de impactos ambientais, analizando diversos parámetros (intensidade, ámbito, persistencia, etc.) e ponderándoos para obter un valor cuantitativo que permita clasificar os efectos globais como compatibles, moderados, severos ou críticos.

En relación ao deseño de medidas

No apartado 7 do ISA establécense unha serie de medidas preventivas e correctoras para todas as variables, así como unhas específicas do solo rústico e outras a ter en conta durante a fase de obras. Todas as medidas propostas son de carácter xenérico e non se relacionan cos efectos. Tampouco se propoñen medidas encamiñadas a potenciar os efectos positivos.

Tal e como se indicou no DR todas as medidas propostas polo ISA deberan estar destinadas a evitar ou reducir os efectos negativos do Plan e deberán contemplarse aquelas destinadas á potenciación dos efectos positivos. Deberá así mesmo existir unha relación efecto-medida, é dicir, cada efecto identificado deberá levar asociada cando menos unha medida. A maneira mais axeitada de presentar a información é cunha ficha ou cadro para cada medida que, ademais de conter información sobre as súas características, faga mención ao efecto sobre o que actúa, o seu obxectivo, unha estimación da súa eficacia, tipo de medida (compensatoria, correctora, preventiva ou potenciadora) e, de ser posible, un orzamento.

As medidas que se propoñan deberán ser incorporadas á normativa do Plan, sinalando aquelas que deberán aparecer nos plans e proxectos que posteriormente se vaian a desenvolver. Incluiranse as medidas de carácter ambiental reguladas na normativa sectorial vixente e aquelas medidas necesarias que recollan requisitos e/ou especificacións concretas que garantan a integración dos criterios de sustentabilidade. En especial, nas fichas dos sectores urbanizables industriais propostos (SUD-I1 e SUD-I2) deberanse incorporar, entre outras, medidas específicas para a integración paisaxística, para a protección contra os niveles de ruído, para o mantemento da conectividade ecolóxica mediante o establecemento e mantemento dos corredores ecolóxicos cos que lindan e medidas para resolver a relación destes ámbitos co solo rústico de especial protección adxacente.

En relación ao plan de seguimento

O plan de seguimento, descrito no apartado 8, analiza a evolución de todas as variables enumeradas no DR (paisaxe, natureza, patrimonio, sociedade, economía, medio urbano, medio rural, medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclos de materiais, solo e edificacións).

O sistema de indicadores correspóndese co proposto no DR, incluíndo para moitos dos indicadores valores de referencia.

Considera a participación do órgano ambiental para a revisión e elaboración dos informes de seguimento e para a emisión do informes establece unha periodicidade anual durante os primeiros tres anos, trianual entre os catro e os doce anos e cada cinco anos posteriormente.

O plan de seguimento proposto considérase axeitado, debendo realizar a toma de datos de forma anual e a emisión dos informes ao órgano ambiental realizarase cada catro anos, en función do plan de etapas previsto.

En relación ao informe sobre a viabilidade económica

O ISA, no apartado 9, indica que os principais custes aos que deberá facer fronte o Concello de Silleda como consecuencia da execución do PXOM serán os derivados da execución de zonas verdes, equipamentos e infraestruturas. Para a execución de zonas verdes deberá investir 886.000€ (non coincide coa cifra recollida no estudo económico do Plan, que sería de 1.131.000€), para os equipamentos o Concello precisará 525.000€.

No tocante ás actuacións de infraestruturas de saneamento e abastecemento o custo total será de 7.041.000€, dos cales 5.885.000€ serían a cargo do Concello.

Respecto aos gastos derivados do aumento de servizos municipais de recollida de lixo, auga, e saneamento o Plan prevé que sexan cubertos polo incremento de ingresos previsto.

Segundo o ISA, o PXOM de Silleda sería viable económicamente porque o seu desenvolvemento non depende directamente dos recursos municipais.

O informe de viabilidade económica realizado non se axusta ao requirido no DR, xa que só analiza a viabilidade da alternativa seleccionada e ademais non contempla a partida relativa ás medidas propostas no ISA nin ao seguimento. Deberá avaliarse a viabilidade económica de todas as alternativas, así como analizar o custo das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e das de fomento dos positivos.

En relación á análise de coherencia

No apartado 10, o ISA analiza a coherencia interna e externa do Plan. No tocante a coherencia interna a metodoloxía empregada considérase axeitada, pero por contra só se analiza a coherencia de catro obxectivos xerais que, se ben poderían englobar a maioría dos obxectivos definidos na

apartado 4, non permiten avaliala detalladamente. Así, deberá avaliarse de forma desagregada a coherencia interna de todos os obxectivos do PXOM (xerais, específicos e ambientais) coas propostas do Plan e coa diagnose de partida. Recoméndase presentar a información nun cadro ou diagrama no que se establezan as relacións entre diagnose de partida, problema-potencialidade, obxectivo e proposta do Plan.

A coherencia externa do Plan é analizada axeitadamente a través dunha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) de conformidade coas DOT.

En relación ao resumo non técnico

A pesar de que o resumo non técnico debería estar composto por textos de nova redacción, elaborados especificamente para este apartado, e non pola copia literal de fragmentos dos apartados ISA, considerase que este se axusta ao requirido no DR. Se ben, deberá completarse co resumo do apartado da análise de alternativas.

3. CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo da análise en detalle que se levará a cabo na preceptiva Memoria ambiental (MA) por parte do órgano ambiental, considérase que **o ISA do PXOM do Concello de Silleda non se axusta plenamente ao establecido no DR emitido, polo que deberá adecuarse e completarse coas observacións realizadas neste informe, as cales se xustificarán e integrarán dentro do ISA realizado para aprobación inicial ou mediante a realización dun anexo a este.**

Finalmente cómpre salientar, que en virtude do disposto no artigo 13 da Lei 9/2006, do 28 de abril, a proposta de PXOM que finalmente se aprobe con carácter definitivo deberá ter en conta, ademais das consideracións realizadas no presente informe, as alegacións e informes recibidos durante o período de participación e consultas do Plan aprobado inicialmente e as determinacións da MA que emita este órgano ambiental.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2013

Miguel Ángel Veiga Campo
Xefe do servizo de Avaliación Ambiental

MINISTERIO
DE FOMENTO
117/578

SECRETARÍA DE ESTADO DE INFRAESTRUCTURAS, TRANSPORTE Y VIVIENDA
SECRETARÍA GENERAL DE TRANSPORTE
DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL

DESTINATARIO

ALCALDESA DE SILLEDA
AYUNTAMIENTO DE SILLEDA
RUA TRASDEZA, 55
36540 SILLEDA (PONTEVEDRA)
TEL.: 988 58 00 00
FAX: 988 58 10 21

INFORME SOBRE EL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA (PONTEVEDRA) (AEROPUERTO DE SANTIAGO) (EXPEDIENTE 090078) (DOCUMENTO APROBADO INICIALMENTE)

1.- Antecedentes

Por Orden del Ministerio de la Presidencia de 5 de septiembre de 2001 (B.O.E nº 220, de 13 de septiembre) es aprobado el Plan Director del Aeropuerto de Santiago.

Por Orden FOM/3416/2010 del Ministerio de Fomento de 29 de noviembre de 2010 (B.O.E nº 2, de 3 de enero de 2011) es aprobado el nuevo Plan Director del Aeropuerto de Santiago.

Con fecha de 12 de mayo de 2009 tuvo entrada en el Departamento la solicitud por parte del Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra), para que esta Dirección General emitiera informe preceptivo sobre el "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda", conforme a lo establecido en la Disposición Adicional Segunda del Real Decreto 2591/1998. El 5 de agosto de 2009, esta Dirección General evacuó el informe preceptivo solicitado con carácter desfavorable.

El Pleno del Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra) en sesión extraordinaria celebrada el día 18 de diciembre de 2012, adoptó el acuerdo de aprobar inicialmente el "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda".

CONCELLO DE SILLEDA
02 MAI. 2013
NÚM. 2327
ENTRADA

Pº DE LA CASTELLANA, 67
28071 MADRID
TEL: 91 5975353
91 5975356
FAX: 91 5975357

Con fecha de 15 de febrero de 2013 tiene entrada en el Departamento la solicitud por parte del Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra), para que esta Dirección General emita informe preceptivo sobre el "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda", conforme a lo establecido en la Disposición Adicional Segunda del Real Decreto 2591/1998 modificado por Real Decreto 1189/2011.

Mediante escrito de fecha 5 de abril de 2013, esta Dirección General remitió a Aena un borrador de informe sobre el "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda", recibiéndose como respuesta, con fecha de 24 de abril de 2013, un informe de Aena considerando, dicho borrador, correcto en lo que respecta a sus competencias.

Por todo lo anterior y en relación con los trámites que sigue el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra) respecto al "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda", y a los efectos previstos en la Disposición Adicional Segunda del Real Decreto 2591/1998 modificado por Real Decreto 1189/2011, en lo que afecciones aeroportuarias se refiere, se informa de lo siguiente:

No habiéndose recibido la documentación en lengua castellana, este informe se evacua, por tanto, con la salvedad que pueda derivarse de la correcta interpretación de los textos en otra lengua.

2.- Remisión de los proyectos urbanísticos y carácter del informe

Conforme a lo que establece la Disposición Adicional Segunda del referido Real Decreto, la remisión al Ministerio de Fomento de los instrumentos de ordenación que afecten a la Zona de Servicio de los Aeropuertos de Interés General o a sus espacios circundantes sujetos a las Servidumbres Aeronáuticas establecidas o a establecer, debe realizarse antes de la Aprobación Inicial, estableciéndose un plazo de tres meses para la emisión del informe antes de poder continuar con la tramitación de los instrumentos de ordenación.

En cuanto al carácter del presente informe, no se trata de alegaciones emitidas durante la fase de información pública, sino que posee carácter preceptivo y vinculante, estableciéndose en el artículo anteriormente mencionado que no podrán aprobarse

definitivamente los planes que no acepten las observaciones formuladas por el Ministerio de Fomento, en lo que afecte a las competencias exclusivas del Estado.

La obligación de que sean informados los planes territoriales y urbanísticos que afecten a la Zona de Servicio Aeroportuaria o a sus espacios circundantes sujetos a Servidumbres Aeronáuticas establecidas o a establecer para preservar las competencias estatales en materia aeroportuaria así como su carácter vinculante se hallan amparados plenamente en la Sentencia del Tribunal Constitucional 46/2007, de 1 de marzo de 2007.

3.- Normativa Sectorial

Se observa incluida en las Normas Urbanísticas del Plan General de Ordenación Municipal de Silleda, la normativa sectorial aplicable indicada en el informe evacuado por esta Dirección General de 5 de agosto de 2009. No obstante, la aparición de nueva normativa obliga a indicar que dicho Plan General deberá incluir mención a la normativa sectorial aplicable en la actualidad. En particular:

Decreto 584/72, de 24 de febrero (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de Servidumbres Aeronáuticas, modificado por Decreto 2490/74, de 9 de agosto (B.O.E. nº 218, de 11 de septiembre), por Real Decreto 1541/2003, de 5 de diciembre (B.O.E. nº 303, de 19 de diciembre) y por Real Decreto 1189/2011, de 19 de agosto (B.O.E. nº 204, de 25 de agosto).

Real Decreto 2591/1998, de 4 de diciembre, de Ordenación de los Aeropuertos de Interés General y su Zona de Servicio (B.O.E. nº 292, de 7 de diciembre) modificado por Real Decreto 1189/2011, de 19 de agosto (B.O.E. nº 204, de 25 de agosto).

Orden FOM/3416/2010 del Ministerio de Fomento de 29 de noviembre de 2010 por la que es aprobado el Plan Director del Aeropuerto de Santiago (B.O.E nº 2, de 3 de enero de 2011).

4.- Servidumbres Aeronáuticas

4.1.- Normativa Aplicable y Criterios de Referencia

Servidumbres Aeronáuticas establecidas conforme a la Ley 48/60, de 21 de julio (B.O.E. nº 176, de 23 de julio) sobre Navegación Aérea, y Decreto 584/72, de 24 de febrero (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de Servidumbres Aeronáuticas, modificado por Decreto 2490/74, de 9 de agosto (B.O.E. nº 218, de 11 de septiembre), por Real Decreto 1541/2003, de 5 de diciembre (B.O.E. nº 303, de 19 de diciembre) y por Real Decreto 1189/2011, de 19 de agosto (B.O.E. nº 204, de 25 de agosto).

Real Decreto 799/1991, de 31 de julio, por el que se modifican las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago de Compostela (B.O.E. núm. 122, de 22 de mayo).

Propuesta de Servidumbres Aeronáuticas contenidas en el Plan Director del Aeropuerto de Santiago aprobado por Orden FOM/3416/2010 del Ministerio de Fomento de 29 de noviembre de 2010 (B.O.E nº 2, de 3 de enero de 2011), definidas en base al Decreto de Servidumbres Aeronáuticas y los criterios vigentes de la Organización de Aviación Civil Internacional (O.A.C.I.).

4.2.- Afecciones sobre el Territorio.

Consideraciones Generales

Gran parte del término municipal de Silleda se encuentra incluida en las Zonas de Servidumbres Aeronáuticas Legales correspondientes al Aeropuerto de Santiago. En los planos que se adjuntan como Anexo I a este informe, se representan las líneas de nivel de las superficies limitadoras de las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago que afectan a dicho ámbito, las cuales determinan las alturas (respecto al nivel del mar) que no debe sobrepasar ninguna construcción (incluidos todos sus elementos como antenas, pararrayos, chimeneas, equipos de aire acondicionado, cajas de ascensores, carteles, remates decorativos, etc.), modificaciones del terreno u objeto fijo (postes, antenas, aerogeneradores incluidas sus palas, carteles, etc.), así como el gálibo de viario o vía férrea.

Se observa recogido el párrafo anterior en la normativa del Plan General, en el *Artículo 265. Afecciones sobre el territorio* del *CAPÍTULO IV.-DOTACIONES DE COMUNICACIONES AEROPORTUARIAS.*

Por otra parte, si bien el 'Plan General de Ordenación Municipal de Silleda' incorpora entre sus planos las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago correspondientes al Real Decreto 799/1991, debido a que por Orden FOM/3416/2010 del Ministerio de Fomento de 29 de noviembre de 2010 (B.O.E nº 2, de 3 de enero de 2011), se ha aprobado el nuevo Plan Director del Aeropuerto de Santiago, el Plan General deberá incorporar también entre sus planos normativos, los planos de las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago que figuran en el Anexo I.

En particular, el término municipal de Silleda se encuentra principalmente afectado por la Superficie de Aproximación, Superficie de Subida en Despegue, Superficie de Aproximación Intermedia de la maniobra VOR RWY 35, Superficie de Aproximación Intermedia de la maniobra ILS RWY 35, Superficie de Aproximación Final de la maniobra VOR RWY 35, Superficie de Aproximación Final de la maniobra ILS RWY 35 y Superficie correspondiente a los sistemas visuales indicadores de pendiente de aproximación VASIS de la cabecera 35.

Servidumbres Aeronáuticas de Operación de las aeronaves

Con carácter general se informa desfavorablemente, a estos efectos y conforme a la documentación recibida, la reclasificación o, en su caso, la recalificación que aumente las alturas de aquellas zonas en que el terreno vulnere o se encuentre próximo a las cotas de las Superficies de Operación de las Aeronaves, o bien la altura de construcciones, postes, antenas, carteles, etc., vulnere dichas superficies.

Teniendo en cuenta las cotas del terreno sobre el nivel del mar, según la cartografía disponible, la altura de las construcciones permitidas en el Plan General de Ordenación Municipal de Silleda y la cota de las Servidumbres Aeronáuticas, se estima que se puede producir la vulneración de las servidumbres aeronáuticas por las construcciones que pudieran permitirse, entre otros ámbitos, en:

- Suelo Rústico de Protección Agropecuaria en el entorno de 'TIXOA'.
- Suelo Rústico de Protección de Espacios Naturales en el entorno de 'BRAÑAS DO XESTOSO'.

No obstante, el "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda" recoge una serie de disposiciones que aseguran el cumplimiento de la normativa en materia aeroportuaria en caso de plantearse nuevas edificaciones o instalaciones en los mencionados ámbitos de Suelo Rústico, tal y como se especifica en el epígrafe de Disposiciones en materia de aeroportuaria del planeamiento del presente informe.

Aerogeneradores, líneas de transporte de energía eléctrica e infraestructuras de telecomunicaciones

En cuanto a la posible instalación de aerogeneradores, debido a su gran altura, en la que se ha de incluir la longitud de sus palas, se ha de asegurar que en ningún caso incumplan la normativa relativa a las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago. Lo mismo se ha de aplicar para las líneas de transporte de energía eléctrica, las infraestructuras de telecomunicaciones, tales como antenas de telefonía y enlaces de microondas, y demás estructuras que por su funcionamiento precisen ser ubicadas en plataformas elevadas.

Dada la altura libre existente entre las cotas del terreno y las servidumbres aeronáuticas en algunas zonas del término municipal de Silleda, como es el caso del entorno de 'TIXOA' y de 'BRAÑAS DO XESTOSO', la instalación de aerogeneradores, líneas de transporte de energía eléctrica o infraestructuras de telecomunicaciones podría producir la vulneración de las servidumbres aeronáuticas, por lo que el planeamiento deberá incluir una cláusula que prohíba la ejecución de dichas instalaciones sin contar previamente con autorización expresa de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea, AESA.

Disposiciones en materia aeroportuaria recogidas por el planeamiento

El *CAPÍTULO IV.-DOTACIONES DE COMUNICACIONES AEROPORTUARIAS*, incluido en las Normas Urbanísticas del Plan General de Ordenación Municipal de Silleda, recoge en relación con las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago lo siguiente:

"Artigo 264.-Ámbito de aplicación

1. Comprende os terreos afectados pola servidume aeronáutica, do Aeroporto de Santiago que afecta ás clasificacións de solo:

a) Solo urbano

b) Solo rústico

c) Solo de nucleo rural

d) Solo urbanizalbe

2. A servidume aeronáutica grafíase no plano de información denominado IV.13.

Artigo 265.-Afeccións sobre o territorio

Parte do termo municipal de Silleda etópase incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas Legais correspondentes ao Aeroporte de Santiago. No plano de información denominado IV.13 representanse as liñas de nivel das superficies limitadoras das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago que afectan a dito eido, as cales determinan as alturas (respecto ao nivel do mar) que non debe sobrepasar ningunha construcción (incluídos tódolos seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativso, etc.), modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, carteis, etc.), así como o gálibo dos vehículos.

O eido de estudo atópase situado nunha zona especialmente sensible para a operación do aeroporto como é a prolongación do eixo da pista, véndose principalmente afectado polas Superficies de Aproximación e Superficies de Subida en Despegue.

Segundo o artigo 10 do Decreto 584/72, de Servidumes Aeronáuticas, as instalacións previstas no Plan Xeral afectadas pola servidume non emiten fume, polvo, néboa ou calquera outro fenómeno en niveis que constitúan un risco para as aeronaves que operan no Aeroporto de Santiago de Compostela incluídas as instalacións que poidan supor un refuxio de aves en réxime de libredade. Por outro lado, déberanse ter en conta

as posibles reflexións da luz solar nos tellados e cubertas, así como fontes de luz artificial que pudieran molestar ás tripulacións das aeronaves e poñer en perigo a seguridade das operacións aeronáuticas.
As infraestructuras viarias deberán ter en conta as servidumes aeronáuticas, evitando que a sinalozación, postes, carteis, etc., ou o gálibo dos vehículos invadan ditas superficies, que poderían provocar perturbacións nas sinais radioeléctricas para a navegación aérea.

No obstante, el mencionado Capítulo IV, artículo 265 de las Normas Urbanísticas del Plan General deberá modificar su redacción para recoger correctamente la Normativa sobre Autorizaciones en materia de Servidumbres Aeronáuticas, pues donde dice:

"O termo municipal de Silleda ao atoparse incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas Legais, a execución de calquer construcción ou estrutura (postes, antenas, aeroxeradores –incluídas as palas-, etc.) e a instalación dos medios necesarios para a súa construcción (incluídas as grúas de construcción e similares), requerirá resolución favorable conforme aos artigos 29 e 30 do Decreto sobre Servidumes Aeronáuticas."

Debería decir:

"En aquellos ámbitos del municipio de Silleda incluidos en las Zonas de Servidumbres Aeronáuticas Legales, la ejecución de cualquier construcción o estructura (postes, antenas, aerogeneradores-incluidas las palas- etc.), y la instalación de los medios necesarios para su construcción (incluidas las grúas de construcción y similares), requerirá resolución favorable ***previa de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA)****, conforme a los artículos 29 y 30 del Decreto 584/72* ***en su actual redacción****, circunstancia que deberá recogerse en los documentos de planeamiento."*

Igualmente, el Capítulo IV, artículo 265 de las Normas Urbanísticas del Plan General deberá recoger lo siguiente:

"En aquellas zonas del término municipal de Silleda que no se encuentran situadas bajo las Servidumbres Aeronáuticas correspondientes al Aeropuerto de Santiago, la ejecución de cualquier construcción o estructura (postes, antenas, aerogeneradores-incluidas las palas- etc.), y la instalación de los medios necesarios para su construcción (incluidas las grúas de construcción y similares), que se eleve a una altura superior a los 100 metros sobre el terreno o sobre el nivel del mar dentro de aguas jurisdiccionales requerirá pronunciamiento previo de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) en relación con su incidencia en la seguridad de las operaciones aéreas, conforme a lo dispuesto en el artículo 8 del Decreto 584/72 en su actual redacción."

Conclusión

En consecuencia con todo lo anteriormente expuesto, este Centro Directivo informa favorablemente el "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda", en lo que a Servidumbres Aeronáuticas se refiere, con las condiciones impuestas en este informe, y en particular:

- Incorporar entre los planos con contenido normativo los planos de las servidumbres aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago que se adjuntan como Anexo I al presente informe.

- Incorporar en el Capítulo IV, artículo 265 de las Normas Urbanísticas, las siguientes disposiciones:
    - *"En cuanto a la posible instalación de aerogeneradores, debido a su gran altura, en la que se ha de incluir la longitud de sus palas, se ha de asegurar que en ningún caso incumplan la normativa relativa a las Servidumbres Aeronáuticas del Aeropuerto de Santiago. Lo mismo se ha de aplicar para las líneas de transporte de energía eléctrica, las infraestructuras de telecomunicaciones, tales como antenas de telefonía y enlaces de microondas, y demás estructuras que por su funcionamiento precisen ser ubicadas en plataformas elevadas."*
    - *"En aquellas zonas del término municipal de Silleda que no se encuentran situadas bajo las Servidumbres Aeronáuticas correspondientes al Aeropuerto de*

Santiago, la ejecución de cualquier construcción o estructura (postes, antenas, aerogeneradores-incluidas las palas- etc.), y la instalación de los medios necesarios para su construcción (incluidas las grúas de construcción y similares), que se eleve a una altura superior a los 100 metros sobre el terreno o sobre el nivel del mar dentro de aguas jurisdiccionales requerirá pronunciamiento previo de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) en relación con su incidencia en la seguridad de las operaciones aéreas, conforme a lo dispuesto en el artículo 8 del Decreto 584/72 en su actual redacción."

- Modificar la redacción del artículo 265 de las Normas Urbanísticas del Plan General para recoger correctamente la Normativa sobre Autorizaciones en materia de Servidumbres Aeronáuticas:

  "En aquellos ámbitos del municipio de Silleda incluidos en las Zonas de Servidumbres Aeronáuticas Legales, la ejecución de cualquier construcción o estructura (postes, antenas, aerogeneradores-incluidas las palas- etc.), y la instalación de los medios necesarios para su construcción (incluidas las grúas de construcción y similares), requerirá resolución favorable ***previa de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA)****, conforme a los artículos 29 y 30 del Decreto 584/72* ***en su actual redacción****, circunstancia que deberá recogerse en los documentos de planeamiento."*

A efectos de poder verificar la adecuada inclusión en la normativa urbanística de las disposiciones que dan cumplimiento al contenido del presente informe, se habrá de remitir el documento subsanado del "Plan General de Ordenación Municipal de Silleda" previamente a su aprobación definitiva.

Información sobre la propuesta de servidumbres aeronáuticas en tramitación

ESCALA	1:2.000				
DATA	maio 2013	**Nº DE PLANO :** 4			



CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SERVICIO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
DISTRITO FORESTAL "DEZA TABEIRÓS"

USO DO SOLO NO MCMV DE OUTEIRO

UNIDADES: Núcleo rural Histótico-tradicional: 0,57ha Solo rústico de protección agropecuaria:0,07ha	**CONCELLO** Silleda	**PARROQUIA** Escuadro	**LUGAR** Bustelo	**Xestión pública:** Non **Espacio natural protexido:** Non
FOLLAS PXOM	16 de 32	**O ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL** Diego Núñez Ruiz		**MONTE** MVMC de Outeiro
ESCALA	1:2.000			
DATA	maio 2013	**Nº DE PLANO :** 1		



CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SERVICIO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
DISTRITO FORESTAL "DEZA TABEIRÓS"

USO DO SOLO NO MCMV DE XUBIN

UNIDADES: Solo rústico de protección das augas: 16,8 ha Solo rústico de protección agropecuaria: 51,7 ha		**CONCELLO** Silleda	**PARROQUIA** Varias	**LUGAR** Varios	**Xestión pública:** Non **Espacio natural protexido: Non**
FOLLAS PXOM	25 e 28 de 32	**O ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL**			**MONTE**
ESCALA	1:10.000	Diego Núñez Ruiz			MVMC Chamor
DATA	maio 2013	**Nº DE PLANO :** 3			



CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SERVICIO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
DISTRITO FORESTAL "DEZA TABEIRÓS"

USO DO SOLO NO MCMV DE CURROSPEDRIÑOS

UNIDADES: Solo rústico de protección de infraestructuras: 0,3ha Solo rústico de protección agropecuaria:8,3ha Solo rústico de protección para zonas con interese patrimonial artístico ou histórico:2,7ha		**CONCELLO** Silleda	**PARROQUIA** Refoxos	**LUGAR** Corrospedriños	**Xestión pública:** Non **Espacio natural protexido: Non**
FOLLAS PXOM	24 e 25 de 32	**O ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL**			**MONTE**
ESCALA	1:5.000	Diego Núñez Ruiz			MVMC de Currospedriños
DATA	maio 2013	**Nº DE PLANO :** 2			



CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SERVICIO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
DISTRITO FORESTAL "DEZA TABEIRÓS"

SUPERFICIE QUEIMADA 2003-2012

UNIDADES:	CONCELLO	PARROQUIA	LUGAR	
Superficie queimada: 1113,15 ha	Silleda	--	--	Xestión pública: -- Espacio natural protexido: --
FOLLAS PXOM	---	O ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL		MONTE
ESCALA	1:60.000	Diego Núñez Ruiz		---
DATA	maio 2013	Nº DE PLANO : 5		

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

axencia galega da infraestruturas axi

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

Casa Consistorial, General Franco, 55

36540 SILLEDA (PO)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 08/07/2013 11:47:47
SAÍDA 67704 / RX 435799

CONCELLO DE SILLEDA
10 XUL. 2013
NÚM. 3870
ENTRADA

Jmgj/Bvfc

Achégase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ***ó "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PO)". (645)***

Santiago de Compostela, 08 de xullo de 2013

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

José Manuel Guerra Janeiro

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
axencia galega de infraestruturas axi
Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PO)

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, así como no artigo 15 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado as seguintes:

Documento: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

Promotor: CONCELLO DE SILLEDA

Redactor: Eptisa.

Estradas autonómicas afectadas

Código	Denominación	Categoría	Lonxit. afectada (km)
PO-534	Lalín (N-525)-Folgoso (N-541)	Rede Primaria Básica	7,810
PO-205	Silleda (N-525)-Vila de Cruces	Rede Primaria Complementaria	5,210
PO-201	Silleda (Deput.)-Laro (PO-534)	Rede Secundaria	8,040
PO-204	A Bandeira (N-525)-Vila de Cruces	Rede Secundaria	6,320
PO-210	A Bandeira (N-525)-Estación FFCC da Bandeira	Rede Secundaria	1,970
PO-211	Silleda (N-525)-Estación FFCC de Silleda	Rede Secundaria	2,310

Con data 10 de xuño de 2009 foi emitido, por parte deste organismo, informe ó PXOM de Silleda. Con data 13 de febreiro de 2013 presentase nova documentación para informe.

Á vista da nova documentación presentada, así como dos datos referentes ás estradas afectadas, emítese o seguinte informe:

1.- DOCUMENTACIÓN:

No anterior informe indicábase a necesidade de diferenciar as categorías das estradas autonómicas nos planos de información, dato este que segue sen subsanarse.

No apartado 2.3.1.1. da memoria deberán clasificarse as estradas autonómicas segundo o expresado no presente escrito, feito que xa se solicitou no anterior informe.

Na normativa farase constar que os peches diáfanos a distancias inferiores á liña límite de edificación so serán autorizados por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro. Este punto xa se solicitaba no anterior informe e non se inclúe na normativa presentada.

PO-534: A renovación do trazado desta estrada leva consigo unha modificación dalgún dos accesos, que non se reflicten nin na cartografía, nin na súa posterior clasificación. Actualizarase a cartografía poñendo especial coidado nestes accesos, como é o encontro da EP-6503 coa PO-534.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
axencia galega de infraestruturas axi
Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

O encontro da estrada PO-534 coa PO-201, nas proximidades do núcleo de Freixeiro, resólvese cunha rotonda, que non aparece reflectida na cartografía, o que inflúe nos planos de clasificación. Actualizarase a cartografía, así como os planos de clasificación clasificando como solo rústico de protección de infraestructuras o ámbito necesario.

En dirección cara ao sur, a partir da devandita rotonda, aparece na cartografía referencia á estrada PO-200, cando este ramal segue pertencendo á PO-534. Este erro reprodúcese no encontro da PO-201 e a EP-7201, onde a cartografía pon PO-211. Actualizarase a cartografía, eliminando toda referencia que non lle sexa de aplicación, tomando como punto de partida o inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).

Tanto nos planos de información coma nos planos de clasificación, pasada a Autoestrada AP-53, a traza da estrada PO-211 non segue a recollida no citado catalogo de estradas. Este erro tamén se comete na zona urbana de Silleda.

2.- CLASIFICACIÓN DO SOLO RÚSTICO

Fora do ámbito do solo urbano e dos núcleos rurais tradicionais, e independentemente da súa cualificación como sistema xeral, as estradas autonómicas deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras canto menos ata a liña límite da edificación definida na lexislación vixente de estradas (ata a resta exterior da explanación). Este aspecto xa se indicaba no anterior informe e non foi modificado.

Esta distancia non se cumpre na estrada PO-534, na cal ademais clasifícase como solo rústico de protección de infraestructuras a traza vella da estrada recentemente renovada. Lémbrase que neste caso é de especial relevancia a aresta exterior da explanación.

Na estrada PO-205 a clasificación do solo rústico de protección de infraestructuras medirase dende a aresta exterior da explanación ou, como mínimo, do dominio público. No tramo desta estrada desde o recinto feiral ata o límite municipal, a plataforma ten un ancho mínimo de 12, non podendo polo tanto ter o solo rústico de protección de infraestructuras un ancho inferior a 31 m.

Estrada PO-201: Deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras o ámbito necesario da glorieta executada na intersección coa estrada provincial EP-7201.

Na estrada PO-211 a clasificación do solo rústico de protección de infraestructuras medirase dende a aresta exterior da explanación ou, como mínimo, do dominio público. No tramo desta

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

estrada a plataforma ten un ancho mínimo de 8, non podendo polo tanto ter o solo rústico de protección de infraestructuras un ancho inferior a 22 m.

3. SOLO DE NÚCLEO RURAL

No plano de ordenación do núcleo de Portodabalde (22.04), aparece na lenda a liña que delimita o límite de edificación, que non ven reflexada no tramo correspondente a estrada PO-534. Corrixirase este erro tendo en conta a categoría da estrada.

No extremo oeste do núcleo de O Burgo e tendo en conta o novo trazado da PO-201, a clasificación de solo rústico de protección de infraestruturas medirase dende a aresta exterior da explanación, liña esta que ven debuxada. Tendo en conta a categoría da estrada, eliminarase o tramo de núcleo que invada dita liña.

No núcleo de Pazos (21.04) as aliñacións invaden terreos ocupados polo talud do novo trazado da estrada PO-201. Por outra banda a aliñación ou a liña de recuado obrigatorio medirase dende a resta da explanación.

4. SOLO URBANO.

Solo urbano de Bandeira: Reitérase o indicado no anterior informe ó respecto de fixar a as aliñacións en atención ás definidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal.

Visto o que antecede procede informar o documento presentado **desfavorablemente**, debendo subsanarse as deficiencias detectadas e remitir novamente o expediente a esta Axencia Galega de Infraestruturas para a emisión de novo informe.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 4 de xullo de 2013

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

José Manuel Guerra Janeiro

VºBº
O Xefe da Área de Planificación e Programación

Héctor Presas Veiga

O Xefe de Servizo de Planificación e Programación

Carlos Lefler Gulloso

Conforme
A Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle

Concello de Silleda

CONCELLO DE SILLEDA
28 OUT. 2013
NÚM. 2890
S A Í D A

En relación co PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA, dáselle traslado de copia do **informe emitido pola Subdirección Xeral da Xestión do Dominio Público Hidráulico.**

Un saúdo.

Silleda, 23 de outubro de 2013.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Manuel Cuiña Fernández

eptisa
30 OCT. 2013
ENTRADA 1087

EPTISA.-

Rúa José Luis Pérez Cepeda, nº 5-7

15004 – A CORUÑA.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 141. Fax 981 541 913
augasdegalicia@xunta.es
http://augasdegalicia.xunta.es

12540 16.10.2013 10:59

Concello de Silleda
Trasdeza, 55
36540 SILLEDA (PO)

CONCELLO DE SILLEDA
17 OUT. 2013
NÚM. 5444
ENTRADA

ASUNTO: **REMISIÓN DE INFORME**

Remitimos o informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico relativo ó "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA".

Santiago de Compostela 15 de outubro de 2013
O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez

galicia

Urbanismo

(1)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA
ASUNTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA
PETICIONARIO: CONCELLO DE SILLEDA

Obxecto

Informe solicitado polo concello de Silleda sobre o **"Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda"**, en base ó establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia.

Antecedentes

Con data 18/01/2013 o Concello envía a documentación á Administración Hidráulica co gallo de solicitar informe. A documentación ten entrada en Augas de Galicia o 21 de xaneiro de 2013.

Lexislación aplicable

Primeiro.- Competencia para emisión de informe

- Artigo 25.4 do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Artigo 11 e 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Gallicia.

Segundo.- Lexislación específica

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Real decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.

Análise da documentación

Analizada a documentación aportada, consistente en: DOC I: Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións; DOC II: Estudo do medio rural; DOC III: Análise do modelo de asentamento poboacional; DOC IV: Planos de información; DOC V: Planos de ordenación urbanística; DOC VI: Normas urbanísticas; DOC VII: Estratexia de actuación; DOC VIII: Estratexia de actuación; DOC VII: Estudo económico; DOC IX: Catálogo de elementos a protexer ou recuperar; DOC X: Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental e DOC XI: Informe ou memoria de sustentabilidade económica, infórmase o seguinte referido aos bens tutelados por este organismo de conca:

Rede fluvial

O concello de Silleda atópase dentro do sistema de explotación 05 Río Ulla e Ría de Arousa marxe dereita, como recolle o PXOM. Unha vez comprobada a rede fluvial recollida na documentación, obsérvase que están recollidos todos os ríos codificados polo PHGC, isto é, aqueles ríos que contan cunha conca de aportación maior de 1 km², pero non identificados, posto que na documentación só mencionan os mais significativos. Achégase no anexo1 un plano coa identificación dos ríos e masas de auga codificados por Augas de Galicia. Cabe sinalar que esta rede constitúe a rede mínima que debe ser considerada, destacando, en todo caso, que en calquera curso fluvial que discorra polo concello, codificado ou non, é de aplicación a lexislación de augas, debéndose respectar as súas zonas de servidume e policía, así como as limitacións de usos recollidas na lexislación.

Zonas protexidas

Na documentación do PXOM recóllense as áreas obxecto de protección do concello de Silleda, Deste xeito aparecen recollidos as Brañas de Xestoso, o Sistema Fluvial Ulla-Deza e a Serra de Candán como Lugares de Importancia Comunitaria e como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais , o Balneario Os Baños de Brea como Augas Mineiro Termais Perímetro.
Sen embargo, non aparecen recollidas tódalas zonas protexidas recollidas no Rexistro do Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia- Costa, aprobado por RD1332/2012, aspecto que debe ser tido en conta. Deste xeito non se recollen as zonas protexidas para abastecemento humano, a Reserva Natural Fluvial Río Candán (ES014RNFL000000006) e o Tramo de Especial interese de Especies Ameazadas no río Candán (ES014TIEX000000022).
Destacar que as Reservas Naturais Fluviais contan cunha protección especial de cara a preservar o seu estado prístino, polo que queda prohibido o outorgamento de novas concesións ou autorizacións de uso do dominio público hidráulico, agás as concesións referidas para abastecemento, atendendo a unha xustificación debidamente xustificada.
Achégase no anexo 2 un plano no que se definen pormenorizadamente as captacións de abastecemento humano.
Estas zonas deben ser consideradas na documentación do PXOM

Zonas inundables

Tendo en conta os estudos que está a realizar Augas de Galicia, delimitouse no límite do ámbito do concello de Silleda unha área con risco potencial significativo de inundación, no río Ulla (ES014-CP-05-03-14), que aparece correctamente recollida na documentación do PXOM.
Na ordenación urbanística desta zona, deberase recoller de xeito concreto o risco de inundación e facer o desenvolvemento adoitando as limitacións necesarias para minimizar os efectos negativos das inundacións sobre as persoas, os bens e o medio ambiente, e limitando os usos en zona de fluxo preferente seguindo o artigo 42 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia - Costa.
Na páxina web de Augas de Galicia, http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/, pódese consultar e descargar as ARPSIS, así como no caso de que estean estudados, as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

Solo Rústico de Protección de Augas

O PXOM define na memoria xustificativa e na normativa o solo rústico de protección de augas seguindo o artigo 32°.2.d) da LOUG (Lei 9/2002), como os terreos do municipio situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas continentais como canles naturais, ribeiras e marxes das correntes de auga e, como leito ou fondo das lagunas e encoros terreos inundados e zonas húmidas e as súas zonas de servidume. Inclúen tamén nesta categoría de solo as zonas de protección que delimita o PXOM e os instrumentos de ordenación do territorio que se estenderán como mínimo a zona de policía definida pola lexislación de augas, salvo nas zonas nas que o PXOM xustifica a súa redución.
Posto que no PXOM non aparece ningunha xustificación sobre a redución a aplicar, desde este organismo considérase que a franxa de protección esténdese como mínimo a zona de policía de 100 m definida no artigo 6 do TRLA e do RDPH. No caso de querer reducir a extensión do solo rústico de protección de augas, deberá aparecer claramente a xustificación na documentación, tendo en conta que desde o punto de vista de Augas de Galicia, nas masas de auga non se considera adecuada a redución de cara a garantir a protección da masa de auga, e no resto dos cauces deberá considerarse como mínimo unha protección de 25m.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

No artigo 402 da normativa indícanse os usos permitidos no solo rústico de protección de augas, transcribindo os usos contemplados no artigo 38 da LOUG (Lei 9/2002) e facendo referencia a lexislación sectorial de augas.
Obsérvase no SUD-12 de uso industrial, que edificacións existentes se atopan en solo rústico de protección de Augas e posto que o uso industrial non está recollido no artigo 38 da LOUG (Lei 9/2002) este aspecto debe ser valorado e corrixido.

Liña de edificación en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural

No artigos 403 e 404 propóñense unhas liñas de edificación para os solos urbanos, urbanizables e de núcleo rural. Deste xeito establécense as seguintes liñas:

- Solo urbano consolidado e solo de núcleo rural establécense nas marxes das canles, grafadas nos planos de ordenación.
- Solo urbano non consolidado, solo urbanizable e plans especiais de ordenación dos núcleos rurais establécese unha liña de edificación de como mínimo 30 m. Estas zonas destinaranse a espazos libres e zonas verdes.

Non se considera suficiente a definición gráfica da liña de edificación no caso de solo urbano consolidado e solo de núcleo rural, debendo aportar na memoria as liñas definidas en cada caso.
As edificacións que se atopen en zona de servidume ou en zona inundable, no caso que se propoña unha modificación que afecte á estrutura, superficie ou volume edificado, ou calquera outra variación substancial das obras deberá adaptarse á normativa vixente en materia de augas, con especial atención ó respecto do establecido para a zona de servidume do leito e para zona inundables.
No resto dos casos considérase axeitada a protección mínima establecida de 30 m e o establecemento de zonas verdes e espazos libres. Neste caso a liña de edificación poderá aumentarse no caso de que se trate dunha zona con risco potencial e significativo de inundación onde haberá que delimitar a zona de fluxo preferente que deberá ser validada pola administración hidráulica, ou que na autorización expresa de Augas de Galicia, necesaria para as actuacións en zona de policía, se estableza a necesidade dunha maior protección unha vez analizadas as actuacións concretas de cara a non producir afeccións sobre o medio hídrico.

Abastecemento

O concello de Silleda conta coa rede de Silleda , rede de Bandeira e redes veciñais.
A rede de Silleda capta en mananciais próximos a Xiador e no río Deza. No primeiro caso a auga condúcese por gravidade ata un depósito de 400 m³ e no segundo mediante una azud desvíase a auga ata un grupo de bombeo e impúlsase ata a ETAP de Marco, o seu carón hai un depósito de 1800 m³. Desde ambos distribúese a auga as parroquias de Silleda, Xiador, Taboada, Vilar e ao polígono industrial Área 33.
A rede de Bandeira capta en mananciais cerca de Costela e do río Toxa. Os mananciais están conectados por gravidade e conducen as augas ata un depósito de 200 m³. Do río Toxa, cáptase a través dun bombeo e impulsase ata a ETAP de Bandeira que deriva as augas a un depósito de regulación de 700 m³. A auga tratada envíase a rede de Manduás e Chapa.
As redes municipais están contempladas no expediente de clave DH.A36.14757 actualmente en tramitación.
As redes veciñais dan subministro as parroquias de Laro, Parada e Refoxos, mediante mananciais e redes que funcionan por gravidade ata os depósitos de cada unha das tres parroquias. De cara a conseguir a regularización de tódolos aproveitamentos, non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu abastecemento mediante redes veciñais existentes ou novas captacións sen concesión administrativa ou sen recoñecemento do uso privativo por disposición legal posto que non se pode garantir o abastecemento. Este aspecto deberá ser recollido na Normativa do Plan Xeral.

Sobre as capacidades, na memoria indícase que os mananciais existentes teñen capacidade para asumir o consumo actual e a rede de Silleda e de A Bandeira tamén. Recóllese que o Plan de Abastecemento de Galicia (Plan Auga) define as seguintes actuacións:
Ampliación da rede de Silleda ata a Ponte, Magaride e Taboada; Ampliación da rede de Bandeira; Creación de rede en Escuadro e Cortegada; Renovación e mellora da ETAP de Bandeira e substitución das redes antigas no núcleo de Silleda.

Saneamento

O concello conta con dúas redes unitarias de saneamento, que dan servizo aos núcleos de Silleda e a de A Bandeira.
A EDAR de Ponte recolle as augas residuais de Silleda e do Polígono Industrial Área 33 e o seu efluente verte ao regato Oisa. A EDAR DE Bandeira recolle as augas residuais de Lamela, Mánduas e Chapa e o efluente verte ao río Cervaíña. O Recinto Ferial de Silleda conta coa súa propia depuradora. O resto dos núcleos do concello non contan con rede de saneamento e contan con fosas sépticas. Recórdase que as fosas sépticas deben ser estancas. No caso de non selo e producir afeccións á rede fluvial deberán solicitar autorización de vertido a Augas de Galicia.
De cara a conseguir unha adecuada preservación do media hídrico, non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu saneamento mediante redes que verten a cauces sen autorización de Augas de Galicia, aspecto que deberá ser recollido na Normativa do Plan Xeral.

Outras consideracións

No artigo 395 da normativa referido ao réxime de protección da zona de policía reflíctese no apartado punto 9.b: " Prohíbese a realización de calquera tipo de construción a menos de 20 m do cauce, excepto aquelas que pola súa singularidade, deban situarse a menor distancia, para que o que necesitarán a previa autorización da administración hidráulica". Esta consideración é errónea posto que seguindo o artigo 9 do RDPH calquera obra ou traballo en zona de policía cauces precisará autorización administrativa previa do organismo de conca. Esta autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas. Polo exposto este artigo da normativa deberá ser corrixido.

Deberase actualizar a lexislación de augas, engadindo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o Plan Hidrolóxico Galicia Costa aprobado por Real Decreto 1132/2012 de 14 de setembro.

Destacar que calquera instrumento de planeamento derivado deste Plan Xeral de Ordenación deberá ser tamén informado por este organismo de conca y calquera actuación en Dominio Público Hidráulico, zona de servidume e policía requirirá autorización seguindo a lexislación sectorial de augas.

Conclusión

Vista a documentación aportada, infórmase o "Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Silleda", condicionado a que as observacións feitas queden recollidas na documentación definitiva.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2013

A xefa de Servizo de Tramitación Técnico - Administrativa do DPH

Mª Luisa Boquete Pumar

A xefa do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica

Belén Quinteiro Seoane

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

PLANO Nº 1: REDE FLUVIAL E MASAS DE AUGA

4



augasdegalicia

Plano Nº1: Rede fluvial e masas de auga

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

PLANO Nº 2: ZONAS PROTEXIDAS. CAPTACIÓNS DE ABASTECEMENTO HUMANO

6



Plano Nº2: Zonas protexidas: Captacións de abastecemento humano

P14/62 | 11/12/2013

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 08/11/2013 12:31:00
SAÍDA 106877 / RX 709730

Exp.: 2013/625
Asunto: PXOM. Concello de Silleda.

En virtude do establecido no artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, xúntolle o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do día 5 de novembro de 2013, relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Silleda.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2013
O subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane

CONCELLO DE SILLEDA
12 NOV. 2013
NÚM. 5821
ENTRADA

Sra. Alcaldesa do Concello de Silleda
Trasdeza, 55
36540 Silleda (Pontevedra)

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·
CCIC 800 2014 AÑO JUBILAR

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

galicia

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

Ámbito: Termo municipal de Silleda, provincia de Pontevedra
Autor: EPTISA Servicios de ingeniería S.L. (Alfonso Botana Castelo e Ana Bértalo Pérez, arquitectos e Héctor Varela Novoa, enxeñeiro de camiños, canles e portos)
Promotor: Concello de Silleda
Expediente: 2013/625

ANTECEDENTES

O día 5 de febreiro de 2013 ten entrada no Edificio administrativo da Xunta de Galicia de San Caetano, en Santiago de Compostela a solicitude de informe sectorial para o *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda,* aprobado inicialmente no pleno do concello o 18 de decembro de 2012, achegando unha copia en formato papel debidamente dilixenciada, con copia en formato dixital, nas que constan os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa
- Estudo do medio rural
- Análise do modelo de asentamento poboacional
- Planos de información
- Planos de ordenación
- Normas urbanísticas
- Estratexia de actuación
- Estudo económico
- Catálogo
- Informe de sustentabilidade ambiental
- Informe ou memoria de sustentabilidade económica

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

INFORME

O presente informe emítese en virtude do establecido polo artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural que establece a obriga para a administración municipal de solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, e polo artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que establece que a Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia, así como a obriga para a Consellería de Cultura de establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia. Asemade emítese vistos os informes de arqueoloxía do 2 de marzo de 2013, do 5 de xuño de 2013 e do 21 de xuño de 2013 e o informe de arquitectura do 26 de abril de 2013, todos elaborados polo Departamento Territorial da Consellería de Cultura en Pontevedra, en relación co documento de referencia, constando no expediente.

1. BENS A PROTEXER

1.1. Bens de Interese Cultural

Os bens de interese cultural (BIC) que se atopan no termo municipal de Silleda son os seguintes:

- **Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro**, en virtude do Decreto do 03 de xuño de 1931, coa categoría de monumento.
- **Castelo Torre de Cira**, en virtude do Decreto do 22 de abril de 1949, coa categoría de monumento.
- **Castelo Fortaleza de Chapa**, en virtude do decreto do 22 de abril de 1949, coa categoría de monumento.

  Non consta a inclusión deste BIC dentro do catálogo xa que a ficha que o recolle non parece responder á súa descrición e non conta con fotografías. Deberá revisarse e corrixirse esta cuestión.
- Aqueloutros que, segundo o establecido nos Decretos 449/1973, 571/1963 e no Decreto do 22 de abril de 1949, gocen de tal consideración en virtude das disposicións adicionais das Leis 16/1985 e 8/1995.

  Neste senso, bótase en falta a identificación dos **hórreos** aos que se refire o Decreto 449/1973, cunha antigüidade de máis de 100 anos. Normalmente os situados nas parcelas das edificacións que se incorporan no catálogo están mencionados nas fichas, aínda que moitos non se identifican nos planos de ordenación nin en fichas independentes, polo que en principio semella que carecen de calquera tipo de protección. Deberá establecerse unha ficha para os todos os hórreos que conten coa condición de BIC, sinalando a súa antigüidade que será maior de 100 anos, alén de mencionarse a súa presenza nas fichas do catálogo das edificacións ás que pertence como construción auxiliar. As anteditas fichas poderán ser individualizadas para cada elemento ou ben fichas

  conxuntas por núcleos, documentándoos cunha fotografía e un plano de situación, protexéndoos axeitadamente mediante a definición dun contorno de protección.

  Cabe mencionar que se atenderá aos mesmos criterios que os anteditos para os hórreos para as **cruces e cruceiros** incluídos no catálogo cunha ficha individualizada, que presentan carencias no relativo á súa consideración BIC atendendo á súa antigüidade.
- Por outra banda, hai un elemento recollido no catálogo como BIC que unicamente conta cun procedemento de incoación para a súa declaración: a igrexa parroquial de Santa María de Abades, en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Belas Artes, Arquivos e Bibliotecas, publicada no BOE do 11 de maio 1981).

  Non procede incluír coa consideración BIC este elemento xa que segundo o sinalado no artigo 12 da Lei 8/1995, para os bens que conten con incoación de declaración de BIC, pero non con acordo de declaración expresa no prazo máximo de 20 meses desde a súa incoación, entenderase por caducado o seu expediente de declaración.

1.2. Catálogo

1.2.1. Elementos incluídos

Elementos de arquitectura e etnografía

En primeiro termo, bótase en falta a identificación dos restantes hórreos presentes no termo municipal que, sen ter a antigüidade suficiente para ser considerados BIC (100 anos), si que posúan valores etnográficos, tipolóxicos, construtivos, etc... merecedores de conservación.

Como no caso anterior, os situados nas parcelas das edificacións que se incorporan no catálogo aparecen mencionados nas fichas, aínda que moitos non se identifican nos planos de ordenación nin en fichas independentes, polo que en principio semella que carecen de calquera tipo de protección.

Deberá establecerse unha ficha para os todos os hórreos con valores etnográficos, tipolóxicos, construtivos, etc..., presentes no concello, sinalando a súa antigüidade, alén de mencionarse a súa presenza nas fichas do catálogo das edificacións ás que pertence como construción auxiliar. As anteditas fichas poderán ser individualizadas para cada elemento ou ben fichas conxuntas por núcleos, documentándoos cunha fotografía e un plano de situación, protexéndoos axeitadamente mediante a definición dun contorno de protección.

Por outra banda, salientar que non constan no catálogo, ou non se denominan como tal, as edificacións relacionadas a seguir. Esta listaxe elabórase en función dos estudos realizados desde a propia Consellería de Cultura para o termo municipal de Silleda:

- Casa con cruz, no lugar de Cascaxide, Escuadro
- Casa con cruz, no lugar de Outeiro, Escuadro
- Casa reitoral, no lugar de Sueiro, Escuadro
- Unha das casas con cruz, no lugar de Sestelo, Escuadro

- Capela de Vilar, na parroquia de Graba, San Miguel
- Cruceiro, no lugar da Igrexa, Graba
- Fonte - Lavadoiro, no lugar da Igrexa, Graba
- Igrexa parroquial de San Miguel, no lugar da Igrexa, Graba
- Casa con arco nº 7, no lugar de Maril, parroquia de Fiestras
- Peto de ánimas, no lugar de Cordigonde, Cortegada
- Capela do Couto, na parroquia de Cira, lugar de Couto
- Casa de Toscaña, na parroquia de Lamela
- Cheminea do lugar de Freixero, na parroquia de Laro
- Igrexa de San Bieito de Pereiro, na parroquia de Laro
- Centro Cultural de Vista Alegra, no lugar de Bandeira
- Casas tradicionais nº 52-54 e 56 na rúa Xeral, lugar de Bandeira
- Cruceiro de Igrexa, na parroquia de Manduas
- Casa nº 6 da rúa Santa Eulalia, lugar de Silleda

A continuación, sen ser unha relación de carácter exhaustivo, sinálanse unha serie de cuestións derivadas da comprobación dalgunhas das fichas de elementos incluídos no catálogo, debendo entenderse como exemplos de cuestións a corrixir e non como unha listaxe pechada de aspectos a modificar:

- Pazo de Fares (ficha 02.02): Descríbese a súa situación no interior dunha grande explotación agrícola que debería terse en conta de cara á definición do elemento protexido. Esta ficha conta con bastante insuficiencia descritiva (por exemplo a aclaración do estado do escudo, en canto á súa aparente alteración) e ten carencias en canto á definición das actuacións singulares que deben acometerse de cara á preservación do ben (por exemplo a eliminación do cadro eléctrico no muro). Porén, no apartado 1.2.2 deste informe desenvólvense as carencias do contido tipo das fichas do catálogo.
- Pombal en Breixiña (ficha 03.10): No caso deste elemento de arquitectura etnográfica non vinculado a unha edificación singular, debería reducirse o contorno de protección recollendo unicamente a parcela na que se sitúa, toda vez que o propio predio xa ten unhas dimensións máis que considerables, máis aínda cando se prolonga a bolsas de solo rústico nas que a edificabilidade é bastante reducida e xa existen condicións de adaptación ao contorno que resultan axeitadas para a preservación deste tipo de bens.
- Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (ficha 04.02): Trátase dun BIC e polo tanto a ficha debería aportar algún dato máis, alén das condicións necesarias para a súa conservación e preservación. Na ficha non se protexe o antigo acceso empedrado ao mosteiro. Tampouco é admisible que o contorno de protección do elemento sexa máis reducido que a súa propia delimitación.

- Palleira do mosteiro de San Lourenzo (ficha 04.09): Trátase dunha edificación adxectiva de recente construción ou totalmente restaurada, sen que existan datos que permitan entender a súa inclusión no catálogo, mais estando xa cautelada ao estar dentro do contorno de protección do mosteiro.
- Imaxes talladas na fachada da casa reitoral de Cervaña (ficha 06.11): Dada a inclusión no catálogo da edificación principal, na ficha 06.03, non parece necesario incluír unha ficha independentemente para a talla da fachada, podendo reducirse á súa mención como elemento propio dentro da casa reitoral.
- Ponte de Santa Mariña (ficha 13.07): Segundo as fotos achegadas na ficha, o taboleiro da ponte parece de formigón e non está ben rematado. Estas cuestións deberanse recoller nun apartado das fichas onde se inclúan determinacións particulares de cada elemento protexido. No seguinte apartado deste informe (1.2.2) establécense as demandas para completar o contido tipo da totalidade das fichas do catálogo.
- Pazo da Casela (ficha 14.04): Coas fotografías achegadas non parece clara a súa condición de pazo nin a protección outorgada. Polo menos deberían achegarse datos históricos que acrediten tal extremo.
- Capela de San Antonio (ficha 16.02): O grao de protección que se lle outorga semella desproporcionado, sen máis datos que acompañen á ficha, incluso semella moi dubidosa propia inclusión no catálogo desta edificación.
- Pazo da Viña (ficha 16.04): Non está xustificado o grao de protección outorgado xa que dado o estado do inmoble e a súa importancia debería establecerse o grao de protección integral.
- O muíño da Pallota (ficha 26.05) en Corrospedriños (Silleda) está mal situado. Asemade a súa denominación correcta é muíño de Vidal.
- Igrexa parroquial de Santa Baia (ficha 30.01): Deberá mellorarse a súa descrición, incluíndo unha mención específica ás pezas románicas existentes nos muros de cachotería entre outras cuestións. Tamén se terán en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).
- Casa do concello (ficha 30.06): Na ficha do catálogo non se fai especial referencia aos seus elementos singulares como son o reloxo da fachada principal e a solución no encontro coa cuberta. Non existe datación do edificio nin referencias ao seu interior.

  Tamén deberán terse en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).
- Casa da cultura (ficha 30.07): Non aparece ningunha referencia ao uso orixinal da edificación, como cuartel da Garda Civil, nin constan as distintas actuacións realizadas nas plantas baixa e primeira. Insistir na carencia nos datos da descrición e na falta de regulación das obras permitidas e prohibidas. Tamén se terán en conta as consideracións relativas a este

elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).

- Biblioteca municipal (ficha 30.10): Non aparece ningunha referencia ao uso orixinal da edificación, unha antiga escola construída pola emigración americana. Na descrición hai unha referencia á "vivenda" cando non parece responder a ese uso e no campo "titularidade" indicase "privada" o que resulta estraño para unha biblioteca municipal. Tamén se terán en conta as consideracións relativas a este elemento que se describen no apartado do informe correspondente á ordenación do solo urbano (3.2).
- Vivenda tradicional 10 (ficha 30.21): Non se recolle ningunha consideración das obras que se están realizando e que rompen coa simetría da edificación.
- Non se recolle nunha ficha individualizada o hórreo que se pode apreciar na ficha 30.30 vivenda tradicional en Toiriz, feito que pon de manifesto o criterio para o resto dos elementos protexidos, polo que exemplifícase o mencionado para os hórreos nos anteriores parágrafos do informe.
- O grao de protección estrutural outorgado ás fontes e aos lavadoiros resulta excesivo nalgúns casos, por exemplo nas fichas 30.37, 09.11, etc... Debe contemplarse a posibilidade de eliminar os elementos engadidos destes bens, non só como obra permisible, senón como unha actuación necesaria.

Por outra banda, non semella necesaria ou xustificada a inclusión no catálogo dos seguintes elementos, polo que se deberán suprimir do catálogo:

- Fonte en Reguenga (ficha 06.04)
- Cruces do Burgo e Cortagadela (fichas 09.23 e 09.24)
- Palco da música no Portiño (ficha 10.09) e no Couto (ficha 10.10)
- Casa de Maril, nº 8 (ficha 12.05): A casa está sendo restaurada e segundo as fotos achegadas parece que a edificación non conta con suficiente interese para a súa inclusión no catálogo.
- Casa rural "Casa de Caheiro" (ficha 14.05)
- Casa reitoral de San Salvador de Laro (ficha 15.04)
- Cruceiro en Pazos (ficha 21.07)
- Fonte en Trasdosisto (ficha 25.05)
- Fonte en Cabodevila (ficha 32.04)

Elementos de arqueoloxía

No relativo aos elementos arqueolóxicos é necesaria a inclusión no catálogo dos seguintes elementos que forman parte dos arquivos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e que non figuran no actual catálogo:

- GA36052114: Mámoa da Agra dos Castros 1
- GA36052115: Mámoa da Agra dos Castros 3

- GA36052116: Mámoa do camiño dos Barreiros 3
- GA36052117: Mámoa de Toiriz
- GA36052118: Mámoa de Farelos 4
- GA36052119: Mámoa das Zancas 3
- GA36052120: Petróglifo de Carboeiro de Francia
- GA36052121: Montecelo
- GA36052122: Petróglifo de Laxe 3
- GA36052123: Castro de Casanova
- GA36052124: Petróglifos de Tras da Costeira 1
- GA36052125: Petróglifos de Tras da Costeira 2
- GA36052126: Petróglifos de Tras da Costeira 3
- GA36052127: Petróglifos de Coto Grande 1
- GA36052128: Petróglifos de Coto Grande 2
- GA36052129: Mámoa de Penido 5
- GA36052130: Xacemento de Ameixeira.
- GA36052131: Mámoa de Eira dos Mouros 1
- GA36052132: Petróglifos de Eira dos Mouros
- GA36052133: Mámoa de Eira dos Mouros 2
- GA36052134: Petróglifos do Monte do Santo
- GA36052135: Petróglifos do Monte de Carballeda
- GA36052136: Petróglifos do Coto do Santo
- GA36052137: Mámoa de Mourelos/Monte da Mámoa
- GA36052138: Mámoa do Monte das Latas
- GA36052139: Mámoa de Lagoas
- GA36052140: Petróglifos de Pena Longa 2
- GA36052141: Petróglifos de Gorgullós
- GA36052A36: Sartego de Bravil

Tamén deberán incluírse os seguintes xacementos situados en concellos limítrofes, que afectan aos terreos do termo municipal de Silleda:

- GA36017055: Mámoa do Monte dos Escurros 3 (A Estrada)
- GA36017138: Mámoa do Monte dos Escurros 5 (A Estrada)
- GA36017186: Mámoa do Monte dos Escurros 1 (A Estrada)
- GA36017020: Mámoa de Coto Vello (A Estrada)
- GA36017052: Mámoa do Penedo Vello (A Estrada)
- GA36017053: Mámoa do Alto de San Sebastián (A Estrada)

- GA36018052: Mámoa de Fonte de Abrotea 1 (Forcarei)
- GA36018018: Ermida de San Bieito (Forcarei)
- GA36059024: Castro de San Paio (Vila de Cruces)
- GA36059023: O Castelo (Vila de Cruces)

Por outra banda, a "Mámoa de Ferreiriña 1" (recollida na ficha 1.17) deberá retirarse do catálogo xa que o xacemento e o seu contorno inmediato foron destruídos completamente por unha explotación mineira.

Para os efectos de integrar os anteriores elementos no plan, as fichas dos bens e os planos coa súa localización están localizados nas dependencias desta Consellería de Cultura para a súa consulta por parte do equipo redactor.

1.2.2. Contido das fichas

Datos de localización:

Nas fichas non constan as **coordenadas UTM** que permiten xeorreferenciar o ben. Indicarase o sistema de referencia ao que se refiren as coordenadas UTM, que poderá ser o ETRS89 ou o ED50 (neste caso coa referencia ao sistema ETRS89), en ambos os dous casos co fuso 29.

O **plano de situación** é de moi escasa dimensión, cunha escala demasiado reducida (1:10000) polo que resulta moi complicado determinar a situación exacta do elemento protexido en relación cos elementos do seu contorno inmediato, así como determinar a extensión e a delimitación exacta do contorno de protección.

Esta carencia deriva en que non sexa posible valorar con claridade este punto, quedando posposto ata que se modifique o sinalado. En todo caso, avanzar que aparentemente non se respectan como límites dos contornos de protección elementos como poden ser o viario existente, o parcelario ou os elementos naturais. Un exemplo do comentado recóllese nas fichas 01.03, 01.10, 05.01, etc... Asemade, o plano de emprazamento deberá incluír unha lenda que identifique con claridade as cuestións sinaladas con distinta grafía.

O plano de situación deberá contar cunha escala axeitada, debuxado sobre a cartografía base dos planos de ordenación cun grafismo que permita a identificación clara do ben e dos seus ámbitos e contornos de protección, tanto para os elementos arquitectónicos, etnográficos como para os arqueolóxicos.

Por outra banda, salientar que non existe concordancia entre os planos incluídos nas fichas do catálogo e os planos de ordenación, como exemplo, na ordenación dos núcleos rurais (escala 1:2000) en relación coa ficha 01.10, obsérvase que o núcleo común ten unha dimensión moito maior que o núcleo común recollido no mesmo ámbito dos planos de ordenación.

Delimitación do ben e do seu contorno de protección:

A **delimitación dos bens catalogados** deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que quedaría descontextualizado (fincas, muradas anexas ás construcións, eiras, camiños ou espazos nos que se emprazan os hórreos, canles e depósitos nos

muíños, etc...). Por isto con carácter xeral, na ficha correspondente deberase recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios.

Os planos que recollen os núcleos rurais (escala 1:2000) tampouco aportan ningún tipo de dato máis, ou un nivel de definición maior que permita determinar dun xeito coherente a inclusión da totalidade da parcela como elemento protexido, feito que apoiado na insuficiencia da descrición da situación real do elemento impide unha correcta valoración dos eles elementos recollidos no catálogo.

En todo caso, cómpre reiterar que dada a escala da documentación gráfica que recolle os elementos protexidos e os seus contornos de protección, resulta imposible comprobar en cada caso a correcta delimitación do ben protexido.

No relativo aos **contornos de protección**, a modo de exemplo indicar que se aprecia unha incorrecta delimitación do contorno de protección do pombal de Abades (ficha 01.10), que non se apoia na distinta clasificación do solo e, aparentemente, sen ningún tipo de motivación máis que a existencia ou non de edificacións na parcela. Estas cuestións deben ser revisadas con carácter xeral, por canto a afección sobre os elementos protexidos tamén se debe estender ás parcelas limítrofes que poden acoller novas edificacións.

Nos planos de emprazamento dos cruceiros e dalgunhas fontes tamén se aprecia que non existe a delimitación do contorno de protección, polo que deberá corrixirse.

Descrición gráfica:

En moitos casos as **fotografías** achegadas nas fichas non recollen a totalidade dos alzados das edificacións, cuestión que resulta necesaria e factible na maioría dos casos. En calquera caso a fotografía que se inclúa nas fichas deberá ser representativa tanto do ben como da súa relación co contorno inmediato. Se o ben precisa mais pola súa importancia, tamaño ou pola presenza nel de elementos que merezan a súa descrición individual, deberán incorporarse as fotografías que sexan necesarias.

Descrición das súas características construtivas: breve descrición da tipoloxía :

En xeral, o **texto descritivo** das fichas resulta insuficiente, sen apoio histórico-artístico que aporte ás edificacións, sobre todo no caso das igrexas de gran presenza no concello. Como exemplo, na igrexa de Santa María de Abades non se sinala a súa data de construción, o seu estilo artístico (románico) ou datos relevantes do seu interior como a existencia de pinturas murais do século XVI.

Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación:

Nas fichas non se inclúe un apartado onde se describan as actuacións preferentes a realizar nos bens protexidos. Este campo denominarase "**determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación**". Completarase coa descrición dos elementos discordantes e a previsión das posibles actuacións para eliminalos e recuperar o carácter tradicional dos bens.

Neste senso, con carácter xeral, nas fichas das edificacións tradicionais debería indicarse a necesidade de conservar a súa imaxe, volumetría e forma orixinal, sinalándose con carácter expreso as obras permitidas sobre todo no que respecta á posibilidade de aumento de volume se considera admisible.

1.2.3. Erros detectados

A continuación sinálanse unha serie de erros presentes nas fichas dos elementos arqueolóxicos:

- Indicar que no documento do catálogo faltan as fichas 7.18 e 7.19 correspondentes aos elementos sinalados no plano de ordenación 12.
- A ficha da torre da Chapa (7.11) é contraditoria coa ficha 7.07, xa que se trata do mesmo ben.
- Sería axeitado incorporar á ficha 31.14 (necrópole de Taboada) o sartego medieval situado ao pé do cruceiro (ficha 31.12)
- A ficha 1.17 deberá excluírse do catálogo polas razóns anteditas con respecto ao elemento en cuestión.

Por outra banda, deberán revisarse os textos e corrixirse os seguintes erros de redacción detectados nas seguintes fichas:

- Ficha 1.18: Deberase actualizar ao estado actual.
- Ficha 4.12: Deberase facer alusión ás escavacións feitas no mosteiro.
- Ficha 4.13: A fotografía non se corresponde co lugar do achado.
- Ficha 14.21: Parroquia > Piñeiro
- Ficha 19.27: Nome > Eirexa Vella
- Ficha 21.15 : Nome > Chao de Petos
- Ficha 21.16 : Nome > Chao de Petos
- Ficha 21.18: Nome > Petróglifo da Laxe 3; Clave de identificación > GA36052122
- Ficha 28.11: Deberá suprimir a palabra túmulo.
- Ficha 29.22: Clave de identificación > GA3605295
- Ficha 29.23: Clave de identificación > GA3605294
- Ficha 30.55 : Nome > Castro de Toiriz
- Ficha 30.57: Plano de localización e fotografía > cambiar polo 30.58
- Ficha 30.58 : Plano de localización e fotografía > cambiar polo 30.57

1.2.4. O Camiño de Santiago, Ruta da Prata

O artigo 1.4 da Lei 3/1996 inclúe na denominación xenérica de "Camiño de Santiago" a Ruta da Prata, e establece que a súa delimitación e deslinde realizarase de acordo co disposto na dita lei. En tanto non se conclúa o procedemento de delimitación recollerase o trazado do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, sometido a información pública por Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 13 de xaneiro do 1998 (DOG nº 15 do 23 de xaneiro de 1998).

Tendo en conta que actualmente a Consellería de Cultura está a realizar a delimitación da Ruta da Prata, e que polo tanto a traza sometida a información pública en 1998 ten un carácter transitorio, a traza do camiño reflectirase unicamente no catálogo mediante fichas semellantes ás do resto dos elementos protexidos, onde se describirán por treitos as características da vía en cada zona, o estado de conservación e as determinacións para a súa conservación, todo isto complementado con documentación gráfica e fotográfica pormenorizada, utilizando a cartografía de ordenación. A ficha recollerá o trazado municipal completo a unha escala axeitada e deberá contar con tantas follas como sexan necesarias para definir todos os elementos anteditos. Poderase aproveitar a ficha do Camiño de Santiago para recoller os treitos do camiño real que se inclúen na ficha actual, xa que poden ser trazados alternativos á propia senda da Ruta da Prata e teñen a mesma natureza como ben protexido. Tamén constará unha referencia na ficha ao carácter provisional do trazado ata que se delimite oficialmente desde a Consellería de Cultura.

A actual ficha do Camiño de Santiago, Ruta da Prata (00.CS01) é incompleta xa que, en primeiro termo, non recolle o trazado do camiño que discorre polo termo municipal a unha escala axeitada. Tampouco incorpora unha descrición completa (unicamente cita algúns bens) dos elementos patrimoniais relacionados coa ruta, fotografías e descrición dos treitos, estado de conservación, etc...

Indicar que o trazado incorporado actualmente no PXOM é correspondente co do ano 1998, salvo nun tramo da entrada suroeste do camiño no concello, ata o solo urbano de Silleda.

Achégase o plano do ano 1998 por onde discorre a traza do camiño no tramo en cuestión (sinalado en vermello) que deberá ser corrixido e incorporado na ficha de catálogo demandada:



Na ficha do catálogo débese recoller tamén a singularidade dos núcleos rurais polos que atravesa, así como outros elementos de interese, como fontes, muros de pedra e vexetación á marxe.

Como criterio, eliminarase a traza dos planos de ordenación co obxectivo de que a incorporación da nova traza que se delimite implique a mínima modificación do documento do PXOM ao ter que modificarse unicamente as fichas de catálogo correspondentes.

En resume, no relativo á ruta histórica recoñecida como Camiño de Santiago, Ruta da Prata, cómpre considerar:

a. Nos planos de información ou de análise dos asentamentos recollerase unha análise do camiño onde se reflicta a traza, os seus elementos anexos (muros, valos, vexetación autóctona...), edificacións singulares que garden relación co feito da peregrinación (capelas, casas de arrieiros,...), elementos ligados ao camiño e á auga, reflectindo claramente as construcións de factura tradicional que hai ao seu carón.

b. A ordenación que se formule será coherente coa conservación dos valores tradicionais do territorio histórico do camiño, polo que a clasificación e cualificación do solo debe atender ás características e usos tradicionais deses solos no contorno deste elemento patrimonial. O camiño esixe manter o carácter peonil, e a ordenación que se faga ao seu carón non poderá por en perigo os seus valores. Neste senso, o Camiño de Santiago, Ruta da Prata non servirá de apoio e soporte a novos desenvolvementos urbanos.

Tamén deberá delimitarse o contorno de protección da traza do camiño, como calquera outro elemento protexido incluído no catálogo. A delimitación deste contorno de protección elaborarase en base aos seguintes criterios:

- En solo urbano consolidado terá como mínimo 30 metros de largura a cada lado e afectará a parcelas completas.

  No documento actual, nos ámbitos que discorren polo solo urbano o contorno de protección desaparece á escala 1:5000. Se ben nos planos de detalle de solo urbano a escala 1:1000 o contorno de protección existe, normalmente ten unha largura superior a 30 metros, non recollendo parcelas completas.

- En solo urbano non consolidado ou urbanizable o contorno de protección abarcará á totalidade destes ámbitos cando non se estableza a ordenación detallada. De establecerse a antedita ordenación terá como mínimo 30 metros de largura e afectará a parcelas completas.

  No documento actual, nos ámbitos de solo urbano non consolidado o contorno de protección toma o mesmo criterio que para o solo urbano consolidado, polo que non recolle a totalidade do ámbito.

- En solo de núcleo rural o contorno englobará a totalidade dos núcleos tradicionais vinculados ao camiño e terá unha largura mínima de 30 metros afectando a parcelas completas.

  No documento actual, nos ámbitos que discorren por solo de núcleo rural en ningún caso se inclúen no contorno de protección os núcleos na súa totalidade, establecéndose unha largura mínima duns 30 metros.

- En solo rústico o contorno de protección terá unha largura mínima de 100 metros e afectará a parcelas completas.

  No documento actual, nos ámbitos que discorren por solo rústico a largura mínima en ningún caso chega aos 100 metros, estando na maioría dos casos comprendida entre 30 e 40 metros.

Salientar que non se pode comprobar se o contorno de protección inclúe parcelas completas xa que a definición gráfica do parcelario non se recolle nos planos de ordenación.

Este contorno de protección delimitarase sen prexuízo do réxime establecido pola Lei 3/1996 para as zonas de protección lateral e do contorno que se definen.

En canto á normativa, no título IV das "Normas IX: Normas de protección do patrimonio cultural", recóllense ás consideracións relativas ao Camiño de Santiago.

En varios artigos menciónase o "eido de protección do camiño", debendo substituírse por "contorno de protección do camiño" para acadar unha uniformidade na denominación con outros planeamentos.

No artigo 429.4.a) recóllese unha frase onde se indica o carácter BIC do camiño. Deberá corrixirse xa que unicamente a ruta principal coñecida como Camiño Francés, ten a antedita consideración.

No artigo 429.4.b) indícase que *"En tanto non se conclúa o procedemento de delimitación do Camiño do Sueste - Vía da Prata o PXOM recolle nos planos de ordenación o trazado exposto ao público, por acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social de 12 de novembro de 1997"*. Deberá substituírse por "Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 13 de xaneiro do 1998 (DOG nº 15 do 23 de xaneiro de 1998)".

O título do artigo 431 deberá mudar a denominación "área" por "contorno" así como no resto do artigo.

2. NORMATIVA DE PROTECCIÓN

2.1. Patrimonio arquitectónico e etnográfico

A continuación achégase unha relación dos distintos artigos da normativa que deberán ser revisados ou corrixidos:

Artigo 56. Licenzas en elementos catalogados e nos seus entornos de protección

En primeiro termo cómpre mudar a palabra "entornos" por "contornos" no título para acadar unha uniformidade na denominación. Atendendo ao apartado 1, a respecto das obras de canalizacións, infraestruturas, urbanizacións, etc... é posible que se entenda que non é preciso obter a previa a autorización da Consellería de Cultura. Neste senso, debería revisarse a referencia ao tipo de obras, sendo recomendable a utilización dos termos incluídos no artigo 195 da Lei 9/2002, incluíndo claramente a

diferenciación entre obras maiores e obras menores e a necesidade de achegar proxecto técnico no caso das primeiras.

Artigo 57. Documentación para solicitudes de licenza en elementos catalogados

Dentro da documentación a aportar xunto coa solicitude de licenza de obras, no apartado do informe técnico municipal, deberá facerse constar que alén de avaliar a viabilidade urbanística da actuación deberá constar expresamente a referencia ao elemento recollido no catálogo que motiva a remisión do expediente á Consellería de Cultura.

Artigo 182. Edificios destinados a vivenda (en solo urbano)

No solo urbano, dentro das condicións estéticas, deberá incluírse para o caso das medianeiras vistas que existan nos contornos de protección de elementos recollidos no catálogo, que deberán contar cun remate acorde aos seus materiais de fachada, evitando en todo caso a colocación de pranchas de fibrocemento, aínda que esta consideración poida interpretarse da lectura conxunta dos artigos 183 e 421 da normativa.

Dada a incidencia das medianeiras no ámbito urbano, sería axeitada a creación dunha ordenanza específica que regulara pormenorizadamente as súas condicións, analizando diversos casos, sinalando prazos para adaptalas á nova normativa, tipos de obras a realizar nas edificacións como impermeabilizacións, renovacións de baixantes, fachadas, etc...

Artigo 200. Edificacións e instalacións fóra de ordenación.

No apartado 3.b (incompatibilidade total) deberán excluírse desta situación aquelas edificacións tradicionais de singular valor arquitectónico e etnográfico, aínda que non estean recollidas no catálogo ou non conten con protección expresa.

Artigo 304. Condicións particulares (da ordenanza 9 ou O-9, patrimonio arquitectónico e etnográfico, no ámbito do solo urbano)

Esta ordenanza non aporta ningunha aclaración, modificación ou cuestión que teña que terse en conta polo que resulta prescindible.

Artigo 316. Condicións de posición (en solo de núcleo rural)

O apartado 2. Recuados das edificacións, deberá recoller a prioridade da conservación da implantación actual das edificacións, rueiros e muros tradicionais, sobre a necesidade de recuados nas vías de comunicación. Asemade, deberá preverse a posibilidade de modificar o carácter xeral deste apartado en función da existencia dunha aliñación consolidada, establecendo se é posible as condicións mínimas que determinan tal extremo.

Artigo 357. Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico

Debería incluírse que neste tipo de edificacións teranse en conta as condicións establecidas nas normas de protección do patrimonio cultural, contidas no título IX da normativa, a modo de recomendación no relativo ás condicións estéticas e construtivas.

Artigo 414. Nivel I. Protección integral

No apartado 1. Eido de aplicación, non aparecen incluídos con carácter xeral os BIC, polo que sen dúbida deberán engadirse.

No apartado 2. Obras permitidas e prohibidas, deberá incluírse a posibilidade do derribo parcial daqueles elementos claramente descontextualizados presentes nos bens protexidos, permitindo as obras de consolidación das edificacións existentes. Nas fichas do catálogo deberá establecerse a necesidade da súa eliminación, estudando caso por caso e reflectíndoo no apartado "Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación" que se demanda no apartado 1.2.2 deste informe.

Artigo 415. Nivel II. Protección estrutural

No apartado 2. Obras permitidas e prohibidas, deberá incluírse a posibilidade do derribo parcial para aqueles elementos claramente descontextualizados presentes nos bens protexidos. Nas fichas do catálogo deberá establecerse a necesidade da súa eliminación, estudando caso por caso e reflectíndoo no apartado "Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación" que se demanda no apartado 1.2.2 deste informe.

Por outra banda, as obras permitidas parecen máis estritas que as sinaladas para o nivel de protección integral, cuestión que debería revisarse. Asemade deberían permitirse as obras de reestruturación, de xeito excepcional e xustificado, limitadas aos elementos estritamente necesarios polo seu mal estado de conservación ou perda de funcionalidade, non podendo supoñer risco de perda ou dano dos valores que motivan a protección estrutural do edificio ou elemento.

Artigo 416. Nivel III. Protección ambiental

No apartado 2. Obras permitidas, non se contempla a ampliación en planta ou en volume independente, cuestión que nalgún caso podería ser a única opción posible, sempre e cando non se produza menoscabo dos valores a protexer. A adicción de plantas só se permitirá no caso de que o permita a ordenanza de aplicación e na ficha do catálogo se establezan de xeito pormenorizado as condicións da ampliación.

Asemade, deberá incluírse a posibilidade de realizar obras de demolición parcial dos elementos alleos e claramente descontextualizados presentes nos bens protexidos, aínda que formen parte da imaxe exterior da edificación. Nas fichas do catálogo deberá establecerse a necesidade da súa eliminación, estudando caso por caso e reflectíndoo no apartado "Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación" que se demanda no apartado 1.2.2 deste informe.

Artigo 417. Condicións de uso

Debería incluírse como uso permitido todo o que sexa compatible coa conservación do ben protexido, xa que os usos actualmente previstos resultan claramente restritivos.

Artigo 419. Declaración de ruína e demolición dos edificios catalogados

Deberá modificarse o apartado 2, no que unicamente se esixe o informe (que se substituirá por autorización) da Consellería de Cultura para aquelas edificacións declaradas BIC, facéndoa extensiva a todas as edificacións recollidas no catálogo.

Artigo 421. Intervención e condicións das actuacións nas áreas de protección

Deberá "informe vinculante e preceptivo" por "autorización" así como substituír todas as referencias incluíndo o título de "área de protección" por "contorno de protección". Asemade, debería concretarse e limitarse o conxunto de obras que deben contar coa antedita autorización no ámbito dos contornos de protección de elementos recollidos no catálogo, que se recollerán segundo estes criterios:

- Nos bens protexidos precisarán autorización todas as obras ou intervencións que os afecten (artigo 54 da Lei 8/1995).
- No contorno de protección dos bens protexidos haberá que solicitar autorización para:
  - Todas as obras de nova edificación, construción ou instalación incluíndo as de carácter provisional, así como as de demolición.
  - Todas as obras (de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calquera outra intervención en edificios existentes que se manifeste ao exterior (espazo público ou privado)
  - As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións), os elementos construtivos configuradores da paisaxe ou do espazo urbano (peches, noiros,...) ou a topografía existente (movementos de terras).
  - Os proxectos de urbanización.
  - Os instrumentos de planeamento.
  - Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencia sobre os bens protexidos.
  - As repoboacións forestais e as talas que pola superficie afectada teñan incidencia territorial.

2.2. Patrimonio arqueolóxico

Artigo 29. Actos suxeitos a licenza municipal

Sería conveniente que se concretasen os traballos, obras ou instalacións que requiren de licenza municipal, non remitindo á reacción da Lei 9/2002. En todo caso, entre os actos sometidos a licenza municipal deberán incluírse as cortas e plantacións de árbores e os movementos de terra agrícolas en profundidade, que afecten aos xacementos arqueolóxicos ou aos seus contornos protexidos.

Artigo 56. Licenzas en elementos catalogados e nos seus entornos de protección

No apartado 6, no caso de manter esa redacción, cómpre exceptuar os controis arqueolóxicos, xa que por definición téñense que facer durante a obra, que debe ter licenza municipal. Porén, sería recomendable eliminar o apartado ou modificar a redacción, xa que nalgúns casos non se realizarían as intervencións arqueolóxicas (incluídas sondaxes, ou escavacións en área) se non hai a certeza de que se vai conceder a licenza municipal.

Artigos 386 e seguintes (solo rústico de especial protección do patrimonio cultural)

Cómpre modificar o artigo 387, non sendo aceptable que se permitan as obras, usos e instalacións contidas xa que significaría a destrución do xacemento arqueolóxico ou a súa degradación. Deberanse prohibir todo tipo de obras e instalacións que non estean relacionados coa conservación, protección e posta en valor do ben cultural, agás os usos agrarios tradicionais.

A este respecto, nos planos de ordenación non se debe grafar como solo rústico de especial protección do patrimonio cultural o ámbito dos contornos de protección dos bens culturais. A área de protección que se delimite como contorno, deberá contar coa

clasificación do solo que se estableza pola súa natureza. Pola contra, a delimitación do propio ben cultural, entendida como protección integral, si que deberá clasificarse como solo rústico de especial protección do patrimonio cultural, agás as referencias, achados arqueolóxicos e algún xacemento, xa citados noutros apartados deste informe.

Artigos 423 e seguintes (graos de protección dos xacementos arqueolóxicos)

A división en tres categorías de protección dos xacemento non resulta axeitada. Realmente só deben existir dúas categorías: os xacementos para os que se determine que deben ter protección integral e o resto.

Non é coherente que dentro do grao II de protección exista unha protección integral (grao II.1) e, ao mesmo tempo, unha protección non integral (grao II.2). Por outra banda, a redacción que se lle dá ao artigo 424.1.a) deberá modificarse debido a que, sendo conveniente que non se permita a plantación de árbores, non deberá quedar taxativamente prohibida a súa corta.

Asemade, coa redacción que se lle da ao artigo 424.3.b), estaría prohibida practicamente calquera obra no contorno dos xacementos que se grafase como solo rústico de especial protección do patrimonio cultural. A redacción deste apartado contradise co que se ditamina a través do artigo 387 (relativo aos usos no solo rústico de especial protección do patrimonio cultural).

Por último, os graos de protección II.2 e III, permiten as mesmas actuacións polo que non ten sentido a súa diferenciación.

2.3. Condicións especiais do réxime de obras

Cómpre incorporar un artigo onde se recollan as definicións das obras permitidas nos bens protexidos no catálogo. Serán as seguintes:

- *Conservación: son aquelas obras encamiñadas a cumprir coas obrigas da propiedade no que se refire ás condicións de ornato e hixiene da edificación. Non poden afectar á distribución interior, ás características formais nin á estrutura do edificio, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou de deseño do mesmo.*
- *Restauración: son aquelas obras que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou de parte do mesmo ao seu estado orixinal. A situación de estado orixinal debe atoparse suficientemente documentada. Poderá comprender así mesmo as obras complementarias que colaboren ao antedito fin. Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estraños engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aleiros suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, a recuperación das disposicións e ritmos orixinais dos ocos e dos rebocos ou a eliminación de falsos teitos e de outros engadidos.*
- *Consolidación: son aquelas obras que teñen por finalidade o afianzamento, reforzo ou substitución de elementos danados para asegurar a estabilidade do edificio, con posibles alteracións menores da súa estrutura. Respectarán a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio.*
- *Rehabilitación: son aquelas obras que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade ou accesibilidade, dun edificio ou de parte do mesmo, mediante a*

introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a introdución de pequenas modificacións na distribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas ou a estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio. Poderá autorizarse excepcionalmente e de xeito xustificado a apertura de novos ocos e a modificación dos existentes.

- *Reestruturación: son aquelas actuacións de renovación ou transformación en edificios inadecuados para un uso específico, polo seu grado de deterioro ou especiais deficiencias arquitectónicas ou funcionais, que supoñan a modificación da configuración arquitectónica e a substitución de elementos da súa estrutura, mantendo en calquera caso os elementos de cerramento que definan o volume e forma do edificio. As ditas obras, poderán comportar a substitución de elementos estruturais, así como a modificación de elementos determinantes de organización tipolóxica, como escaleiras ou patios, ou a redistribución dos espazos interiores.*
- *Ampliación: son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, sen modificar as súas aliñacións exteriores e planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural. No caso da adicción de plantas, esta efectuarase con criterios de integración compositiva e coherencia formal coas fachadas actuais.*

2.4. Outras determinacións normativas

Dentro do título III. Desenvolvemento, xestión e execución do PXOM, farase constar a obriga de someter todas as figuras de planeamento ao informe da Consellería de Cultura, atendendo ao establecido no artigo 32 da Lei 8/1995.

3. ORDENACIÓN

3.1. Consideracións xerais

Con carácter xeral, a ordenación proposta para o solo urbano non se axusta ás 0condicións necesarias de protección dos inmobles recollidos no catálogo.

Existen ámbitos dentro dos dous solos urbanos delimitados cunha estrutura urbana merecedora de protección (rúa do Trasdeza en Silleda, rúa Xeral en Bandeira, etc...) na que de feito existen bens individuais protexidos polo catálogo ou o propio trazado do Camiño de Santiago, Ruta da Prata. Por isto, verificarase o cumprimento do establecido no artigo 46.1 da Lei 9/2002, en canto á ordenación formulada:

"O planeamento urbanístico terá como obxectivo no solo urbano consolidado favorece-la conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais ou distintivos que conforman a identidade local.

En tal sentido, procurarase ***mante-la trama urbana existente****, e as construcións de nova planta, así como a reforma, rehabilitación ou ampliación das existentes, serán coherentes coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en canto á* ***altura****, ó* ***volume*** *e ó* ***fondo edificables****".*

No seguinte apartado do informe (3.2) menciónanse casos concretos de ámbitos cuxa ordenación non atende aos criterios expostos no antedito artigo.

Pola contra, no solo de núcleo rural a protección outorgada vai máis alá con moito da propia delimitación do solo como ámbito edificable.

3.2. Solo urbano consolidado

Solo urbano de Silleda

- Con respecto á igrexa parroquial de Santa Baia (ficha 30.01):

  A igrexa atópase nunha das escasas zonas verdes do solo urbano, unha praza pública coñecida como a Praza da igrexa, sen que esta vinculación se manifeste de maneira expresa na ficha do catálogo. Aínda que a súa protección xa ven outorgada polo contorno de protección do Camiño de Santiago, Ruta da Prata e o da propia igrexa, debería facerse constar na ficha a vinculación expresa da Praza coa igrexa, así como recollerse as obras, instalacións e demais cuestións desta índole que sexan permisibles.

  Por outra banda, a ordenación limítrofe do solo urbano regulariza e legaliza unha situación de facto, dada polas edificacións existentes e que xa foron informadas desfavorablemente na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra.

  Tamén engadir que o contorno de protección inmediato neste ámbito prolóngase por detrás do fondo máximo edificable, de maneira que nun ámbito sen aparente posibilidade de edificación, e sen que teña incidencia visual para o elemento protexido condiciónase a obter autorización da Consellería de Cultura, cuestión que semella desproporcionada.

- Con respecto á casa do Concello (ficha 30.06):

  A ordenación proposta no seu contorno resulta confusa. Por un lado trátase dunha edificación exenta, de singularidade recoñecida, e a ordenación non recolle esta circunstancia xa que non inclúe ningún tipo de espazo libre como pertencente ao edificio. Por outra banda, formúlase polo vento leste a súa unión en medianeira coa ordenación proposta, cuestión que resulta incompatible coa protección do elemento e coas ventás existentes nesa fachada. No vento noroeste a ordenación formulada chega en forma de bloque de edificios en fachada, deixando unha posible medianeira, que en todo caso deberá limitarse e entenderse como un espazo aberto, como unha fachada con ocos, como se dunha praza aberta se tratara. Deberase volver a estudar para reformular a ordenación de todo este ámbito.

- Con respecto á casa da cultura (ficha 30.07):

  A aliñación interior prevista pola ordenación non se axusta á inclusión no catálogo da edificación, co nivel de protección estrutural, coa obriga da conservación das fachadas, cuestión incompatible a priori coa aliñación proposta como fondo máximo. En todo caso, deberán eliminarse as condicións xerais de ordenación nos elementos protexidos.

- Con respecto á biblioteca municipal (ficha 30.10):

  Sinálase o mencionado para a casa da cultura respecto á protección estrutural e ao establecemento dun fondo edificable superior. Esta cuestión amplíase ata as edificacións lindeiras, aínda que neste caso só contan con protección ambiental.

- Con respecto ás vivendas tradicionais 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 (fichas 30.14, 30.15, 30.16, 30.17, 30.18, 30.19, 30.20, 30.21, 30.22, 30.23 e 30.24 do catálogo):

  A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 46.1 da Lei 9/2002, mencionados no apartado 3.1 deste informe.

- Con respecto á vivenda tradicional (ficha 30.25):

  A protección deste elemento non se recolle nos planos de ordenación. A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 46.1 da Lei 9/2002, mencionados no apartado 3.1 deste informe.

- Con respecto á vivenda tradicional (ficha 30.26):

  Non se recolle ningún dato sobre a parcela da edificación que, segundo as fotos, parece que forma parte da edificación tradicional, rodeada na súa totalidade por muros perimetrais. Maniféstase a necesidade de ampliar o elemento protexido á totalidade da parcela, evitando a posibilidade de construír sobre a mesma.

  Este suposto vese reforzado pola inclusión no catálogo de elementos anexos con protección integral: hórreo e pombal. A ordenación proposta resulta incompatible coa protección dos elementos recollidos no catálogo. Asemade, debe recollerse na ficha a existencia dos anteditos elementos protexidos, dun modo descritivo, cuestión que non é incompatible coa existencia dunha ficha individualizada para cada un deles.

Solo urbano de Bandeira

- Con respecto á casa da Cultura de Bandeira (ficha 16.08):

  A ordenación non recolle a conservación do carácter estrutural proposto na ficha de catálogo. A súa configuración como edificio exento vese transformada por unha ordenación que permite o acaroado á edificación catalogada.

- Con respecto ao conxunto de vivendas tradicionais (fichas 16.09 e 16.10):

  A ordenación proposta non fomenta a conservación do seu carácter ambiental, proposto polas fichas de catálogo, nin ten en conta os criterios recollidos no artigo 46.1 da Lei 9/2002, mencionados no apartado 3.1 deste informe.

- Con respecto á vivenda tradicional en Bandeira (ficha 16.11):

  Edificación en esquina, entre medianeiras, na que pola futura ordenación respectase a aliñación tan só para esta vivenda, debendo recuarse o resto da rúa, con aliñación máis que consolidada. Isto provocará unha medianeira vista da propia edificación que non é compatible coa protección deste elemento. Deberá manterse a aliñación existente.

Ordenación no contorno do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, nos solos urbanos de Silleda e Bandeira

As aliñacións propostas no ámbito lindante co Camiño de Santiago, Ruta da Prata, non respectan as edificacións existentes, de xeito que en moitos dos casos formúlase a súa inclusión na situación de fóra de ordenación. Deberá reformularse esta ordenación, tendo en conta o artigo 46.1 da Lei 9/2002, e relacionando a presenza do

camiño co resto de edificacións protexidas no catálogo, fomentando a súa conservación e a do tecido urbano circundante.

Tamén lémbrase o mencionado a respecto da ordenación no contorno do Camiño de Santiago, Ruta da Prata, no apartado 1.2.4 deste informe:

"A ordenación que se formule será coherente coa conservación dos valores tradicionais do territorio histórico do camiño, polo que a clasificación e cualificación do solo debe atender ás características e usos tradicionais deses solos no contorno deste elemento patrimonial. O camiño esixe manter o carácter peonil, e a ordenación que se faga ao seu carón non poderá por en perigo os seus valores. Neste senso, o Camiño de Santiago, Ruta da Prata non servirá de apoio e soporte a novos desenvolvementos urbanos".

3.3. Solo de núcleo rural

O termo municipal de Silleda conta con 33 parroquias divididas en 231 entidades de poboación que se clasifican como solo de núcleo rural. A potenciación desta clase de solo é fundamental neste concello e a súa regulación terá unha grande importancia.

A "análise do modelo de asentamento poboacional" non aporta excesivos datos que permitan visualizar e entender se existe, dentro dos núcleos histórico – tradicionais, algunha entidade que mereza un maior grado de protección polas súas características, tipoloxía, estado de conservación, etc... Quizais este é o motivo de que non exista ningún núcleo singular recollido no catálogo. En todo caso, este aspecto parece non corresponderse coa realidade.

En xeral, a delimitación dos núcleos rurais non se corresponde coa delimitación dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo, sendo na maioría dos casos moito máis extensa esta última, cuestión que semella innecesaria posto que o seu ámbito inmediato está clasificado como solo rústico, onde as limitacións xa son bastante evidentes. Asemade, esta consideración vese reforzada polo feito de que entre este tipo de solo rústico e o elemento protexido existe unha pantalla visual en moitos casos dentro do propio solo de núcleo rural.

Tampouco se considera axeitada a modificación das características dos rueiros nos núcleos histórico – tradicionais que se efectúa como criterio xeral nos planos de ordenación, establecendo novas aliñacións que supón en moitos casos a desaparición dos muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, determinación contraria ao sinalado no artigo 4.d da Lei 9/2002 que require preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.

Cómpre lembrar que os núcleos tradicionais e os elementos que os configuran, integran o patrimonio etnográfico de Galicia, definido no artigo 64 da Lei 8/1995, xa que constitúen formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego.

A continuación recóllense unha serie de exemplos recollidos ao azar de cuestións que deberán corrixirse na ordenación dos núcleos rurais, e que se repiten sistematicamente en case todos eles. Por isto, requírese unha revisión xeral da totalidade dos núcleos e non unicamente dos que se mencionan a continuación:

Parroquia de Abades

- Abades

  Este núcleo, que conta con edificacións relixiosas de singular valor arquitectónico, non ten unha protección xeneralizada como conxunto, exemplificando o comentado no segundo parágrafo deste apartado 3.3 do informe. Dado o seu escaso tamaño e a relevancia que poden adquirir os seus elementos protexidos, debería servir como exemplo para efectuar unha revisión dos núcleos e formular a inclusión no catálogo das entidades ou partes máis tradicionais dos mesmos, que conten con valores merecedores de conservación.

  Por outra banda, sinalar que as zonas verdes recollidas no estudo do medio rural non se inclúen dentro do núcleo, entre outras o campo da feira, espazo que normalmente está ligado ás construcións relixiosas como lugar de encontro e celebración.

  Tamén se formula a ampliación do vial que atravesa o núcleo e que separa na actualidade os dous elementos protexidos.

  Na zona sur do núcleo os camiños amplíanse, respectando a situación das edificacións tradicionais, se ben, dada a escala e a ausencia de fotografías, parece complicado determinar a priori se non existen muros ou peches tradicionais merecedores de conservación. Esta consideración, como xa se mencionou no inicio deste apartado 3.3 do informe, prodúcese de xeito sistemático na ordenación dos núcleos rurais.

- A Bouza.

  Recóllese o contorno de protección dun elemento protexido no catálogo, sen que no plano se indique a que elemento se refire.

Parroquia de Ansemil

- Ansemil

  Neste núcleo sitúase a igrexa parroquial de San Pedro de Ansemil, cuxo contorno de protección deixa parcelas divididas en dúas partes, sen seguir as pegadas físicas do territorio.

  Asemade, cómpre sinalar un novo caso no que segundo os planos de ordenación, as aliñacións formuladas non respectan os rueiros tradicionais, propoñendo a eliminación de muros de peche pertencentes ao propio elemento protexido.

- Manduas

  O contorno de protección do pazo de Fares semella desproporcionado na súa zona suroeste, por canto existen zonas edificadas intermedias entre o pazo e o contorno de protección proposto, entendendo que a dita protección podería limitarse á propia delimitación do núcleo. De igual xeito pode entenderse esta consideración polo vento norte (no centro) do pazo.

Parroquia de Breixa

- Breixa

  O contorno de protección non se recolle na súa integridade dento do plano de núcleo rural, polo que non se pode valorar na súa totalidade. Este feito

  proporciona unha idea da aparente sobredimensión dos contornos de protección, que en todo caso deberán recollerse na súa integridade no plano que delimita cada un dos núcleos rurais.

  Por outra banda, déixase fóra da aliñación un hórreo para formular a ampliación dun vial, e sen embargo, debúxase como se a dita posición se mantivera, cuestión aparentemente contraditoria. Nestes casos, debería engadirse unha ficha ou descrición do hórreo que permita valorar tal extremo, por canto non se acredita a súa condición de BIC, non se inclúe no catálogo, e sen embargo, parece que non se permite o seu traslado, dotándoo se cabe de máis presenza ao obrigar a conservalo na súa posición orixinal. Esta cuestión non semella axeitada por canto o hórreo ten valor como elemento que forma parte dun conxunto, non sendo recomendable deixalo fóra da súa parcela e descontextualizalo. En todo caso, reitérase que cómpre revisar as aliñacións formuladas para este tipo de núcleos tradicionais.

- O Castro de Breixa

  Dentro da ficha do núcleo inclúense varios contornos protección sen que conste a que elemento recollido no catálogo se refiren, polo que obriga a consultar os planos de ordenación 1:5000, xerando problemas similares aos xa comentados en casos anteriores. Os contornos de protección definidos nos núcleos rurais deberán volver a estudarse con carácter xeral.

Parroquia de Santo Tomé de Parada

- O Cruceiro, Eirexe, Mediodaldea, O Outeiro, Souto de Nogueira.

  Os contornos de protección non se axustan ao parcelario, á clasificación do solo, ou aos viais. Asemade, o ámbito delimitado para o núcleo de Souto de Nogueira parece excesivo e arbitrario. Os rueiros da parte central do núcleo amplíanse respectando as edificacións pero modificando a realidade orixinal do núcleo que debe conservarse.

Parroquia de Pazos

- Quintás.

  A delimitación do núcleo non se apoia no parcelario orixinal, e polo tanto a delimitación dos contornos de protección segue outra dirección. Os contornos de protección dos pombais e dos hórreos poderían limitarse á parcela orixinal, considerando o actualmente formulado como excesivo. Amplíanse os camiños tradicionais de forma excesiva.

Parroquia de San Tirso de Manduas

- Ferrozos

  Neste núcleo aparecen varios elementos protexidos: un hórreo, un pombal e varios cruceiros, aínda que semella estraño que non se recolla no catálogo a edificación ou edificacións principais, xa que parece que os anteditos elementos forman parte dun conxunto.

  Con respecto á ampliación dos viais propostos non parece axeitada xa que posiblemente vaian máis aló dos muros de peche da finca que recolle os anteditos elementos.

Por outra banda, no que respecta aos artigos 308 e seguintes da normativa, onde se desenvolven as ordenanzas de solo de núcleo rural, salientar que a Lei 9/2002 recolle unha ordenación xenérica para os núcleos rurais cara á conservación dos valores tradicionais que presentan.

O artigo 1.3 da Lei 8/1995 establece que "integran o patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén ... os lugares etnográficos,...". En base a este artigo, como xa se mencionou ao principio deste apartado 3.3 do informe, aqueles núcleos rurais ou partes dos mesmos de interese etnográfico deberanse considerar como parte integrante do patrimonio cultural de Galicia e incluírse no catálogo de protección mediante fichas a escala de conxunto, denominándoos como núcleos singulares.

A ordenación que se formule para estes núcleos singulares, deberá formalizarse nunha ordenanza que engada aos xa recollidos os seguintes criterios, cara a conservación do seu tecido e das características dos seus espazos públicos. Estas determinacións deberán ser incorporadas, así mesmo, para o ámbito dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo:

- Respectaranse as aliñacións e rasantes consolidadas polas edificacións, muros e peches tradicionais. No caso de existir discrepancias entre as aliñacións e rasantes grafadas e as existentes atenderase á realidade existente (artigo 28.1.d da Lei 9/2002).
- Protexeranse os peches e muros tradicionais existentes e establecerase na normativa que os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais (artigo 28.1.d da Lei 9/2002).
- Nas intervencións sobre os espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co contorno e co ambiente rural, o mobiliario será discreto, mínimo e o estritamente necesario.

Por outra banda, cara a unha axeitada integración das novas edificacións así como das intervencións sobre as existentes na normativa e na ordenación que se formulen para o ámbito dos núcleos rurais histórico-tradicionais teranse en conta as seguintes consideracións, na liña do establecido polos artigos 28 e 29 da Lei 9/2002. Estas determinacións deberán ser incorporadas, así mesmo, para o ámbito dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo:

- Nos artigos 317.2 e 317.4, deberase indicar que a ocupación e edificabilidade establecidas mediante coeficientes (neste caso 35% e 0,70 m²/m² respectivamente) poden dar lugar a edificacións con volumes moito maiores aos das edificacións tradicionais existentes no núcleo, en función do tamaño das parcelas. Por isto deberase engadir, aos anteditos coeficientes, a ocupación e a edificabilidade máximas mediante parámetros dimensionais (metros cadrados) obtidos do estudo pormenorizado do núcleo rural, baseándose na superficie media ocupada e construída das edificacións tradicionais existentes no ámbito.
- No artigo 317.3, para definir a altura máxima permitida utilizarase como referencia a altura media das edificacións tradicionais existentes e non a xenérica de 7 metros establecida pola Lei 9/2002. Por outra banda o número de plantas será de baixo mais unha planta alta, ou unicamente planta baixa, dependendo da tipoloxía predominante no núcleo. En todo caso, a altura das edificacións non excederá de planta baixa e piso, nin dun máximo de 7 metros

medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente da cuberta.

- No artigo 317.6, reformularase o relativo aos sotos e semisotos, tendo en conta que as edificacións tradicionais non dispoñen de sotos deberase establecer a súa prohibición agás naqueles ámbitos onde se xustifique a súa presenza nas edificacións tradicionais existentes. En todo caso a materialización dun soto implicará que o seu acceso se resolva no no interior da edificación.

  No relativo aos semisotos deberase indicar que computarán como unha planta e que unicamente se permitirán cando as condicións topográficas do terreo impidan a construción da edificación doutro xeito. Establecerase que terá a condición de semisoto calquera planta soterrada que sobresaia da rasante do terreo nalgún punto.

En canto aos criterios estéticos e compositivos, no artigo 318 engadiranse os seguintes puntos:

- As canles e baixantes non presentarán molduras e serán de chapa metálica (cinc, cobre, etc...) con acabado mate e sección preferentemente circular.
- As carpinterías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes no contorno. Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras interiores de madeira, non permitíndose as persianas exteriores.
- No relativo aos aleiros estableceranse que as súas condicións construtivas en base ao estudo pormenorizado do núcleo, de xeito que sexan acordes coa tipoloxía tradicional existente. En ningún caso poderán exceder do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos, prologándose, de ser o caso, unicamente o material de cubrición. Neste senso tamén se eliminará a última frase do artigo 316.2.b) "...salvo os aleiros de cuberta de ata 0,80 metros".
- Os voos e recuamentos de fachada permitiranse no caso de que sexan identificados e definidos no estudo pormenorizado do núcleo rural como propios das edificacións tradicionais e serán acordes con estas tipoloxías.
- De facerse novos remates de chemineas estes harmonizarán cos tipos tradicionais existentes.

Así mesmo recomendarase a incorporación de todos estes criterios relativos ao mantemento do tecido dos núcleos, ás características dos seus espazos públicos e ás condicións de edificación, na ordenanza do solo de núcleo rural común, non afectado por contornos de protección de elementos recollidos no catálogo.

Por outra banda, no artigo 335 do capítulo IV da normativa reguladora dos núcleos rurais, establécense as seguintes condicións para os núcleos que estean vinculados ao Camiño de Santiago:

"1. Ademais das condicións establecidas anteriormente relativas ás Normas Particulares do solo dos núcleos rurais, que sexan de aplicación, os núcleos rurais vinculados ao Camiño de Santiago, están obrigados a respectar e conservar os seus valores tradicionais, parcelario, peches, arboredos, fontes, elementos de auga, camiños, volumes, alturas, forma dos ocos, cubertas e beirarrúas.

2. Nestes núcleos quedará prohibida calquera intervención ou actuación que degrade a apreciación do Camiño de Santiago dentro do seu entorno".

Estas condicións deberán ampliarse, engadindo os seguintes criterios no artigo:

- As actuacións sobre o camiño merecen unha especial atención nos núcleos rurais, onde a través dos pavimentos procurarase manter unha imaxe unitaria do núcleo e da relación deste co camiño. Nestes casos tenderase á introdución de pavimentos continuos, preferentemente lavados de maneira que se perciban os áridos, salvo que existan evidencias de pavimentos tradicionais, en cuxo caso, de ser posible, favoreceranse actuacións de restauración e recuperación.
- Con carácter xeral, rexeitarase o emprego de pavimentos de pedra rústica (chapaplana).
- Así mesmo, en función dun estudo por zonas dos pavimentos e das solucións construtivas que se empreguen, zonas de xisto, zonas de cantería, zonas de chapacuña, zonas de lousados, etc... pode aceptarse a utilización excepcional de lastras.
- Os pavimentos das zonas nas que predomina a lousa son distintos das zonas onde predomina a pedra de gra ou cantería.
- Prestarase especial atención para que se manteñan as rasantes e desde xeito non propiciar a desvinculación das construcións co camiño, evitando diferenzas de nivel entre o camiño histórico e os elementos que hai ao seu carón, non modificando da súa relación.
- Os revestimentos dos muros, os aparellos das fabricas, os materiais de fachada, as cores, os encintados, as texturas, os rebocos, os aplacados, os xambeados e a proporción dos ocos, a composición das fachadas e dos volumes de cuberta, a fragmentación de volumes, e a forma das plantas serán acordes co contorno tradicional no que se atopen. Non se permitiran instalacións que deterioren as edificacións tales como antenas, gas, electricidade e subministracións.
- Os novos peches deben ser preferentemente vexetais ou opacos (ata un metro), feitos con materiais tradicionais ou de bloques enfuscados e pintados en cores acordes co lugar ou recebo con morteiro de cor. Non se admitirá o emprego de materiais con bloques ou ladrillo vistos nin os materiais tipo "bloque split" ou outros de produción industrializada. Os cambios a realizar no muro de peche de pedra faranse sempre co uso dunha pedra semellante á existente e evitando no posible o uso de encintados e en todo caso a utilización de cemento nos morteiros. Prestarase unha atención especial aos peches de parcelas con diferenzas de cota e aos situados na marxe do camiño.
- En canto á colocación de cancelas, autorizaranse os modelos sinxelos, con barras sen ornamentos, non molduradas, de seccións cadradas ou circulares e nas cores tradicionais da zona.
- Por outra banda, para unha axeitada valoración de proxectos de obras de reforma ou ampliación con instalación de novas edificacións agrícolas e gandeiras, requirirase aos promotores que presenten un estudo de ordenación e deseño xeral do conxunto e dos elementos de detalle: volumetrías, composición de fachadas e cubertas, acabados e materiais exteriores, e a implantación no territorio. No caso de que se prevexa implantación de maquinaria ou elementos auxiliares tamén se incorporara no estudo.
- Como criterio xeral nas intervencións sobre os espazos públicos, os materiais e cores que se utilicen harmonizarán co contorno, o mobiliario será discreto,

minimizaranse as instalacións urbanas e soterraranse os tendidos aéreos existentes.

3.4. Solo rústico

Deberán incluírse nos planos de ordenación os xacementos que no apartado 1.2.1 se indicaba que deberían ser incorporados ao catálogo, establecendo as súas áreas de protección correspondentes.

Tamén cómpre incorporar aos planos de ordenación as delimitacións dos contornos de protección dos bens arqueolóxicos que se localizan nos límites con outros concellos.

Será necesario que as delimitacións dos contornos de protección daqueles bens recollidos no catálogo compartisen o ámbito nos planos de ordenación, xa que cando se superpoñan contornos de protección de diferentes bens deberá grafitarse tan só a súa envolvente ou o contorno máis extenso.

No plano nº 9 o elemento 1.17 debe desaparecer dos planos de ordenación xa que o xacemento está completamente destruído.

No plano nº 12, para evitar solapamentos de usos, o elemento 27.8 (Coto Castelo de Rellas) debe quedar ou ben completamente dentro da zona verde 27-SN-P1 ou ben excluído por completo desa zona.

En moitos casos a localización e a definición dos xacementos non é correcta e isto deriva en que tamén se terán que variar as áreas de protección grafadas nos planos. Con respecto á definición das áreas de protección establecidas, podemos distinguir tamén diversas cuestións que se repiten sobre moitos dos elementos:

- *Áreas de protección integral reducidas:* Hai diversos bens nos que se considera que a área de protección sinalada no plan é demasiado exigua, ben pola singularidade do xacemento ou ben porque non chega a abranguer integramente a súa superficie real. Deberase polo tanto ampliar a dita área.
- *Áreas de solo rústico de protección do patrimonio cultural:* Dadas as características dalgúns xacementos (dispersións cerámicas da prehistoria recente ou túmulos megalíticos de pequeno tamaño) non semella necesario desenvolver algunhas áreas como solo rústico de especial protección do patrimonio ata os límites propostos, tendo en conta as limitacións ou restricións de uso establecidas para estas áreas nas ordenanzas urbanísticas, polo que aconséllase reducir o ámbito.
- *Contornos de protección reducidos ou excesivos.*

En resume, esquematízase o comentado nos puntos anteriores na seguinte listaxe de correccións:

- Ficha 1.12: Mámoa de Monte Alto, plano nº 6 > Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 1.13: Mámoa de Poide, plano nº 6 > Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 1.14: Mámoa da Chousa, plano nº 6 > Corrixir a situación. Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 1.18: Mámoa da Ferreiriña 2, plano nº 6 > Eliminar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección polo leste.

- Ficha 3.15: Castro de Breixiña, plano nº 9 > Corrixir a situación. Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección cara o oeste.
- Ficha 5.5: Castro de San Mamede, plano nº 13 > Protección integral reducida. Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 7.11: Torre da Chapa, plano nº 12 > Corrixir a situación.
- Ficha 7.12: Castro da Chapa, plano nº 12 > Ampliar a área de protección integral.
- Ficha 7.16: Eira dos Vilanova 2, plano nº 12 > Reducir a área de protección integral e o contorno de protección do elemento.
- Ficha 7.17: Eira dos Vilanova 1, plano nº 12 > Non se establecerá ningunha zona de protección integral, e o contorno de protección se reducirá considerablemente, facéndoo coincidir co solo rústico de protección de infraestruturas da autoestrada.
- Ficha 8.11: Castro de Cira, plano nº 4 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección cara o sur.
- Ficha 9.28: Castro de Cortegada, plano nº 21 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección cara o leste.
- Ficha 10.17: Castro Lóbrigo, plano nº 5 > Ampliación do contorno de protección cara u oeste.
- Ficha 11.41: Castro de Cascaxide, plano nº 16 > Ampliar a área de protección integral.
- Ficha 11.44: Mámoa do Camiño do Barreiros 2, plano nº 19 > Corrixir a situación. Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 11.45: Castro de Dorrón, plano nº 15 > Ampliar a área de protección integral.
- Ficha 13.47: Castelo do Souto, plano nº 20 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección cara o norte e oeste.
- Ficha 13.50: Achado de Fontefiás, plano nº 24 > Corrixir a situación.
- Ficha 15.05: Castro de Laro, plano nº 28 > Reducir a área protección integral.
- Ficha 19.13: Castro de Moalde, plano nº 11 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 21.13: Castro das Orelasplano nº 26 > Ampliar a área de protección.
- Ficha 21.14: Castro Montaz, plano nº 25 > Ampliar a área de protección integral. Ampliación do contorno de protección.
- Ficha 21.16: Petróglifo de Chao de Petos 1, plano nº 28 > Corrixir a situación.
- Ficha 24.10: Castro de Pena, plano nº 5 > Ampliar a área de protección integral.
- Ficha 26.10: Mámoa da Braña, plano nº 24 > Corrixir a situación.
- Ficha 28.7: Petróglifos de Primadorno 1, plano nº 10 > Corrixir a situación.
- Ficha 28.8: Mámoa de Moimenta, plano nº 10 > Corrixir a situación.

- Ficha 28.10: Ponte de Losón, plano nº 10 > Pódese reducir o contorno de protección.
- Ficha 28.12: Petróglifos de Primadorno 2, plano nº 10 > Corrixir a situación.
- Ficha 28.13: Agro de Nogueira, plano nº 10 > Pódese reducir o contorno de protección.
- Ficha 28.15: As Moreiras, plano nº 10 > Pódese reducir o contorno de protección.
- Ficha 28.17: Estela de Saidres, plano nº 10 > Ampliación do contorno de protección uníndoo coa do elemento recollido na ficha 28.16.
- Ficha 28.18: Petróglifo da casa fidalgo, plano nº 10 > Cómpre retirar o contorno de protección.
- Ficha 28.19: Machado de Primadorno, plano nº 10 > Corrixir a situación.
- Ficha 29.16: Peneda do Encanto, plano nº 21 > Corrixir a situación. Ampliar o contorno de protección.
- Ficha 29.17: Castro de Cartimil, plano nº 21 > Ampliar a protección integral.
- Ficha 29.18: Castro do Marcoplano nº 21 > Corrixir a situación.
- Ficha 29.20: Mámoa de Gándara Chá 1, plano nº 25 > Corrixir a situación.
- Ficha 29.22: Mámoa de Gándara Chá 3, plano nº 25 > Corrixir a situación.
- Ficha 30.55: Castro de Toiriz > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección.
- Ficha 31.15: Castro de Taboada, plano nº 18 > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección.
- Ficha 32.06: Castro de Vilar, plano nº 18 > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección
- Ficha 33.08: Mámoa de Farelos, plano nº 19 > Corrixir a situación.
- Ficha 33.09: Mámoa do Coto do Lobo, plano nº 23 > Ampliar a área de protección integral. Ampliar o contorno de protección.

Por outra banda, considérase que algúns elementos, tendo en conta a súa singularidade, a súa desaparición ou o seu uso actual, non deberían contar con áreas de protección integral e polo tanto clasificar o terreo como solo rústico de protección do patrimonio cultural, sendo suficiente a súa protección co grafado da área de respecto. Son os seguintes casos:

- Ficha 5.6: Agra dos Castros, plano nº 13
- Ficha 12.19: Os Castros, plano nº 20
- Ficha 30.54: Mámoa de Silleda, plano nº 17

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

galicia

4. CONCLUSIÓN

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda,* aprobado inicialmente no pleno do concello o 18 de decembro de 2012, **informe desfavorable.**

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2013
A directora xeral do Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Ínsua

Concello de Silleda

CONCELLO DE SILLEDA
30 XAN. 2014
NÚM. 189
S A Í D A

En relación co **Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda. Aprob. inicialmente polo Pleno o 18/12/2012**, dáselle traslado de unha copia do INFORME emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, recibido en este concello a data de 28 de Xaneiro de 2014.

Un cordial saúdo.
En Silleda a 30 de Xaneiro de 2014-01-30

O SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. : D. Manuel Cuíña Fernández

eptisa
31 ENE. 2014
ENTRADA 8050

EPTISA.-
Rúa José Luis Pérez Cepeda, nº 5-7
15004- A CORUÑA.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

JT
N/REF: PU/PO/003/13
S/REF:

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 24/01/2014 14:10:59
SAÍDA 868 / RX 44919

Achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral relativo ao proxecto "PXOM DE SILLEDA", de acordo coa súa solicitude.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2014
A directora xeral de Conservación da Natureza

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS · DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

Verónica Tellado Barcia

CONCELLO DE SILLEDA
28 XAN. 2014
NÚM. 365
ENTRADA

CONCELLO DE SILLEDA
RÚA TRASDEZA Nº 55
36540 SILLEDA (PONTEVEDRA)

DE ASÍS A COMPOSTELA · DATA 800 aniversario · 1214.2014

Valoración
consta en listado de Expts.
29-Xuño-2014 Optima

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

JT/

ASUNTO	INFORME SOBRE O PXOM DE SILLEDA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA	**CLAVE**	PU-PO-003-13
PROXECTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA		
ESPAZO NATURAL	LIC "Sistema Fluvial Ulla-Deza" LIC "Brañas de Xestoso" LIC "Serra do Candán"		
CONCA FLUVIAL	Ulla		
CONCELLO	Silleda	**PROVINCIA**	Pontevedra
ORGANISMO SOLICITANTE	Concello de Silleda	**Ref.:**	
PROMOTOR	Concello de Silleda	**Ref.:**	

Antecedentes

O presente informe emítese a solicitude do Concello de Silleda no marco do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

A documentación presentada consta de:

- Documento de Aprobación Inicial do PXOM de Silleda. (exemplar en soporte dixital). Decembro, 2012.

Para a elaboración deste informe tivéronse en conta as consideracións formuladas polo Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra.

Resumo de actuacións

O municipio de Silleda conta cunha superficie de 168,14 Km² e sitúase na parte Noroeste da provincia de Pontevedra. Silleda limita, ao Norte co municipio de Vila de Cruces, ao Leste con Lalín, e ao Oeste con A Estrada e Forcarei.

DE ASÍS A COMPOSTELA · DATA 800 aniversario · 1214.2014

Pertence á comarca do Deza, integrada tamén polos municipios de Vila de Cruces, A Golada, Lalín, Rodeiro e Dozón. A cabeceira comarcal está situada na capital do municipio de Silleda que se configura como o principal centro urbano do conxunto comarcal. Pertencente ao partido xudicial de Lalín, forma parte da histórica "Terra de Trasdeza" que actualmente se integra na comarca do "Deza".

A capital do municipio está emprazada ao borde da estrada nacional N-525, Santiago-Ourense e dista 36 km de Santiago de Compostela.

Atendendo á morfoloxía do territorio, Silleda presenta unha topografía bastante accidentada, sobre todo na súa metade Sur. Conta con altitudes que poden considerarse medias, a diferenza de altitudes entre a zona máis baixa do municipio (Norte) e a máis alta (ao Sur do municipio), supera os 940 metros.

A súa orografía é variada e vai dende as altas montañas como o Candán (1014 m.), Clamor con mais de 800 m ou Fontao, Ferreiras e San Sebastián por encima dos 500 m ata os vales máis baixos como Escuadro ou Cira situados a 80 m de altura.

O Sur do municipio está percorrido por alienacións montañosas nas que se rexistran as maiores altitudes, especialmente na Serra do Candán (San Benito con 1.014 m); nelas nacen os ríos Casela e Escuadro - Toxa que descenden con orientación Sur - Norte orixinando pequenos vales transversais na zona central do municipio.

Polo Oeste, discorren os ríos Asneiro e Deza, os máis importantes da rede fluvial que percorre o Norte do municipio formando un val fortemente encaixado nalgunhas zonas. Na metade Norte as altitudes son menores e é onde se asentan a maioría dos núcleos de poboación, entre eles os máis importantes do municipio, Silleda e A Bandeira.

O sistema viario do municipio está integrado polas seguintes vías:

Autopistas:

- Autopista Central Galega AP-53 (tramo Santiago – Dozón): Comunica Silleda na dirección Leste - Oeste. cos municipios de Lalín e A Estrada. A nivel interno comunica o núcleo de Silleda con A Bandeira.

Estradas Nacionais:

- Estrada N-525 (Benavente - Santiago de Compostela): comunica Silleda cos municipios de Lalín e A Estrada en dirección Leste - Este. Nas marxes desta estrada produciuse o asentamento dos principais núcleos de poboación.
- Estrada N-640 (Vegadeo - Porto de Vilagarcía de Arousa): Discorre nun pequeno tramo próximo ao núcleo de A Bandeira e comunica o municipio de Silleda co municipio limítrofe de A Estrada.

Estradas Autonómicas:

- Estrada autonómica PO-201 (Silleda-Laro): Comunica o municipio de Silleda pola zona Este, de Norte a Sur, co municipio de Lalín.
- Estrada autonómica PO-204 (A Bandeira-Vila de Cruces): Comunica o núcleo de A Bandeira desde a N-525 co municipio de Vila de Cruces.
- Estrada autonómica PO-210 (A Bandeira-Estación de FFCC de A Bandeira): Comunica o núcleo de A Bandeira coa estación do ferrocarril.
- Estrada autonómica PO-211 (Silleda-Estación de FFCC de Silleda): Atravesa o municipio pola zona Este, de Sur a Norte, e establece a comunicación do núcleo de Silleda coa estación do ferrocarril en Silleda.
- Estrada autonómica PO-205 (Silleda (N-525)-Vila de Cruces): Comunica o municipio de Vila de Cruces co municipio de Silleda, permitindo a conexión do municipio de Vila de Cruces coa estrada N-525.
- Estrada autonómica PO-534 (Lalín-Folgoso): Atravesa o municipio pola zona Sur, de Este a Oeste e establece a comunicación entre a estrada N-541 á altura do núcleo de Folgoso, no municipio de Cerdedo, coa estrada N-525, no núcleo de Lalín.

Estradas da Deputación:

Complementan as comunicacións entre tódolos núcleos de poboación, así como as relacións secundarias de SILLEDA con algúns municipios veciños.

Estradas Municipais:

Establecen a comunicación entre as vías Nacionais, Autonómicas e da Deputación, coas entidades de poboación así como coas áreas naturais e de cultivo.

Ferrocarril

SILLEDA está atravesado polo Norte do municipio pola liña do ferrocarril Santiago-Ourense e conta con estación en Taboada, a 3 km de Silleda e en A Bandeira.

Así mesmo o municipio é atravesado polo Norte pola rede de alta capacidade prevista.

O municipio está formado por 33 parroquias: Abades (Santa María), Ansemil (San Pedro), Breixa (Santiago), Carboeiro (Santa María), Castro, O (San Mamede), Cervaña (San Salvador), Chapa (San Cibrao), Cira (Santa Baia), Cortegada (Santa María), Dornelas (San Martiño), Escuadro (San Salvador), Fiestras (San Martiño), Graba (Santa María), Lamela (San Miguel), Laro (San Salvador), Manduas (San Tirso), Margaride (San Fiz), Martixe (San Cristovo), Moalde (San Mamede), Negreiros (San Martiño), Oleiros (San Miguel), Parada (San Tomé), Pazos (San Martiño), Piñeiro (San Xiao), Ponte (San Miguel), Refoxos (San Paio), Rellas (San Martiño), Saídres (San Xoán), Siador (San Miguel), Silleda (Santa Baia), Taboada (Santiago), Vilar (San Martiño), Xestoso (Santa María).

O municipio de Silleda conta cunha poboación de 9.248 habitantes, o que supón un 20,66% do total comarcal.

Atendendo á ocupación do territorio e ao nivel de concentración da poboación, debe destacarse que Silleda presenta unha ocupación do territorio cifrada en 1,7 entidades/km^2, valor por riba da media comarcal (1,1 entidades/km^2), e a poboación distribúese en entidades de aproximadamente 31 habitantes de tamaño medio, cifra neste caso inferior á media comarcal (40 habitantes/entidade).

Estímase que a poboación do municipio de Silleda medrará nos próximos años nos núcleos urbanos, tanto en Silleda como en A Bandeira, e que a poboación rural se estancará ou descenderá levemente, polo que será importante prever as reservas de solo precisas para dar cabida á poboación prevista segundo o crecemento dos últimos anos.

Estimación da evolución da poboación

Ámbito	Período 2001-06			Período 2006-10			Período 2001-10		
	TCAA (%)	Proxección		TCAA (%)	Proxección		TCAA (%)	Proxección	
		2018	2026		2018	2026		2018	2026
Núcleo de SILLEDA	4,07	3.210	3.913	6,35	4.160	5.661	5,08	3.679	5.002
Núcleo de A BANDEIRA	0,82	745	780	2,03	874	936	1,24	827	901
Medio Rural	-1,82	5.001	4.196	-1,95	4.842	3.948	-1,77	4.926	4.116
TOTAL MUNICIPAL	-0,26	8.773	8.694	0,52	9.833	10.018	0,09	9.313	9.378

O Concello de Silleda dispón dun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 04/06/1981, con seis Modificacións Puntuais. En desenvolvemento do PXOU aprobouse o Plan Parcial Parque Empresarial Área 33, A.D. 22/10/1991), con dúas Modificacións Puntuais.

O termo municipal de Silleda está afectado polos seguintes Proxectos Sectoriais de incidencia supramunicipal aprobados definitivamente:

- Aproveitamento hidroeléctrico do río Deza (A.D. 28/07/2005).
- Parque eólico Masgalán – Campo do Coco (A.D. 22/11/2001).
- Parque eólico Couto de San Sebastián (A.D. 11/10/2007).

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) encadran o municipio de Silleda dentro do "Sistema Urbano Intermedio", trátase de centros que experimentaron un crecemento demográfico moito menor que o das cidades máis importantes, pero cuxo dinamismo os diferenza claramente da tónica de declive que marca á maior parte do territorio galego desde as décadas centrais do século XX.

O Sistema central Lalín- A Estrada inclúe ao municipio de Silleda, a medio camiño entre ambas as dúas cidades, considerándoo como un núcleo con vocación de subcabeceira neste espazo.

A orografía do territorio reparte Silleda entre os vales e a montaña onde a pendente condiciona os asentamentos de poboación e limita o aproveitamento agrícola favorecendo o desenvolvemento das masas forestais nas zonas mais abruptas ou de maior altitude e menor accesibilidade. Estas condicións orientan o concello cara a unha vocación de territorio agrícola e forestal. A poboación de Silleda concentrase principalmente no núcleo urbano de Silleda e en menor medida en A Bandeira, e nos pequenos núcleos rurais que medran repartidos por todo o territorio con carácter eminentemente rural, rodeados de solos rústicos de especial protección agropecuaria e forestal.

Partindo da situación urbanística e en base aos estudos sobre o medio rural e o modelo de asentamento da poboación, así como ao estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico e en concordancia coas directrices establecidas pola Corporación Municipal no marco da súa política urbanística, establécense os obxectivos, criterios e solucións xerais de ordenación para o municipio de Silleda:

1. Frear a dispersión de edificios e fomentar a consolidación e mellora das áreas edificadas.
2. Fomentar os desenvolvementos que limitan coas áreas consolidadas e dimensionar estes eidos con criterios viables e realistas, acordes coas previsións de crecemento.
3. Complementar e mellorar a estrutura territorial.
4. Preservar os valores naturais e culturais que aínda subsisten.
5. Conservar os núcleos rurais de poboación.
6. Conservar e recuperar o patrimonio construído.
7. Completar as estruturas urbanas.
8. Equilibrar as densidades urbanas.

9. Cubrir os déficits de dotacións públicas.
10. Fomentar o transporte sostible.
11. Completar o sistema viario urbano.
12. Potenciar a zona Norte do núcleo de Silleda como espazo ligado a usos terciarios.
13. Potenciar a zona Este do municipio de Silleda como espazo ligado a usos industriais.

Os criterios e obxectivos propostos na redacción do PXOM para a ordenación dos distintos tipos de solo son os seguintes:

- <u>Solo urbano consolidado:</u>

A delimitación de solo urbano consolidado comprende os soares, así como as parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo presente PXOM, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

- <u>Solo urbano non consolidado:</u>

Esta delimitación está integrada pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que o PXOM prevé:

  - Procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas.
  - Unha ordenación considerablemente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdidas á marxe do planeamento.

- <u>Solo de núcleo rural:</u>
  - Zona Histórico - Tradicional: Está constituída pola agrupación das edificacións tradicionais existentes no núcleo (edificacións cunha antigüidade aproximada de 50 anos ou máis), as cales se apóian normalmente sobre un viario de trazado irregular e de escasa sección.
  - Zona Común: Esta zona, colindante coa anterior, está constituida normalmente por edificacións máis recentes apoiadas nas estradas e camiños que conflúen no núcleo orixinario. Nos núcleos con escaso crecemento, a zona común practicamente non existe.

A delimitación do perímetro dos núcleos rurais, realizouse atendendo ás condicións topográficas e á estrutura da propiedade e, do seu nivel de integración, nas dotacións e servizos existentes no mesmo, axustándose ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes.

- Solo urbanizable:

As reservas de solo urbanizable residencial localizáronse lindeiros co solo urbano do núcleo urbano, coa finalidade de permitir o desenvolvemento harmónico do núcleos urbanos e optimizar os custos de infraestruturas, servizos e dotacións públicas.
Dentro da delimitación de solo urbanizable delimitado inclúense os terreos para os que se establece un desenvolvemento preferente, fixando para os mesmos os plazos de execución, e as condicións para a súa transformación e desenvolvemento.

- Solo rústico
  - De Protección Ordinaria: Está constituído polos terreos que o presente PXOM considera inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico, por razón das súas características xeotécnicas ou morfolóxicas, polo alto impacto territorial que conlevaría a súa urbanización, polos riscos naturais ou tecnolóxicos ou en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible.
  - Especialmente Protexidos: Está constituído polos terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público, ou de outra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación.

De acordo coa definición dos distintos tipos de solo establecida na lexislación vixente, e os criterios de clasificación utilizados na redacción do Plan, despréndese a seguinte cuantificación por tipos de solo:

CLASE E CATEGORIA DE SOLO		SUPERFICIE (Ha)	PORCENTAXE (Sobre cada clase de solo)	PORCENTAXE (Sobre a superficie total municipal)
URBANO	CONSOLIDADO Residencial Terciario Industrial APT-1	83,91 0,77 31,19 42,12	50,64 0,46 18,85 25,42	0,50 0,005 0,19 0,25
	NON CONSOLIDADO Residencial	7,60	4,59	0,04
TOTAL SOLO URBANO		165,59	100,00	0,96
DE NUCLEO RURAL		653,91	100,00	3,89
TOTAL SOLO DE NUCLEO RURAL		653,91	100,00	3,89
URBANIZABLE DELIMITADO	Residencial	0	0	0,00
	Industrial	40,31	100,00	0,24
TOTAL SOLO URBANIZABLE DELIMITADO		40,31	100,00	0,24
RUSTICO	De protección Ordinaria	57,27	0,36	0,34
	Especialmente protexido	15.896,40	99,64	94,54
TOTAL SOLO RUSTICO		15.953,83	100,00	94,88
TOTAL SUPERFICIE DO MUNICIPIO		16.813,74	100,00	100,00

As actuacións preferentes previstas polo Plan son as seguintes:

Sistema xeral de comunicacións:

Partindo do obxectivo de completar e mellorar a estrutura territorial do termo municipal, os criterios que se establecen en canto a infraestruturas viarias son os seguintes:

- Dotar ao municipio de novas infraestruturas viarias que permitan mellorar as comunicacións cos municipios veciños e distribuír os tráficos que actualmente se concentran nos puntos de conexión do viario municipal coas vías de maior entidade.
- Dotar ao municipio de novas infraestruturas viarias que permitan a estruturación das áreas.
- Ampliar e mellorar o viario do sistema xeral existente.

Non se prevén cambios respecto ao sistema ferroviario.

Sistema xeral de espazos libres:

A superficie destinada polo PXOM ao sistema xeral de espazos libres ou zonas verdes é de 302.555 m^2, que sumada á superficie destinada a dotacións locais de espazos libres e zona verde (136.724 m^2), ascende a 439.279 m^2.

Sistema xeral de Equipamento Comunitario Público:

O equipamento comunitario actual do municipio concéntrase no núcleo urbano de Silleda. No medio rural as dotacións locais de equipamento están constituídas fundamentalmente polas antigas escolas unitarias, as cales funcionan na súa maioría como locais sociais, pistas polideportivas, igrexas e cemiterios vinculados en xeral ao equipamento relixioso.

A superficie destinada polo PXOM ao sistema xeral de equipamento comunitario é de 160.743,72 m^2, que sumada á superficie destinada a dotacións locais de equipamento (77.393 m^2), ascende a 238.136,72 m^2.

Sistema xeral de Infraestruturas de Servizos:

- Respecto ao abastecemento: O PXOM mantén o actual sistema xeral de abastecemento de auga estendendo as redes as áreas de novo desenrolo, ampliando a capacidade de algunhas das redes existentes e dos depósitos de distribución, ó mesmo tempo que se propoñen novas captacións que garantan a suficiencia dos recursos hídricos, necesarios para o desenrolo proposto nos núcleos urbanos do Concello, proxectándose o seguinte:
  - En Silleda: Ampliación da rede existente, ampliación da ETAP de Marco, construción de un novo depósito en Silleda, dende o que se fornecerá ao polígono industrial Área 33.
  - En Bandeira: Proponse unha nova captación no río Cervaniña, renovación total da ETAP de Bandeira e construción dun novo depósito en Bandeira.

- Respecto ao saneamento: Actualmente este sistema ten importantes carencias. En consecuencia as actuacións previstas polo Plan consisten en:
  - Ampliación da EDAR de Ponte ata 15.659 hab. (45,31 l/s)
  - Ampliación da EDAR de Bandeira ata 4.917 hab. (14,23 l/s)
  - Ampliación do bombeo de Chapa ata 35,57 l/s
  - Sustitución da Impulsión de Chapa por unha tubería de FD 250 mm

  - No que respecta á capacidade dos colectores existentes considéranse suficientes para asumir os novos caudais.

- Respecto á electricidade: O servizo de enerxía eléctrica subministra actualmente a todo o municipio. O PXOM mantén a actual infraestrutura de enerxía eléctrica.

Análise do proxecto

No concello de Silleda localízanse os seguintes espazos naturais protexidos, catalogados como Rede Natura 2000 e definidos como LIC's (Lugar de Importancia Comunitaria):

- "Sistema fluvial Ulla – Deza" con código (ES1140001). No ámbito de estudo este espazo está vinculado ao río Deza e localízase no perímetro Norte do concello.
- "Brañas de Xestoso" con código (ES1140008). Este espazo está vinculo ao Val de Tabeirós e ao río Escuadro, no perímetro Oeste do concello.
- "Serra do Candán" con código (ES1140013). Vincúlase á serra homónima e no ámbito de estudio ocupa o extremo Sur do municipio.

Ditos espazos forman parte dos espazos incluídos na rede "Natura 2000" por estar declarados como Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) en base á Decisión 2004/813/CE da Comisión do 7 de decembro de 2004 pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica. A citada lista encóntrase actualizada mediante a Decisión de Execución da Comisión de 16 de novembro de 2012 (2013/26/UE).

Ademais do anterior, este espazo ostenta outras figuras de protección como:

- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais declaradas mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (na actualidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

O PXOM cualifica o ámbito do "Sistema Fluvial Ulla – Deza" en parte como Solo Rústico de Protección de Augas e, na parte mais afastada dos canles, como Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais.

Respecto o espazo natural das "Brañas de Xestoso", o PXOM non recolle axeitadamente os seus límites, posto que estes non resultan coincidentes cos oficiais do espazo natural protexido. Ademais, e dentro do ámbito que parece corresponderse con estes, o PXOM cualifica o ámbito no mesmo senso que no caso anterior.

Ademais, parece propor una ampliación do ámbito dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais mais aló dos límites do antedito espazo natural, mantendo a dualidade indicada na cualificación do solo.

No que corresponde a "Serra do Candán", O PXOM tamén cualifica o ámbito do "Sistema Fluvial Ulla – Deza" en parte como Solo Rústico de Protección de Augas e, na parte mais afastada dos canles, como Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais.

Comentar, respecto disto, que o plan debería reflectir os límites dos anteditos espazos naturais de xeito individualizado, posto que dentro dos seus límites oficiais lle son de aplicación restricións especificas, que non teñen porque ser equiparables as resultantes da proposta do plan, de ampliar o ámbito dos Solos Rústico de Protección de Espazos Naturais no caso das Brañas de Xestoso.

Por outra banda, estímase que en calquera caso todo o ámbito dos anteditos espazos naturais debe cualificarse e quedar así claramente reflectido nos planos de ordenación, como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

Engadir que o desenvolvemento das ordenanzas do plan para estes ámbitos debe recoller as particularidades propias deste espazos, diferenciándoas das propias doutras categorías de solos rústicos que se solapan con estes espazos, caso dos asociados as augas ou patrimonio.

Engadir que se procedeu a revisar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, actualmente en tramitación (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2012 – Ampliado prazo de participación pública mediante Anuncio do 2 de febreiro de 2012, DOG nº33, do 16 de febreiro de 2012). Apreciase que a súa consideración supón a ampliación do LIC denominado "Brañas de Xestoso", con unha ampliación irregular do seu perímetro en varias direccións.

Respecto á consideración desto por parte do PXOM, semella que este non tivo en conta esta proposta, pois aínda que o PXOM parece propor una ampliación do ámbito dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais mais aló dos límites do antedito espazo natural no caso das Brañas de Xestoso, esta delimitación proposta polo PXOM non é coincidente coa de ampliación da Rede Natura e non se aclaran as razóns a que obedece.

De feito e pese a que algunhas das zonas da ampliación inclúense dentro dos Solos Rústicos de Especial Protección de Espazos Naturais, a maioría delas quedan cualificadas como Solos Rústicos de Protección Agraria, Forestal ou de Augas.

No concello de Silleda non se localiza ningún outro espazo natural protexido, incluído na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP).

Respecto dos hábitats naturais do Anexo I da Directiva 92/43/CEE presentes no ámbito dos anteditos espazos naturais, compre sinalar, segundo a información do Atlas dos hábitats naturais e seminaturais de España (2005) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que existen representacións dos seguintes hábitats:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/NO)	DENOMINACIÓN
1150	SI	Lagoas costeiras
3110	NO	Augas oligotróficas con un contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*)
3260	NO	Ríos de pisos de chaira e montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*
4020	SI	Uceiras húmidas atlánticas de zonas tépedas de *Erica ciliaris* y *Erica tetralix*.
4030	NO	Uceiras secas europeas
4090	NO	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
6160	NO	Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*.
6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
7150	NO	Depresións sobre substratos turbosos de *Rhynchosporion*
8230	NO	Rochedos silíceos con vexetación pioneira de *Sedo-Scleranthion* o del *Sedo albi-Veronicion dillenii*
91E0	SI	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*)
9230	NO	Robledais galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

Por outra parte, revisado o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) obsérvase que no ámbito do Plan Xeral inclúense doce pequenos humidais, coas seguintes localizacións:

- "Brañas das Fontelas": Emprazado ao norte da parroquia de Xestoso.
- "As Charcas de Teijares 1, 2, 3, 4 e 5": As cinco charcas están agrupadas entre as parroquias de Manduas e Chapa.
- "Fervenza de Férveda": No perímetro Sur da parroquia de Escuadro, limítrofe coa parroquia de Xestoso.
- "Fervenza do Toxa": No perímetro Nordeste da parroquia de Pazos.
- "Lombo da Lagoa": No extremo Norte da parroquia de Xestoso.
- "Masgalán": No perímetro Oeste da parroquia de Refoxos, parte da superficie deste humidal sitúase no concello de Forcarei.
- "Recosto": Na metade Sur da parroquia de Xestoso.
- "Souto": No perímetro Norte da parroquia de Donelas

Tanto os asociados aos espazos naturais protexidos, coma os situados fóra dos anteditos espazos, reciben una cualificación mixta; posto que parte dos mesmos son cualificados como Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais e outros o

son como Solo Rústico de Protección de Augas, dándose o caso de que incluso parte dun mesmo humidal recibe unha cualificación e o resto a outra.

A este respecto, estímase que debe homoxeneizarse dito modo de cualificación, polo menos dentro dun mesmo humidal e, ademais, o desenvolvemento das ordenanzas de estes tipos de solos rústicos deberían recoller as particularidades propias dos humidais incluídos neles, cara a preservación dos mesmos.

En atención ao punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou a contaminación dos hábitats situados fóra da rede Natura 2000, comprobouse, segundo a información do Atlas dos hábitats naturais e seminaturais de España (2005) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que no Concello de Sileda existen representacións dos seguintes hábitats:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/NO)	DENOMINACIÓN
1150	SI	Lagoas costeiras
3110	NO	Augas oligotróficas con un contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*)
3260	NO	Ríos de pisos de chaira e montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*
4020	SI	Uceiras húmidas atlánticas de zonas tépedas de *Erica ciliaris* y *Erica tetralix*.
4030	NO	Uceiras secas europeas
4090	NO	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
5110	NO	Formacións estables xerotermófilas de *Buxus sempervirens* en pendentes rochosas (*Berberidion p.p.*)
6160	NO	Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*.
6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	NO	Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis, Sanguisorba officinalis*)
7150	NO	Depresións sobre substratos turbosos de *Rhynchosporion*
8220	NO	Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NO	Rochedos silíceos con vexetación pioneira de *Sedo-Scleranthion* o del *Sedo albi-Veronicion dillenii*
91E0	SI	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*)
9230	NO	Robledais galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*
9260	NO	Bosques de *Castanea sativa*

Algúns deles intégranse nas áreas de interese ambiental definidas polo PXOM, pero debido ao formato en que se aporta a documentación por parte do concello (incompatible con sistemas SIX) foi imposible comprobar adecuadamente este aspecto da proposta de ordenación. Respecto disto, estímase conveniente se proceda a dita comprobación co obxecto de que, cando menos, os hábitats de carácter prioritario queden integrados, ben no marco dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais; ben noutra categoría que prevea as ordenanzas axeitadas cara a evitar o seu deterioro en acordo ao sinalado pola antedita Lei 42/2007.

No tocante ás augas superficiais, destacar que, salvo unha mínima porción ao Oeste do municipio o resto da superficie municipal pertence á cunca do río Deza, pertencente á súa vez á do río Ulla, as delimitacións destas dúas bacías son coincidentes neste ámbito de estudo. Dentro desta delimitación tamén se inclúen as cuncas dos ríos Toxa e Candán. Ademais destes ríos, polo concello discorren a cabeceira do río Umia, o río Umia, río Escuadro, Regueiro de Chousa do Miño e Regueiro de San Benito entre outros. Estes espazos cualifícanse no PXOM como Solo Rústico de Protección das Augas.

Con relación ao Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (actualizado pola Orden de 3 de outubro de 2011), comprobouse a presenza de un elemento denominado "Sobreira de Siador" pertencente á especie *Quercus suber*, sita na parroquia de Siador e no lugar de A Saleta; aspecto que parece non haber sido tido en conta polo Plan.

No que se refire á flora de interese inventariada, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade (SITEB), as cuadrículas de 10x10 onde se engloba o Concello de Silleda, son o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto), coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción *(V) Vulnerable*

FLORA	CGEA
Eryngium duriaei subsp. juresianum	E
Ranunculus bupleuroides	V
Thymelaea broteriana	V

A este respecto, información máis detallada, como a proporcionada polo Atlas da Flora Vascular Ameazada de España (cuadrículas 1x1), refire a presenza de *Eryngium duriaei subsp. Juresianum* e *Thymelaea broteriana*, no extremo Sur da demarcación municipal.

En canto á fauna, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade, as cuadrículas de 10x10 correspondentes ao concello de Silleda, son o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto); coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción *(V) Vulnerable* *(1) Poboacións nidificantes*

INVERTEBRADOS	
Elona quimperiana	E
Geomalacus maculosus	V
Macromia splendens	E
Margaritifera margaritifera	E
PEIXES	
Alosa alosa	V
ANFIBIOS	
Chioglossa lusitanica	V
Hyla arborea	V
Rana iberica	V
Rana temporaria	V
AVES	
Bubo bubo	V
Circus cyaneus	V
Circus pygargus	V
Gallinago gallinago	E(1)
Milvus milvus	E
Scolopax rusticola	V(1)
Tetrax tetrax	E
Vanellus vanellus	E(1)

MAMÍFEROS	
Galemys pyrenaicus	V
Myotis bechsteinii	V
Myotis emarginata	V
Myotis myotis	V
Rhinolophus ferrumequinum	V
Rhinolophus hipposideros	V

No ámbito de estudio non se inclúe ningunha superficie catalogada como IBA de Galicia.

Ademais, comentar que o ámbito do concello de Silleda non está afectado polo Plan de Recuperación do Sapoconcho Europeo (*Emys orbicularis*) en Galicia; aprobado mediante Decreto 70/2013, do 25 de abril (DOG nº 90, do 13/05/13); así como tampouco o está polo Plan de Recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das cañaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, de 10 de maio (DOG Nº 102, de 30/05/2013).

Ademais e segundo as propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando no Servizo de Conservación da Biodiversidade desta Dirección Xeral, comprobouse que o ámbito do Concello de Silleda está afectado polas seguintes zonificacións:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
Galemys pyrenaicus	Vulnerable	Área prioritaria
Hyla arborea	Vulnerable	Área prioritaria
Rana temporaria	Vulnerable	Área de presenza

Engadir que nunha franxa ao Suroeste do concello de Silleda e nunha pequena porción no Norte da parroquia de Vilar (San Martiño), será de aplicación, ao respecto das medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión; o establecido pola resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se delimitan as áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación

das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión. Trátase dun aspecto que non foi contemplado polo Plan.

Conclusións

Atendendo á súa consulta, en base á información dispoñible nestas dependencias e á información achegada, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no marco das súas competencias, considera que deben integrarse no PXOM as seguintes cuestións:

1. Respecto do Formato da Documentación Avaliada:

   Estímase que o PXOM, incluíndo o desenvolvemento acorde as consideracións que constan no presente informe, debe aportarse a esta Dirección Xeral en formato compatible con sistemas SIX, cara a poder verificar con certeza e fiabilidade o axuste da proposta aos aspectos competencia desta Dirección Xeral.

2. Respecto ós Espazos Naturais Protexidos:

   O PXOM deberá reflectir os límites dos anteditos espazos naturais de xeito individualizado dentro do ámbito dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais, aportando cartografía e formato SIX destes aspectos, así como da restante ordenación proposta. Ditos límites deben axustarse, estritamente, a delimitación oficial.

   Todo o ámbito dos anteditos espazos naturais debe cualificarse, e quedar así claramente reflectido nos planos de ordenación, como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

O desenvolvemento das ordenanzas do plan destes ámbitos deberá recoller as determinacións que, no que respecta aos ámbitos do Concello integrados na Rede Natura 2000, se deriven da aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 (actualmente nas últimas fases de tramitación do proxecto de Decreto que aproba o Plan Director da rede Natura 2000 de Galicia – DOG nº 136, martes 17 de xullo de 2012).

Así mesmo, ditas ordenanzas deberán recoller as particularidades destes espazos, respecto dos outros ámbitos do concello que o plan propón engadir a esta categoría de solos rústicos.

Ademais e posto que o PXOM propón o solapamento dos solos rústicos de protección de espazos naturais con outras tipoloxías de solos rústicos, caso dos asociados as augas ou patrimonio; o desenvolvemento das ordenanzas debe recoller ditas diferenzas, de xeito que se compatibilice a protección dos valores naturais que motivaron a proposta de clasificación co desenvolvemento dos outros usos permitidos.

3. Respecto da Ampliación da Rede Natura 2000:

Debe modificarse e integrarse, ben no Plan, ben no seu desenvolvemento e sempre no caso de que a proposta se aprobe nos termos actuais, a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2012 – Ampliado prazo de participación pública mediante Anuncio do 2 de febreiro de 2012, DOG nº33, do 16 de febreiro de 2012); ao prever a ampliación do LIC "Brañas de Xestoso".

Posto que o PXOM xa parece propor unha ampliación dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais no ámbito das Brañas de Xestoso, estímase que dita proposta do PXOM debería axustarse o, polo menos, recoller o ámbito de ampliación recollido na proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

(DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2012 – Ampliado prazo de participación pública mediante Anuncio do 2 de febreiro de 2012, DOG nº33, do 16 de febreiro de 2012).

As ordenanzas aplicables a estes ámbitos deberían recoller as determinacións necesarias cara á protección dos valores naturais presentes nos mesmos, polo que en caso de optar por solapar a cualificación de solos rústicos de protección de espazos naturais coas outras cualificacións aplicadas ao ámbito, entanto non se aprobe a ampliación da Rede Natura 2000, terase en conta no desenvolvemento das ordenanzas aplicables a estas outras cualificacións a necesidade de que se compatibilice a protección dos valores naturais que motivaron a proposta de clasificación, co desenvolvemento dos outros usos permitidos.

En todo caso, nestes ámbitos, deben axustarse as ordenanzas aplicables ao caso, segundo proceda, ás resultantes do proceso de ampliación, incluíndo as determinacións que, no seu caso, se deriven da aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000.

Tamén neste caso aportarase cartografía e formato SIX cara a comprobación da ordenación finalmente proposta polo PXOM.

Ademais, en caso de que a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia se aprobe en termos diferentes aos actuais, o PXOM deberá axustar a súa delimitación á proposta que finalmente se aprobe.

4. Respecto as árbores senlleiras existentes no ámbito do Plan:

O PXOM deberá recoller a súa existencia e integrar ditas figuras dentro dalgunha das categorías de Solos Rústicos de Protección que prevea as ordenanzas axeitadas cara a evitar o seu deterioro en acordo ao sinalado polo antedito Decreto 67/2007.

5. Respecto dos Humidais:

Na liña do sinalado no punto nº 1 destas conclusións, debe aportarse a documentación relativa á ordenación destes espazos en formato SIX cara a poder comprobar coa certeza necesaria o axeitado da proposta de ordenación para estes ámbitos.

En todo caso, os asociados aos espazos naturais protexidos integraranse nas áreas de interese ambiental definidas polo PXOM (solos rústicos de protección de espazos naturais) e os restantes ben na categoría anterior ben noutras categorías de solos rústicos de protección; procurando en todos os casos a homoxeneización das cualificacións adoptadas, polo menos dentro dun mesmo humidal.

Para todos eles e en calquera caso, o desenvolvemento das ordenanzas de estes tipos de solos rústicos deberían recoller as particularidades propias dos humidais incluídos en eles, cara a preservación dos mesmos.

6. Respecto dos Cursos e Beiras Fluviais:

Estímase que o PXOM deberá proceder a delimitar e ordenar claramente os usos permitidos respecto ás distancias sobre os mesmos, na procura de protexer cara o futuro a meirande parte posible das zonas que na actualidade se atopan en bo estado de conservación.

Ademais, incluirá propostas tendentes a recuperar no posible aquelas zonas alteradas para que volvan a ter un grado de conservación satisfactorio.

7. Respecto dos Hábitats situados Fora da Rede Natura:

O Plan procederá a identificar os tipos de hábitats naturais e especies animais e vexetais de interese comunitario presentes no concello e procederá a comprobar que, cando menos, os hábitats de carácter prioritario queden incluídos dentro

dalgunha clasificación de solo que evite o seu deterioro, integrando nesas categorías de solos rústicos o desenvolvemento das ordenanzas axeitadas e específicas, cara a evitar o seu deterioro, en acordo ao sinalado pola antedita Lei 42/2007.

Ademais, aproveitarase este traballo para xunto coa consideración da rede fluvial e a dos espazos naturais protexidos e humidais, proceder a propor unha rede de corredores que aseguren o mantemento da conectividade para a fauna dentro do territorio do Concello de Silleda.

A documentación a xerar neste marco incorporará cartografía coa totalidade dos hábitats existentes e a ordenación proposta e aportarase tamén en formato SIX.

8. En relación coas Especies Protexidas do Concello de Silleda:

O PXOM deberá afondar no coñecemento e consideración da fauna do concello na proposta de ordenación, posto que o tratamento deste factor así como dos efectos que a proposta de ordenación tería sobre el, e moi escaso.

Engadir que o ámbito do Concello coincidente coa área de distribución de *Eryngium duriaei subsp. Juresianum* e *Thymelaea broteriana;* ademais de deber cualificarse como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, dada su integración nun espazo natural protexido na liña do anteriormente sinalado a este respecto, as ordenanzas aplicables nestes ámbitos deberán incluír as determinacións específicas necesarias cara a garantir a conservación destas especies.

Respecto ós ámbitos que o borrador do Plan de Conservación dos Anfibios Ameazados considera como áreas de interese para a conservación da *Rana temporaria* e *Hyla arborea,*; estímase que o PXOM debe fixar ámbitos de protección respecto destas especies e zonas, de xeito que abranguen un radio de polo menos 300 m dende os puntos de interese identificados en dito borrador,

ámbitos nos cales é necesario preservar a vexetación das ribeiras e os prados de sega e dente que existan, polo que as ordenanzas aplicables nestes ámbitos tamén deberán incluír as determinacións específicas necesarias cara a garantir a conservación destas especies.

Respecto ós ámbitos que o borrador do Plan de Conservación de *Galemys pyrenaicus* considera como áreas de interese para a conservación da especie, estímase que o PXOM debe recoller nas ordenanzas aplicables a ditos ámbitos as determinacións, cautelas ou restricións de usos e aproveitamentos requiridos para garantir a conservación das poboacións de dita especie nesas zonas, nas cales ademais de preservar a boa calidade das augas, deben evitarse alteracións da natureza da canle, leito e ribeiras, así como é necesario preservar a vexetación das ribeiras.

No que se refire aos impactos sobre Ecosistemas Fluviais e Especies Asociadas, estímase que o PXOM debería avaliar con mais profundidade os impactos sobre estes ámbitos asociados aos potenciais incrementos de poboación e novas actividades, que suporían maior necesidade de abastecemento, saneamento... etc; incluíndo un estudo axeitado de hábitats e especies afectadas por posibles variacións nas necesidades de captación ou xeración de efluentes.

Ademais lembrar a existencia para a súa consideración e conservación, das outras especies sinaladas nas táboas anteriores; protexidas en base ao Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto.

9. Respecto ao Desenvolvemento de Liñas Eléctricas:

En relación co establecido pola antedita resolución de 28 de novembro de 2011, o Plan establecerá, para o ámbito indicado, as ordenanzas correspondentes cara a consideración de dita normativa no caso de desenvolvemento de liñas non soterradas.

10. Respecto da Normativa:

O PXOM integrará, entre a normativa sectorial de referencia, a totalidade da correspondente á conservación da natureza, polo que deberá revisarse e actualizarse este aspecto do mesmo; integrando nas ordenanzas de desenvolvemento todas aquelas cuestións que se deriven desta revisión e actualización.

As ordenanzas que desenvolvan os usos e aproveitamentos permitidos nos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais, deberán establecer cales son os usos mais axeitados en cada caso e zona, para garantir a conservación dos valores naturais obxecto de protección en cada ámbito.

A parte das consideracións anteriores, esta Dirección Xeral informará, e de ser o caso autorizará, todas aquelas actuacións que desenvolvan ao presente PXOM e que poidan afectar, de forma directa ou indirecta, aos seguintes valores naturais:

- Espazos naturais protexidos (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza / Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais).
- Especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas -modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto).
- Árbores Senlleiras incluídas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007, de 22 de marzo - actualizado pola Orden de 3 de outubro de 2011).
- Cursos fluviais (Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos, Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).

- Hábitats naturais de interese comunitario recollidos no Inventario Nacional de Hábitats e localizados fora da rede Natura 2000 (punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade).
- Humidais en base ao Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

O presente informe emítese sobre a documentación aportada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos, debendo cumprir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio (D.O.T.) e no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación deste Plan que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela,21 de xaneiro de 2014

O Xefe do Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas

Javier Turrillo Montiel

Visto e Prace
O Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade

Rogelio Fernández Díaz

DE ASÍS A COMPOSTELA
800 ANIVERSARIO
1214.2014



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

ESCALA: 1:100.000

SITUACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA CON RESPECTO AOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

LENDA: Concello de Silleda; Lugares de Importancia Comunitaria; Proposta de Ampliación Red Natura 2000



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

SITUACIÓN DA FLORA AMEAZADA RESPECTO AO CONCELLO DE SILLEDA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

ESCALA: 1:100.000

LENDA:
- Concello de Silleda
- Atlas de Flora Vascular Ameazada de España



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

SITUACIÓN DAS ESPECIES AMEAZADAS RESPECTO AO CONCELLO DE SILLEDA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

ESCALA: 1:100.000

LENDA:
- Concello de Silleda
- Hyla arborea, A. prioritaria
- Galemys pyrenaicus, A. prioritaria
- Rana temporaria, A. presenza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

ESCALA: 1:100.000

ÁMBITO DE APLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 28/11/2011 NO CONCELLLO DE SILLEDA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA

LENDA:
Concello de Silleda
Ámbito aplicación Resolución 28/11/2011

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

iet

Concello de Silleda
Rúa do Trasdeza, nº 55
36546 Silleda
PONTEVEDRA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SAÍDA 6214 / RX 429864
Data 26/05/2014 08:44:18

CONCELLO DE SILLEDA
28 MAI. 2014
NÚM. 2180
ENTRADA

Asunto: Remisión de informe

Xunto o informe sobre O Plan xeral de ordenación municipal, promovido por ese concello, emitido polo director do Instituto de Estudos do Territorio (IET) en materia de paisaxe, de conformidade co disposto no artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2014

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Luís Álvarez Vicente

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
REXISTRO INTERNO
26 MAI. 2014
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 393

- Eptisa
- Urbanismo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Instituto de Estudos do Territorio

Edificio Administrativo San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Expediente IET: P-13-048
Plan ou programa: Plan xeral de ordenación municipal
Concello: Silleda (Pontevedra)
Promotor: Concello de Silleda

O Concello de Silleda somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM), de conformidade co disposto no artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG), no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica que se desenvolve de conformidade coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do *Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio*, e do artigo 13 do *Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, o Instituto de Estudos do Territorio asume as competencias en materia de paisaxe.

As competencias en materia de paisaxe encádranse no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que no seu artigo 2 expresa que un dos seus principios é o de defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu contorno, e promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes. Pola súa parte, o artigo 5 da Lei 7/2008 imponlles aos poderes públicos a obriga de integrar "*a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.*"

O mecanismo fundamental que articula a Lei de protección da paisaxe para acadar os seus obxectivos son os catálogos e directrices da paisaxe, que lle corresponde formular á Comunidade Autónoma. Mediante Decreto 171/2012, do 1 de agosto (DOG do 17/08/2012) aprobouse o Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística de Deza, que afecta ao municipio de Silleda.

En calquera caso, conforme aos artigos 5 e 6 da Lei 7/2008, os poderes públicos deben integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e as súas actuacións en materia de paisaxe terán como fins a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia. Para tal efecto, o planeamento urbanístico debe tomar en consideración as determinacións que en relación coa paisaxe establecen os instrumentos de ordenación do territorio (en particular as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, DOT, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro), así como outras disposicións legais e normativas, entre as que cabe salientar a LOUG pero sen esquecer outras, como as relativas ao patrimonio cultural ou á conservación da natureza.

Por outra parte, polo que atinxe ao contido do ISA, tal como sinala o artigo 84.6 da LOUG, debe terse presente o disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, e na súa virtude o anexo I desa mesma lei.

ANÁLISE DO CONTIDO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1. Documentación do PXOM:

O PXOM de Silleda contén un estudo específico sobre a paisaxe no apartado 3.1.14 do ISA. En primeiro lugar hai que coincidir coas apreciacións sobre a paisaxe que expresa o comezo dese apartado, e tal como tamén declara, o PXOM deberá ter en conta o Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística de Deza, pois o documento que se analiza fora elaborado antes da aprobación definitiva deste. O Catálogo propón áreas e ámbitos de especial interese paisaxístico e delimita unha serie de unidades paisaxísticas que afectan ao municipio de Silleda. Para esas unidades establece unha serie de elementos individualizadores, valores, obxectivos e accións de calidade paisaxística que deberán estar presentes no estudo paisaxístico do PXOM.

Sen prexuízo do anterior, no citado apartado do ISA analízanse as compoñentes da paisaxe e as cualidades perceptivas do territorio rural de Silleda, cun alcance e criterio que se considera acertado. Tamén se analiza a calidade paisaxística, identificándose as áreas de calidade alta (LIC Ulla-Deza, a Fervenza do Toxa, a ruta do Deza, o Mosteiro de Carboeiro e o Espazo de Ponte Taboada) e media (fervenzas de Férveda e dos Muíños, Brañas de Xestoso, Bosque de Cascaxide e Serra do Candán), e se describen os referentes paisaxísticos do concello, incluíndo os miradoiros. Estúdase a visibilidade, definíndose tres niveis de incidencia visual, e finalmente se determina a fraxilidade ou vulnerabilidade visual, sinalándose tamén tres niveis. Todas estas consideracións represéntanse nos correspondentes planos.

O ISA fai unha análise xenérica dos efectos do plan sobre a paisaxe, se ben se bota en falta a identificación de impactos ou degradacións existentes, orientada a que o plan poida establecer, de ser o caso, medidas para corrixilos ou mitigalos. As medidas preventivas, se ben xenéricas, considéranse correctas.

No estudo do medio rural reprodúcense, en parte, algúns dos contidos do estudo da paisaxe do ISA, o cal debería evitarse. Pola súa parte, na análise do modelo de asentamento poboacional descríbense as claves morfolóxicas e os elementos conformadores da imaxe dos núcleos rurais.

Por todo o antedito, considérase suficiente e correcto o estudo xeral sobre a paisaxe e en concreto sobre a paisaxe rural.

Sen embargo, respecto as áreas urbanas, o contido do apartado 2.7 da memoria xustificativa non pode considerarse suficiente en relación co estudo sobre a paisaxe urbana que demanda a determinación 8.6 das DOT. En congruencia coa consideración da paisaxe que declara o plan, e que efectivamente se realiza a respecto do resto do territorio, o PXOM debe incorporar un estudo sobre todos os aspectos aos que fai referencia a citada determinación, prestando especial atención á imaxe exterior de Silleda e Bandeira, en particular a que ofrecen estes núcleos nos puntos de acceso pola estrada nacional.

2. A ordenación establecida polo PXOM e a súa incidencia na paisaxe:

Para analizar a consideración e tratamento da paisaxe por parte do PXOM poden diferenciarse tres ámbitos, atendendo á clasificación básica do solo: solo rústico, núcleos rurais e áreas urbanas.

2.1. Solo rústico:

O plan clasifica dous ámbitos de solo rústico de especial protección paisaxística, en Ponte Taboada e ao norte da Serra do Candán. Segundo expresa a memoria, o resto de áreas nas que se identifican valores paisaxísticos quedan englobados na protección de espazos naturais, o cal considérase correcto. Porén, debería revisarse a delimitación do espazo da Ponte Taboada, mediante o cálculo da correspondente cunca visual por medio dun sistema de información xeográfica.

Valórase positivamente o contido dos artigos 238 e 239, que establecen medidas especiais de preservación e protección da paisaxe.

En canto á regulación normativa do solo rústico, o PXOM establece algunhas determinacións específicas, engadidas ao réxime xeral definido pola LOUG, o cal tamén se considera correcto, se ben poderían completarse as ditas especificacións nos seguintes aspectos:

- Pautas de situación ou emprazamento das construcións, tanto en relación coa topografía como coa rede de accesos.
- Pautas tipolóxicas, formais ou dimensionais acordes coas características das construcións características do medio rural do municipio.
- Condicións específicas para os peches de parcelas (materiais, alturas, criterios de deseño, etc.). Recoméndase establecer condicións diferenciadas para os ámbitos que teñan diferentes vocacións produtivas ou usos dominantes (agrario, gandeiro, forestal), acordes coas necesidades específicas de cada un deles. Igualmente, recoméndase limitar, na maior medida posible, a posibilidade de executar peches macizos, os cales poden constituír fragmentacións paisaxísticas innecesarias. A este respecto cabe establecer un tratamento diferenciado para os peches que separan as parcelas dos camiños ou estradas de acceso (que pode ser menos restritivo) e para os que separan parcelas entre si (que debería ser máis restritivo).

2.2. Núcleos rurais:

Como sucede co solo rústico, o tratamento normativo dos núcleos rurais polo PXOM responde ás especificacións da LOUG, e por tanto resulta respectuoso, en termos xerais, coas características do modelo tradicional de asentamento de poboación. Porén, e sen prexuízo da aplicación das condicións xerais da normativa, o plan debe especificar a regulación de aspectos relativos á posición, dimensións e características arquitectónicas das edificacións e peches, materiais, etc., adecuados e coherentes coas características propias de cada lugar, co fin de que as intervencións sobre os núcleos rurais respecten o seu carácter paisaxístico e mesmo o potencien (en congruencia co disposto nos artigos 28 e 29 da LOUG).

En canto aos plans especiais de ordenación de núcleo rural, debería establecerse a obriga de que estes plans realicen un estudo da morfoloxía e as características básicas do núcleo (inserción topográfica, trazado do viario, tipoloxías construtivas, materiais específicos, tamaño e morfoloxía das parcelas, etc.), co fin de que a ordenación que establezan sexa respectuosa coa paisaxe rural (especialmente cando se prevean actuacións urbanísticas integrais), e mesmo mellore as condicións preexistentes.

2.3. Áreas urbanas:

O primeiro rasgo que debe destacarse, e positivamente, do tratamento das áreas urbanas do concello é que o PXOM formula un modelo de ordenación axustado ás dinámicas de crecemento realmente estimadas, e por ese motivo non se prevén amplos crecementos dos núcleos de Silleda e Bandeira. Esta decisión favorecerá a compactación dos tecidos existentes, o cal redundará na mellora da paisaxe urbana, ademais de evitar a transformación de áreas da paisaxe rural. Tamén se considera positiva a preocupación pola integración paisaxística que evidencian algúns extremos, como o tratamento de

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 · 800 ANIVERSARIO

paredes medianeiras, a resolución dos límites das áreas cualificadas con ordenanzas de edificación acaroada, ou o axuste das alturas permitidas.

Sen prexuízo do antedito, cómpre facer algúns apuntamentos a respecto da ordenación das áreas urbanas:

- Deberíase tratar coa máxima atención o problema de imaxe que constitúen as entradas e saídas de Silleda e Bandeira pola estrada N-525 e outros puntos da periferia destes núcleos, debido á presenza de paredes medianeiras á vista. Por citar algúns exemplos meramente ilustrativos:
  - ✓ En Bandeira, entrando desde Silleda, as primeiras zonas de vivenda colectiva prevense en edificación entre medianeiras, o que podería dar lugar ao problema de imaxe xa comentado (agás que estivese garantida unha actuación unitaria ou conxunta). Así, na beira oeste existe unha parcela a prado, cunha interesante apertura cara a estrada, na que unha ordenación de edificación aberta ofrecería unha mellor integración paisaxística, sen prexuízo de ocultar a medianeira xa existente.
  - ✓ Unha situación moi semellante dáse na beira dereita da N-525 entrando en Bandeira desde Santiago.
  - ✓ En Bandeira, entrando pola rúa Fernando Penoucos Pájaro, o primeiro cuarteirón á dereita de O-2 provocaría tamén un problema de imaxe, posto que a edificación existente é unha vivenda unifamiliar.
  - ✓ A glorieta da entrada do colexio público de Bandeira é un espazo urbano singular, que merecería un tratamento máis homoxéneo dos cuarteiróns que o conforman.
  - ✓ En Silleda, na entrada polo sur pola Avda. do Parque, na marxe esquerda, prodúcese un encontro entre ordenanza O-2 de catro alturas e unha zona de vivenda unifamiliar sen a oportuna transición volumétrica e de imaxe.
  - ✓ Na entrada pola N-525 a Silleda desde Bandeira, na beira esquerda, xunto á glorieta proxectada, unha ordenación aberta ofrecería menos problemas de imaxe que a banda de O-2 (agás que estivese garantida unha actuación unitaria ou conxunta).
  - ✓ Ao sur da D1-AR-5 deberían establecerse as cautelas oportunas para que a ordenación da zona O-3 e da propia AR-5 resulten congruentes.
- Polo que atinxe aos ámbitos de solo urbano non consolidado:
  - ✓ Con carácter xeral, nas fichas normativas para o desenvolvemento dos plans especiais de reforma interior, deberían establecerse unhas condicións de ordenación orientadas a garantir que se respecten, en cada caso, os factores ou elementos específicos que determinarán a integración paisaxística do desenvolvemento urbanístico. Pode tratarse, segundo o caso, da veciñanza con núcleos rurais (como ocorre na AR-1), a presenza de áreas arboradas de interese (na propia AR-1 e na AR-5), a existencia de diferentes tipoloxías de edificación nos bordos da actuación (en todos os casos), a colindancia coa contorna rústica (AR-4, AR-5), elementos singulares de interese (como a fonte do Campo e un edificio catalogado na AR-2, ou os accesos ao recinto feiral na AR-3), etc.
  - ✓ Para asegurar o cumprimento de tales condicións, os PERI deberían incorporar un estudo específico de integración paisaxística.
- Respecto aos ámbitos de solo urbanizable industrial, deben extremarse as precaucións de integración paisaxística. Por este motivo, se considera que o PXOM debe establecer que os plans de desenvolvemento dos sectores SUD-I1 e SUD-I2 deberían incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística, no que se realice unha análise detallada da visibilidade e a incidencia paisaxística da actuación, co fin de minimizar os impactos que poida producir a través de medidas correctoras e de integración paisaxística. Para tal efecto cómpre citar os seguintes aspectos:
  - ✓ Un sistema de espazos libres de vexetación natural de calidade que garanta e/ou mellore a funcionalidade do sistema hidrolóxico e flora asociada e incremente a calidade do espazo de traballo. Incluso a exclusión de urbanizar o sistema hidrolóxico e vexetación ribeirega por creación de canles artificiais, facendo un estudo dos cruces imprescindibles para a conectividade peonil e rodada do polígono.
  - ✓ O tratamento das zonas en contacto directo con cultivos ou asentamentos rurais, facendo reservas de espazos libres que fagan unha transición progresiva.
  - ✓ Establecemento de criterios cromáticos de conxunto (paleta de colores limitada e acorde coa contorna) para evitar sensación de confusión e focos de atención.
  - ✓ Análise das formas e liñas da paisaxe para adaptar os volumes, as alturas, o trazado das rúas e a posición relativa das naves.
  - ✓ A este respecto, o sector de uso industrial SUD-I1 do Parque Empresarial da Mera aínda que prevé a zona de espazos libres anexa á rede fluvial, en certos tramos vai pegado á ribeira, polo que debería optarse por un deseño menos recto, máis orgánico que permita dotar de continuidade a vexetación rupícola a ambas marxes do río.

CONCLUSIÓNS

Pode valorarse positivamente a análise e a consideración da paisaxe, en xeral, por parte do PXOM de Silleda, se ben debe tomar en consideración o contido do Catálogo da Paisaxe da comarca paisaxística de Deza.

Ademais, debe realizarse un estudo sobre a paisaxe urbana, tal como demandan as DOT, e con fundamento nel e nas observacións formuladas neste informe, pode mellorarse a ordenación prevista para Bandeira, Silleda e as zonas industriais do concello.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

Jose Luis Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio

Manuel Borobio Sanchiz

XUNTA DE GALICIA · INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO · CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

DE ASIS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 · 800 ANOS

Concello de Silleda

CONCELLO DE SILLEDA
20 AGO. 2015
NÚM. 1421
SAÍDA

En relación co PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA, dáselle traslado de copia do informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico relativo ó "ESTUDIO SIMPLIFICADO DA SUPERFICIE DE INUNDACIÓN DOS LEITOS DO CONCELLO DE SILLEDA"

Un saúdo.

Silleda, 19 de agosto de 2014.

A 2ª TENENTE DE ALCALDE

Asdo.: Ana Luisa González Costa (P.D. decreto de 31/07/2015)

eptisa
21 AGO. 2015
ENTRADA 2486

EPTISA.-

Rúa José Luis Pérez Cepeda, nº 5-7

15004 – A CORUÑA.-

XUNTA DE GALICIA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO
Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 141. Fax 981 541 943
augasdegalicia@xunta.es
http://augasdegalicia.xunta.es

augasdegalicia

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA (SERVIZOS CENTRAIS)
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 09/06/2015 14:01:00
SAÍDA 6214 / RX 774570

Concello de Silleda
Trasdeza, 55
36540 Silleda

ASUNTO: REMISIÓN INFORME

Remitimos o informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico relativo ó "ESTUDO SIMPLIFICADO DA SUPERFICIE DE INUNDACIÓN DOS LEITOS DO CONCELLO DE SILLEDA".

Santiago de Compostela 09 de xuño de 2015

Elvira Pereiras Míguez

CONCELLO DE SILLEDA
11 XUÑ. 2015
NÚM. 2643
ENTRADA

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

INFORME DE AUGAS DE GALICIA
ASUNTO: ESTUDIO SIMPLIFICADO DA SUPERFICIE DE INUNDACIÓN NOS CAUCES DO CONCELLO DE SILLEDA
PETICIONARIO: CONCELLO DE SILLEDA

Obxecto

Informe solicitado polo concello de Silleda sobre o "Estudio Simplificado da superficie de inundación nos cauces do concello de Silleda".

Antecedentes

Con data 18/01/2013 o concello de Silleda envía a documentación relativa ao "Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda", á Administración Hidráulica co gallo de solicitar informe. A documentación ten entrada en Augas de Galicia o 21 de xaneiro de 2013.

Con data 10/10/2013, Augas de Galicia emite informe favorable ao PXOM de Silleda, condicionado a que as observacións feitas no devandito informe quedan recollidas na documentación definitiva.

Con data 08/05/2015 o concello de Silleda envía a Augas de Galicia o "Estudio Simplificado da Superficie de Inundación nos cauces do concello de Silleda" de cara a xustificar a redución do solo rústico de protección de augas do PXOM. A documentación ten entrada neste organismo de conca o 12/05/2015.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia - Costa 2009-2015.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, e Real Decreto 903/2010 polo que se traspón ao ordenamento xurídico español.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

Analizada a documentación aportada co documento "Estudio Simplificado da superficie de inundación nos cauces do concello de Silleda" consistente en : Introdución, Metodoloxía, Análise dos resultados e Anexos, infórmase o seguinte:

O obxecto do estudio presentado é a xustificación da redución da banda de solo rústico de protección de augas á que fai referencia o informe de data 10/10/2013 de Augas de Galicia e o

artigo 32.2.d da Lei 9/2002,do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A xustificación proposta baséase na realización dun estudio hidrolóxico dos cauces do concello , calculando os caudales correspondentes aos periodos de retorno de 100 e 500 anos segundo o método racional. Realízanse as seguintes simplificacións: Pártese dunha cartografía 1/5000 con curvas de nivel cada 5 m; tómanse unhas seccións representativas (as máis desfavorables) e non se teñen en conta efectos puntuais. Debido as simplificacións propostas, a franxa de solo rústico de protección das augas increméntase de cara a obter unha maior seguridade do seguinte xeito: para cada sección tómase o valor máximo de ocupación calculado para cada unha das marxes; tramifícase a superficie considerada en 5,10,15,20,25,35,50,75 e 100 a cada lado do eixo do río, tomando sempre a franxa inmediatamente superior á calculada.

En diversos lugares da documentación, menciónase que o estudio non se poderá empregar para a avaliación de riscos de inundación, posto que se debería realizar un estudio con máis detalle.

Conclusión

Vista a documentación aportada, considérase a xustificación proposta para a redución da banda de solo rústico de protección de augas, no documento "Estudio Simplificado da superficie de inundación nos cauces do concello de Silleda" cumpre os requisitos mínimos esixidos por Augas de Galicia.

En todo caso recórdase que calquera actuación a realizar en dominio público hidráulico requirirá autorización administrativa do organismo de conca de conformidade co previsto no artigo 126 do RDPH. En todo caso, no DPH adoptaranse as medidas precisas para corrixir situacións que afecten a súa protección.

Na zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con **independencia da clasificación do solo** e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación, segundo o establecido no artigo 7.3, 9.4 e 78 do RDPH, calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da administración.

Do mesmo xeito recórdase que a zona de policía poderá modificarse segundo o establecido no artigo 9.2 do RDPH, cando concorra algunha das causas sinaladas no artigo 6.2 do TRLA, podendo ampliarse a zona de policía , se fosa necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en avenidas e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zona ou vías de de fluxo preferente solo se poderán autorizar polo organismo de conca aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugue de dita vía.

Destacar que calquera instrumento de planeamento derivado deste Plan Xeral de Ordenación deberá ser tamén informado por este organismo de conca, en virtude do establecido no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

Santiago de Compostela, 01 de xuño de 2015

O xefe da Área de Autorizacións e Concesións

Víctor Manuel Gómez Traba

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez